

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

9347 *Lei orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e a adolescencia fronte á violencia.*

FELIPE VI

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica:

PREÁMBULO

I

A loita contra a violencia na infancia é un imperativo de dereitos humanos. Para promover os dereitos dos nenos, nenas e adolescentes consagrados na Convención sobre os dereitos do neno é esencial asegurar e promover o respecto da súa dignidade humana e integridade física e psicolóxica, mediante a prevención de toda forma de violencia.

A protección das persoas menores de idade é unha obrigaación prioritaria dos poderes públicos, recoñecida no artigo 39 da Constitución española e en diversos tratados internacionais, entre os que destaca a mencionada Convención sobre os dereitos do neno, adoptada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas o 20 de novembro de 1989 e ratificada por España en 1990.

Os principais referentes normativos de protección infantil circunscritos ao ámbito de Nacións Unidas son os tres protocolos facultativos da citada convención e as observacións xerais do Comité dos Dereitos do Neno, que se encargan de conectar este marco de dereito internacional con realidades educativas, sanitarias, xurídicas e sociais que atinxen a nenos, nenas e adolescentes. No caso desta lei orgánica, son especialmente relevantes a Observación xeral número 12, de 2009, sobre o dereito a ser escoitado, a Observación xeral número 13, de 2011, sobre o dereito do neno e da nena a non ser obxecto de ningunha forma de violencia, e a Observación xeral número 14, de 2014, sobre que o interese superior do neno e da nena sexa considerado primordialmente.

A Unión Europea, pola súa parte, expresa a «protección dos dereitos do neno» a través do artigo 3 do Tratado de Lisboa e é un obxectivo xeral da política común, tanto no espazo interno como nas relacións exteriores.

O Consello de Europa, así mesmo, conta con estándares internacionais para garantir a protección dos dereitos das persoas menores de idade como son o Convenio para a protección dos nenos contra a explotación e o abuso sexual (Convenio de Lanzarote), o Convenio sobre prevención e loita contra a violencia contra a muller e a violencia doméstica (Convenio de Istambul), o Convenio sobre a loita contra a trata de seres humanos ou o Convenio sobre a ciberdelincuencia; ademais de incluír na Estratexia do Consello de Europa para os dereitos do neno (2016-2021) un chamamento a todos os Estados membros para erradicar toda forma de castigo físico sobre a infancia.

Esta lei orgánica relaciónase tamén cos compromisos e metas do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, así como da Axenda 2030 en varios ámbitos, e de forma moi específica coa meta 16.2: «Pór fin ao maltrato, á explotación, á trata e todas as formas de violencia e a tortura contra os nenos.» dentro do Obxectivo 16 de promover sociedades, xustas, pacíficas e inclusivas. As nenas, pola súa idade e sexo, moitas veces son

dobremente discriminadas ou agredidas. Por iso esta lei debe ter en conta as formas de violencia que as nenas sofren especificamente polo feito de seren nenas e así abordalas e previlas á vez que se incide en que só unha sociedade que educa en respecto e igualdade será capaz de erradicar a violencia cara ás nenas.

Consonte a Convención sobre os dereitos do neno e os outros referentes mencionados, España debe fomentar todas as medidas lexislativas, administrativas, sociais e educativas necesarias para garantir o dereito do neno, nena ou adolescente a se desenvolveren libre de calquera forma de violencia, prexuízo, abuso físico ou mental, descoido ou negligencia, malos tratos ou explotación.

O corpo normativo español incorporou importantes avances na defensa dos dereitos das persoas menores de idade, así como na súa protección fronte á violencia. Nesta evolución encaixa a reforma operada na Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, de modificación parcial do Código civil e da Lei de axuízamento civil, pola Lei orgánica 8/2015, do 22 de xullo, e a Lei 26/2015, do 28 de xullo, ambas de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia, que introduce como principio reitor da actuación administrativa o amparo das persoas menores de idade contra todas as formas de violencia, incluídas as producidas no seu ámbito familiar, de xénero, a trata e o tráfico de seres humanos e a mutilación xenital feminina, entre outras. Con acordo á lei, os poderes públicos teñen a obrigaición de desenvolver actuacións de sensibilización, prevención, asistencia e protección fronte a calquera forma de maltrato infantil, así como de establecer aqueles procedementos necesarios para asegurar a coordinación entre as administracións públicas competentes e, nesta orde, revisar en profundidade o funcionamento das institucións do sistema de protección ás persoas menores de idade e constituír, así, unha protección efectiva ante as situacións de risco e desamparo.

Neste contexto, o Pleno do Congreso dos Deputados, na súa sesión do 26 de xuño de 2014, acordou a creación dunha subcomisión de estudo para abordar o problema da violencia sobre os nenos e as nenas. Esta subcomisión adoptou cento corenta conclusións e propostas que deron lugar, en 2017, á aprobación da proposición non de lei pola que se instaba o Goberno, no ámbito das súas competencias e en colaboración coas comunidades autónomas, a iniciar os traballos para a aprobación dunha lei orgánica para erradicar a violencia sobre a infancia.

No entanto, a pesar dos ditos avances, o Comité de Dereitos do Neno, con ocasión do exame da situación dos dereitos da infancia en España en 2018, reiteroulle ao noso país a necesidade da aprobación dunha lei integral sobre a violencia contra os nenos e nenas, que debía resultar análoga no seu alcance normativo á aprobada no marco da violencia de xénero.

Por suposto, a aprobación dunha lei integral sobre a violencia contra os nenos, nenas e adolescentes non só responde á necesidade de introducir no noso ordenamento xurídico os compromisos internacionais asumidos por España na protección integral das persoas menores de idade, senón á relevancia dunha materia que conecta de forma directa co desenvolvemento san da nosa sociedade.

Como indica o Comité dos Dereitos do Neno na citada Observación xeral número 13, as graves repercusións da violencia e dos malos tratos sufridos polos nenos, nenas e adolescentes son sobradamente coñecidas. Eses actos, entre outras moitas consecuencias, poden causar lesións que poden provocar discapacidade; problemas de saúde física, como o atraso no desenvolvemento físico e a aparición posterior de enfermidades; dificultades de aprendizaxe incluídos problemas de rendemento na escola e no traballo; consecuencias psicolóxicas e emocionais como trastornos afectivos, trauma, ansiedade, inseguridade e destrución da autoestima; problemas de saúde mental como ansiedade e trastornos depresivos ou intentos de suicidio, e comportamentos prexudiciais para a saúde como o abuso de substancias adictivas ou a iniciación precoz na actividade sexual.

A violencia sobre persoas menores de idade é unha realidade execrable e estendida a pluralidade de fronteas. Pode pasar desapercibida en numerosas ocasións pola intimidade dos ámbitos en que ten lugar, tal é o caso das esferas familiar e escolar, ámbitos nos cales suceden a maior parte dos incidentes e que, en todo caso, deberan ser marcos de seguridade e desenvolvemento persoal para nenos, nenas e adolescentes. Ademais, é frecuente que nestes escenarios de violencia conflúan variables sociolóxicas, educativas,

culturais, sanitarias, económicas, administrativas e xurídicas, o que obriga a que calquera aproximación lexislativa sobre a cuestión requira un amplo enfoque multidisciplinar.

Cabe destacar que os nenos, nenas e adolescentes con discapacidade son suxeitos especialmente sensibles e vulnerables a esta tipoloxía de violencia, expostos de forma agravada aos seus efectos e con maiores dificultades para o acceso, en igualdade de oportunidades, ao exercicio dos seus dereitos.

Esta lei combate a violencia sobre a infancia e a adolescencia desde unha aproximación integral, nunha resposta extensa á natureza multidimensional dos seus factores de risco e consecuencias. A lei vai máis aló dos marcos administrativos e penetra en numerosas ordes xurisdiccionais para afirmar a súa vontade holística. Desde unha perspectiva didáctica, outorga unha prioridade esencial á prevención, á socialización e á educación, tanto entre as persoas menores de idade como entre as familias e a propia sociedade civil. A norma establece medidas de protección, detección precoz, asistencia, reintegración de dereitos vulnerados e recuperación da vítima, que encontran a súa inspiración nos modelos integrais de atención identificados como boas prácticas á hora de evitar a vitimización secundaria.

Esta lei é propicia á colaboración coas comunidades autónomas e evita o fraccionamento operativo que viña existindo nunha materia tan importante. Abre paso a un novo paradigma de prevención e protección común en todo o territorio do Estado fronte á vulneración de dereitos das persoas menores de idade e favorece que o conxunto das administracións públicas, no marco das súas respectivas competencias, reforce a súa implicación nun obxectivo de alcance xeral como é a loita contra a violencia sobre os nenos, nenas e adolescentes, totalmente consecuente cos compromisos internacionais do Estado.

A lei, en definitiva, atende o dereito dos nenos, nenas e adolescentes de non seren obxecto de ningunha forma de violencia, asume con rigor os tratados internacionais ratificados por España e vai un paso máis aló co seu carácter integral nas materias que asocia ao seu marco de efectividade, xa sexa na súa realidade estritamente substantiva como na súa vontade didáctica, divulgativa e cohesionadora.

II

A lei estrutúrase en 60 artigos, distribuídos nun título preliminar e cinco títulos, nove disposicións adicionais, unha disposición derogatoria e vinte e cinco disposicións derradeiras.

O título preliminar aborda o ámbito obxectivo e subxectivo da lei, recolle a definición do concepto de violencia sobre a infancia e a adolescencia, así como o bo trato, e establece os fins e criterios xerais da lei. Así mesmo, regula a formación especializada, inicial e continua, dos e das profesionais que teñan un contacto habitual con persoas menores de idade, e recolle a necesaria cooperación e colaboración entre as administracións públicas e, para tal efecto, establece a creación da Conferencia sectorial da infancia e a adolescencia, e a colaboración público-privada.

O título I recolle os dereitos dos nenos, nenas e adolescentes fronte á violencia, entre os que se encontran o seu dereito á información e asesoramento, a seren escoitados e escoitadas, á atención integral, a intervir no procedemento xudicial ou á asistencia xurídica gratuíta.

O título II está dedicado a regular o deber de comunicación das situacións de violencia. Neste sentido, establécese un deber xenérico, que afecta toda a cidadanía, de comunicar de forma inmediata á autoridade competente a existencia de indicios de violencia exercida sobre nenos, nenas ou adolescentes. Este deber de comunicación configúrase dunha forma máis exixente para aqueles colectivos que, por razón do seu cargo, profesión, oficio ou actividade, teñen encomendada a asistencia, o coidado, o ensino ou a protección de persoas menores de idade: persoal cualificado dos centros sanitarios, centros escolares, centros de deporte e lecer, centros de protección á infancia e de responsabilidade penal de menores, centros de acollida, de asilo e atención humanitaria e establecementos en que residan habitualmente nenos, nenas ou adolescentes. Nestes supostos establécese a obrigação das administracións públicas competentes de facilitar mecanismos adecuados de comunicación e intercambio de información.

Por outro lado, prevese a dotación por parte das administracións públicas competentes dos medios necesarios e accesibles para que sexan os propios nenos, nenas e adolescentes vítimas de violencia, ou que presenciaren unha situación de violencia, os que poidan comunicalo de forma segura e fácil. En relación con isto, recoñécese legalmente a importancia dos medios electrónicos de comunicación, tales como liñas telefónicas de axuda a nenos, nenas e adolescentes, que deberán ser gratuítas e que as administracións deberán promover, apoiar e divulgar.

Ademais, regúlase de forma específica o deber de comunicación da existencia de contidos na internet que constitúan unha forma de violencia ou abuso sobre os nenos, nenas ou adolescentes, sexan ou non constitutivos de delito, xa que o ámbito da internet e redes sociais é especialmente sensible para estes efectos.

En todo caso, a lei garante a protección e seguridade das persoas que cumpran co seu deber de comunicación de situacións de violencia, co obxectivo de incentivar o cumprimento de tal deber.

O título III, que regula a sensibilización, prevención e detección precoz, recolle no seu capítulo I a obrigação por parte da Administración xeral do Estado de dispor dunha estratexia de erradicación da violencia sobre a infancia e a adolescencia, con especial incidencia nos ámbitos familiar, educativo, sanitario, dos servizos sociais, das novas tecnoloxías, do deporte e o lecer e das forzas e corpos de seguridade.

O capítulo II recolle os diferentes niveis de actuación, incidindo na sensibilización, a prevención e a detección precoz. En concreto, afonda na necesidade de que as administracións públicas establezan plans e programas específicos de prevención da violencia sobre a infancia e a adolescencia, identificando grupos de risco e especificando os recursos orzamentarios para levalos a cabo. Tamén se apunta a necesidade de establecer medidas de sensibilización, prevención e detección precoz fronte aos procesos de radicalización e adoutramento que conducen á violencia. En canto á detección precoz, incídese na adopción de medidas que garantan a comunicación das situacións de violencia que fosen detectadas.

O capítulo III, dedicado ao ámbito familiar, parte da idea da familia, nas súas múltiples formas, como unidade básica da sociedade e medio natural para o desenvolvemento dos nenos, nenas e adolescentes, debe ser obxectivo prioritario de todas as administracións públicas, ao ser o primeiro chanzo da prevención da violencia sobre a infancia, e debe favorecer a cultura do bo trato, mesmo desde o momento da xestación.

Para isto, a lei reforza os recursos de asistencia, asesoramento e atención ás familias para evitar os factores de risco e aumentar os factores de prevención, o que exige unha análise de riscos nas familias que permita definir os obxectivos e as medidas que se aplicarán. Todos os proxenitores requiren apoios para desenvolver adecuadamente as súas responsabilidades parentais, e unha das súas implicacións é a necesidade de procurar eses apoios para exercer adecuadamente o seu rol. Por isto, antes ca os apoios con finalidade reparadora ou terapéutica, deben prestarse aqueles que teñan unha finalidade preventiva e de promoción do desenvolvemento da familia. Todas as políticas no ámbito familiar deben adoptar un enfoque positivo da intervención familiar para reforzar a autonomía e capacidade das familias e desterrar a idea de considerar as familias máis vulnerables como as únicas que necesitan apoios cando non funcionan adecuadamente.

Destaca na lei a referencia ao exercicio positivo da responsabilidade parental, como un concepto integrador que permite reflexionar sobre o papel da familia na sociedade actual e, ao mesmo tempo, desenvolver orientacións e recomendacións prácticas sobre como articular os seus apoios desde o ámbito das políticas públicas de familia.

Por isto, a lei establece medidas destinadas a favorecer e adquirir tales habilidades, sempre desde o punto de vista da individualización das necesidades de cada familia e dedicando unha especial atención á protección do interese superior da persoa menor de idade nos casos de ruptura familiar e de violencia de xénero no ámbito familiar.

O capítulo IV desenvolve diversas medidas de prevención e detección precoz da violencia nos centros educativos que se consideran imprescindibles se se ten en conta que se trata dun ámbito de socialización central na vida dos nenos, nenas e adolescentes. A regulación proposta

afonda e completa o marco establecido no artigo 124 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, ao establecer, xunto ao plan de convivencia recollido no dito artigo, a necesidade de protocolos de actuación fronte a indicios de abuso e maltrato, acoso escolar, ciberacoso, acoso sexual, violencia de xénero, violencia doméstica, suicidio, autolesión e calquera outra forma de violencia. Para o correcto funcionamento destes protocolos constitúese un coordinador ou coordinadora de benestar e protección en todos os centros educativos. Tamén se reflicte a necesaria capacitación das persoas menores de idade en materia de seguridade dixital.

O capítulo V regula a implicación da educación superior e do Consello de Universidades na loita contra a violencia sobre a infancia e a adolescencia.

As medidas contidas no capítulo VI respecto ao ámbito sanitario oriéntanse desde a necesaria colaboración das administracións sanitarias no seo do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde. Neste marco, establécese o compromiso de crear unha nova comisión fronte á violencia nos nenos, nenas e adolescentes co mandato de elaborar un protocolo común de actuación sanitaria para a erradicación da violencia sobre a infancia e a adolescencia. Ademais, no marco da atención universal a todas aquelas persoas menores de idade en situación de violencia, garántese unha atención á saúde mental integral e adecuada á súa idade.

O capítulo VII reforza o exercicio das funcións de protección dos nenos, nenas e adolescentes por parte dos funcionarios que desenvolven a súa actividade profesional nos servizos sociais. Neste sentido, atribúeselles a condición de axentes da autoridade, para que poidan desenvolver eficazmente as súas funcións en materia de protección de persoas menores de idade, debido á posibilidade de verse expostos a actos de violencia ou posibles situacións de alta conflitividade, como as relacionadas coa posible retirada do menor da súa familia en casos de desamparo.

Ademais, establécese a necesidade de deseñar un plan de intervención familiar individualizado, coa participación do resto de administracións, xudicatura e axentes sociais implicados, así como un sistema de seguimento e rexistro de casos que permita avaliar a eficacia das distintas medidas postas en marcha.

O capítulo VIII regula as actuacións que deben realizar e promover as administracións públicas para garantir o uso seguro e responsable da internet por parte dos nenos, nenas e adolescentes, familias, persoal educador e profesionais que traballen con persoas menores de idade.

O capítulo IX, dedicado ao ámbito do deporte e o lecer, establece a necesidade de contar con protocolos de actuación fronte á violencia neste ámbito e establece determinadas obrigacións ás entidades que realizan actividades deportivas ou de lecer con persoas menores de idade de forma habitual, entre as que destaca o establecemento da figura do delegado ou delegada de protección.

O capítulo X céntrase no ámbito das forzas e corpos de seguridade e consta de dous artigos. O primeiro deles asegura que todas as forzas e corpos de seguridade, en todos os seus niveis (estatal, autonómico, local), dispoñan de unidades especializadas na investigación e prevención, detección e actuación de situacións de violencia sobre persoas menores de idade e preparadas para unha correcta e adecuada actuación ante tales casos, así como que todos os integrantes dos corpos policiais reciban formación específica para o tratamento deste tipo de situacións.

O segundo artigo establece cales deben ser os criterios de actuación policial en casos de violencia sobre a infancia e a adolescencia, a cal debe estar presidida polo respecto aos dereitos dos nenos, nenas e adolescentes e pola consideración do seu interese superior. Sen prexuízo dos protocolos de actuación a que están suxeitos os membros das forzas e corpos de seguridade, a lei recolle unha relación de criterios de actuación obrigatorios, cuxa principal finalidade é lograr o bo trato ao neno, nena ou adolescente vítima de violencia e evitar a vitimización secundaria.

Entre eses criterios de actuación obrigatorios, é especialmente relevante a obrigación de evitar, con carácter xeral, a toma de declaración á persoa menor de idade, salvo naqueles supostos en que sexa absolutamente necesaria. Isto é coherente coa reforma da Lei de axuizamento criminal, aprobada polo Real decreto do 14 de setembro de 1882, pola

que se pauta como obrigatoria a práctica de proba preconstituída polo órgano instrutor. O obxectivo desta lei é que a persoa menor de idade realice unha única narración dos feitos, ante o xulgado de instrución, sen que sexa necesario que o faga nin con anterioridade nin con posterioridade a ese momento.

O capítulo XI regula as competencias da Administración xeral do Estado no exterior en relación coa protección dos intereses dos menores de nacionalidade española que se encontren no estranxeiro.

Por último, o capítulo XII recolle o papel da Axencia Española de Protección de Datos na protección de datos persoais, garantindo os dereitos dixitais das persoas menores de idade ao establecer unha canle accesible e a retirada inmediata dos contidos ilícitos.

O título IV, sobre actuacións en centros de protección de persoas menores de idade, establece a obrigatoriedade dos centros de protección de aplicar protocolos de actuación, cuxa eficacia se someterá a avaliación, e que recollerán as actuacións que se seguirán para previr, detectar precozmente e actuar ante posibles situacións de violencia. Así mesmo, establécese unha atención reforzada, no marco dos protocolos anteriormente citados, ás actuacións específicas de prevención, detección precoz e intervención en posibles casos de abuso, explotación sexual e trata de seres humanos que teñan como vítimas persoas menores de idade suxeitas a medida protectora e que residan en centros residenciais.

Ademais, establécese a oportuna supervisión por parte do Ministerio Fiscal dos centros de protección de menores e prevese a necesaria conexión informática coas entidades públicas de protección á infancia, así como a permanente comunicación destas co Ministerio Fiscal e, se for o caso, coa autoridade xudicial que acordou o ingreso.

O título V, dedicado á organización administrativa, recolle no seu capítulo I o compromiso para a creación dun rexistro central de información sobre a violencia contra a infancia e a adolescencia, ao cal deberán remitir información as administracións públicas, o Consello Xeral do Poder Xudicial e as forzas e corpos de seguridade.

O capítulo II, pola súa parte, introduce unha regulación específica en relación coa certificación negativa do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais, que pasa a denominarse Rexistro Central de Delincuentes Sexuais e de Trata de Seres Humanos, desenvolvendo e ampliando a protección das persoas menores de idade a través do perfeccionamento do sistema de exixencia do requisito de non ter cometido delitos contra a liberdade ou indemnidade sexuais ou de trata de seres humanos para desenvolver actividades que supoñan contacto habitual con persoas menores de idade.

Introdúcese unha definición acerca de que debe entenderse, para os efectos da lei, por profesións, oficios e actividades que implican contacto habitual con persoas menores de idade, e limítanse a aquelas que, pola súa propia esencia, comportan un trato repetido, directo e regular, e non meramente ocasional, con nenos, nenas e adolescentes. En todo caso, quedan incluídas aquelas actividades ou servizos que se dirixan especificamente a eles.

Co fin de ampliar a protección, esténdese a obrigação de acreditar o requisito de non ter cometido delitos contra a liberdade e indemnidade sexuais a todos os traballadores e traballadoras, por conta propia ou allea, tanto do sector público como do privado, así como ás persoas voluntarias.

Ademais, establécese o sentido negativo do silencio administrativo nos procedementos de cancelación de antecedentes por delitos de natureza sexual iniciados por solicitude da persoa interesada.

Polo que respecta ás disposicións adicionais, establécese nelas a necesaria dotación orzamentaria no ámbito da Administración de xustiza e dos servizos sociais para loitar contra a vitimización secundaria e cumprir as novas obrigações encomendadas pola lei, respectivamente, o mandato ás administracións públicas, no ámbito das súas competencias, para priorizar as solucións habitacionais ante os desafuzamentos de familias en que algún dos seus integrantes sexa unha persoa menor de idade, o seguimento dos datos de opinión pública sobre a violencia cara á infancia e adolescencia, a través da realización de enquisas periódicas, o cumprimento da normativa vixente en materia de gastos de persoal, a actualización das referencias ao Rexistro Central de Delincuentes Sexuais e ao Rexistro Unificado de Maltrato Infantil. Así mesmo, a disposición

adicional sexta encomenda ao Goberno, no prazo dun ano, establecer os mecanismos necesarios para que sexa realizada polas administracións, empresas ou outras entidades a comprobación automatizada da existencia de antecedentes. Pola súa parte, a disposición adicional sétima recolle o compromiso para a creación dunha comisión de seguimento encargada de analizar a posta en marcha da lei, as súas repercusións xurídicas e económicas e avaliación do seu impacto. A disposición adicional oitava garante aos nenos e nenas en necesidade de protección internacional o acceso ao territorio e a un procedemento de asilo con independencia da súa nacionalidade e da súa forma de entrada en España, nos termos establecidos na Lei 12/2009, do 30 de outubro, reguladora do dereito de asilo e de protección subsidiaria. Por último, a disposición adicional novena mandata o Goberno para regular o réxime de Seguridade Social das persoas acolledoras especializadas de dedicación exclusiva.

Por último, cabe destacar a modificación levada a cabo de diferentes corpos normativos a través das disposicións derradeiras da lei.

A disposición derradeira primeira está dedicada á modificación da Lei de axuízamento criminal.

Nos puntos primeiro e segundo outórgase unha maior seguridade xurídica tanto ás vítimas como ás persoas prexudicadas por un delito. Así, modifícanse os artigos 109 bis e 110 para reflectir a actual xurisprudencia que permite a constitución en parte destas, unha vez que transcorre o prazo para formular o escrito de acusación, sempre que se adhiran ao escrito de acusación formulado polo Ministerio Fiscal ou polo resto das acusacións constituídas en parte. Desta forma, garántese o dereito á tutela xudicial efectiva das vítimas do delito á vez que se respecta o dereito de defensa das persoas investigadas.

No terceiro punto modifícase o artigo 261 e establécese unha excepción ao réxime xeral de dispensa da obriga de denunciar, ao determinar a obriga de denunciar do cónxuxe e familiares próximos da persoa que cometese un feito delituoso cando se trate dun delito grave cometido contra unha persoa menor de idade ou con discapacidade necesitada de especial protección, para adaptar a nosa lexislación ás exixencias do Convenio de Lanzarote. Igualmente, no punto catro modifícase o artigo 416, de forma que se establecen unha serie de excepcións á dispensa da obriga de declarar, co fin de protexer no proceso penal as persoas menores de idade ou con discapacidade necesitadas de especial protección.

Os puntos quinto a décimo cuarto regulan de forma completa e sistemática a proba preconstituída e fixan os requisitos necesarios para a súa validez. Ademais, modifícase a regulación das medidas cautelares con carácter penal e de natureza civil que poden adoptarse durante o proceso penal e que poidan afectar de calquera modo persoas menores de idade ou con discapacidade necesitadas de especial protección.

En relación coa proba preconstituída, é un instrumento adecuado para evitar a vitimización secundaria, particularmente eficaz cando as vítimas son persoas menores de idade ou persoas con discapacidade necesitadas de especial protección. Atendendo á súa especial vulnerabilidade, establécese a súa obrigatoriedade cando a testemuña sexa unha persoa menor de catorce anos ou unha persoa con discapacidade necesitada de especial protección. Nestes supostos a autoridade xudicial, practicada a proba preconstituída, só poderá acordar motivadamente a súa declaración no acto do xuízo oral, cando, solicitada por unha das partes, se considere necesario.

Por tanto, convértese en excepcional a declaración en xuízo dos menores de catorce anos ou das persoas con discapacidade necesitadas de especial protección e establécese como norma xeral a práctica da proba preconstituída en fase de instrución e a súa reprodución no acto do xuízo para evitar que o lapso temporal entre a primeira declaración e a data de xuízo oral afecten a calidade do relato, así como a vitimización secundaria de vítimas especialmente vulnerables.

A disposición derradeira segunda modifica o artigo 92 do Código civil para reforzar o interese superior do menor nos procesos de separación, nulidade e divorcio, así como para asegurar que existan as cautelas necesarias para o cumprimento dos réximes de garda e custodia.

Así mesmo, modifícase o artigo 154 do Código civil, co fin de establecer con claridade que a facultade de decidir o lugar de residencia dos fillos e fillas menores de idade forma parte do contido da potestade que, por regra xeral, corresponde a ambos os proxenitores. Isto implica que, salvo suspensión, privación da potestade ou atribución exclusiva da dita facultade a un dos proxenitores, se require o consentimento de ambos ou, na súa falta, autorización xudicial para o traslado da persoa menor de idade, con independencia da medida que se adoptase en relación coa súa garda ou custodia, como así fixaron xa explicitamente algunhas comunidades autónomas. Así, acláranse as posibles dúbidas interpretativas cos conceptos autónomos da normativa internacional, concretamente, o Regulamento 2201/2003 do Consello, do 27 de novembro de 2003, relativo á competencia, ao recoñecemento e á execución de resolucións xudiciais en materia matrimonial e de responsabilidade parental, polo que se derroga o Regulamento (CE) n.º 1347/2000, e o Convenio relativo á competencia, á lei aplicable, ao recoñecemento, á execución e á cooperación en materia de responsabilidade parental e de medidas de protección dos nenos, feito na Haia o 19 de outubro de 1996, nos seus artigos 2, 9 e 3, respectivamente, xa que na normativa internacional a custodia e a garda comprenden o dereito de decidir sobre o lugar de residencia da persoa menor de idade, ao ser un concepto autónomo que non coincide nin debe confundirse co contido do que se entende por garda e custodia nas nosas leis internas. Ese cambio completa a vixente redacción do artigo 158 do Código civil, que prevé como medidas de protección «As medidas necesarias para evitar a subtracción dos fillos menores por algún dos proxenitores ou por terceiras persoas e, en particular, o sometemento a autorización xudicial previa de calquera cambio de domicilio do menor».

Modifícase o artigo 158 do Código civil, co fin de que o xuíz poida acordar a suspensión cautelar no exercicio da patria potestade e/ou no exercicio da garda e custodia, a suspensión cautelar do réxime de visitas e comunicacións establecido en resolución xudicial ou convenio xudicialmente aprobado e, en xeral, as demais disposicións que considere oportunas, co fin de apartar o menor dun perigo ou de evitarlle prexuízos no seu ámbito familiar ou fronte a terceiras persoas, coa garantía da audiencia da persoa menor de idade.

Por último, modifícase o artigo 172.5 do Código civil, que regula os supostos de cesación da tutela e da garda provisional das entidades públicas de protección, ampliando de 6 a 12 meses o prazo desde que o menor abandonou voluntariamente o centro.

A disposición derradeira terceira, correspondente á modificación da Lei orgánica 1/1979, do 26 de setembro, xeral penitenciaria, establece programas específicos para as persoas internas condenadas por delitos relacionados coa violencia sobre a infancia e adolescencia co fin de evitar a reincidencia, así como o seu seguimento para a concesión de permisos e a liberdade condicional.

A disposición derradeira cuarta destínase á modificación da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial. Mediante esta modificación régúlase a necesidade de formación especializada nas carreiras xudicial e fiscal, no corpo de letrados e no resto de persoal ao servizo da Administración de xustiza, exixida por toda a normativa internacional, na medida en que as materias relativas á infancia e a persoas con discapacidade se refiren a colectivos vulnerables. Así mesmo, establécese a posibilidade de que, nas unidades administrativas, entre as que se encontran os institutos de medicina legal e ciencias forenses e as oficinas de asistencia ás vítimas, dependentes do Ministerio de Xustiza, se incorporen como funcionarios outros profesionais especializados nas distintas áreas de actuación destas unidades, para reforzar, así, o carácter multidisciplinar da asistencia que se prestará ás vítimas.

A disposición derradeira quinta modifica a Lei 34/1988, do 11 de novembro, xeral de publicidade, co obxecto de declarar ilícita tanto a publicidade que incite a calquera forma de violencia ou discriminación sobre as persoas menores de idade como aquela que fomenta estereotipos de carácter sexista, racista, estético, homofóbico ou transfóbico ou por razóns de discapacidade.

A disposición derradeira sexta relativa á modificación da Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal, incorpora diferentes modificacións de importante calado.

Dáse unha nova regulación aos delitos de odio, comprendidos nos artigos 22.4, 314, 511, 512 e 515.4 do Código penal. Para isto, a idade foi incorporada como unha causa de

discriminación, nunha vertente dual, pois non só aplica aos nenos, nenas e adolescentes, senón a outro colectivo sensible que require amparo, como son as persoas de idade avanzada. Así mesmo, dentro do espírito de protección que impulsa este texto lexislativo, aproveitouse a reforma para incluír a aporofobia e a exclusión social dentro destes tipos penais, que responde a un fenómeno social no cal na actuación delituosa subxace o rexeitamento, aversión ou desprezo ás persoas pobres, sendo un motivo expresamente mencionado no artigo 21 da Carta de dereitos fundamentais da Unión Europea.

Esténdese o tempo de prescrición dos delitos máis graves cometidos contra as persoas menores de idade modificando o día de comezo de cómputo do prazo: o prazo de prescrición contarase a partir de que a vítima faga os trinta e cinco anos de idade. Con isto evítase a existencia de espazos de impunidade en delitos que estatisticamente se probaron de lenta asimilación nas vítimas no plano psicolóxico e, moitas veces, de tardía detección.

Elimínase o perdón da persoa ofendida como causa de extinción da responsabilidade criminal, cando a vítima do delito sexa unha persoa menor de dezoito anos, completando deste modo a protección dos nenos, nenas e adolescentes ante delitos perseguibles por instancia de parte.

Configúrase como obrigatoria a imposición da pena de privación da patria potestade aos penados por homicidio ou por asasinato en dúas situacións: cando o autor e a vítima teñan en común un fillo ou unha filla e cando a vítima sexa fillo ou filla do autor.

Incrementábase a idade a partir da cal se aplicará o subtipo agravado do delito de lesións do artigo 148.3, dos doce aos catorce anos, posto que resulta unha esfera de protección máis apropiada en atención á vulnerabilidade que se manifesta na sinalada franxa vital.

Modifícase a redacción do tipo agravado de agresión sexual, do tipo de abusos e agresións sexuais a menores de dezaseis anos e dos tipos de prostitución e explotación sexual e corrupción de menores (artigos 180, 183, 188 e 189) co fin de adecuar a súa redacción á realidade actual e ás previsións da presente lei. Ademais, modifícase o artigo 183 quáter, para limitar o efecto de extinción da responsabilidade criminal polo consentimento libre do menor de dezaseis anos unicamente aos delitos previstos nos artigos 183, número 1, e 183 bis, parágrafo primeiro, inciso segundo, cando o autor sexa unha persoa próxima á persoa menor por idade e grao de desenvolvemento ou madurez física e psicolóxica, sempre que os actos non constitúan un atentado contra a liberdade sexual da persoa menor de idade.

Modifícase o tipo penal de subtracción de persoas menores de idade do artigo 225 bis, permitindo que poidan ser suxeito activo deste tanto o proxenitor que conviva habitualmente coa persoa menor de idade como o proxenitor que unicamente o teña na súa compañía nun réxime de estadias.

Por último, créanse novos tipos delituosos para evitar a impunidade de condutas realizadas a través de medios tecnolóxicos e da comunicación, que producen graves riscos para a vida e a integridade das persoas menores idade, así como unha grande alarma social. Castíganse aqueles que, a través destes medios, promovan o suicidio, a autolesión ou os trastornos alimenticios entre persoas menores de idade, así como a comisión de delitos de natureza sexual contra estas. Ademais, prevese expresamente que as autoridades xudiciais retirarán estes contidos da rede para evitar a persistencia delituosa.

A disposición derradeira sétima modifica a Lei 1/1996, do 10 de xaneiro, de asistencia xurídica gratuíta, recoñecendo o dereito á asistencia xurídica gratuíta ás persoas menores de idade e ás persoas con discapacidade necesitadas de especial protección cando sexan vítimas de delitos violentos graves con independencia dos seus recursos para litigar.

A disposición derradeira oitava correspondente á modificación da Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, de modificación parcial do Código civil e da Lei de axuízamento civil, completa a revisión do sistema de protección da infancia e adolescencia levada a cabo no ano 2015 coa descrición dos indicadores de risco para a valoración da situación de risco. Así mesmo, introdúcese un novo artigo 14 bis para facilitar o labor dos servizos sociais en casos de urxencia. Por último, establécese un sistema de garantías nos sistemas de protección á infancia, de que deben coidar as entidades públicas de protección, en especial respecto de nenos, nenas e adolescentes en situación

de vulnerabilidade, como é o caso dos nenos ou nenas que chegan sós a España ou dos nenos, nenas e adolescentes privados de coidado parental.

A reforma operada na citada Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, complétase coa introdución dos artigos 20 ter a 20 quinquies co fin de regular as condicións e o procedemento aplicable ás solicitudes de acollemento transfronteirizo de menores procedentes dun Estado membro da Unión Europea ou dun Estado parte do Convenio da Haia de 1996. A autoridade central española debe garantir o cumprimento nestes casos dos dereitos do neno e asegurarse que a medida de protección que se pretende executar en España protexa o seu interese superior. Tamén se regula o procedemento para a transmisión das solicitudes de acollemento transfronteirizo desde España a outro Estado membro da Unión Europea, conforme os regulamentos (CE) n.º 2201/2003 do Consello, do 27 de novembro de 2003, relativo á competencia, ao recoñecemento e á execución de resolucións xudiciais en materia matrimonial e de responsabilidade parental, polo que se derroga o Regulamento (CE) n.º 1347/2000 e (UE) 2019/1111 do Consello, do 25 de xuño de 2019, relativo á competencia, ao recoñecemento e á execución de resolucións en materia matrimonial e de responsabilidade parental, e sobre a subtracción internacional de menores, ou a un Estado parte do citado Convenio da Haia de 1996.

Deste modo, dáse cumprimento non só ás obrigacións derivadas de convenios internacionais, senón que se adecúa a nova redacción aos últimos criterios xurisprudenciais tanto do Tribunal Constitucional na Sentenza do Pleno 64/2019, do 9 de maio de 2019, como do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos na Sentenza do 11 de outubro de 2016.

A disposición derradeira novena modifica os artigos 779 e 780 da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil, para fixar un prazo máximo de tres meses, desde a súa iniciación, nos procedementos en que se substancie a oposición ás resolucións administrativas en materia de protección de menores. Ademais, prevese que as persoas menores de idade poderán elixir, elas mesmas, os seus defensores, redúcense os prazos do procedemento e prevese a posibilidade de que se adopten medidas cautelares.

A disposición derradeira décima modifica o artigo 1 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, para facer constar que a violencia de xénero a que se refire a dita lei tamén comprende a violencia que co obxectivo de causar prexuízo ou dano ás mulleres se exerza sobre os seus familiares ou achegados menores de idade.

A disposición derradeira décimo primeira modifica o artigo 4 da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores, referido aos dereitos das vítimas dos delitos cometidos por persoas menores de idade, co fin de configurar novos dereitos das vítimas de delitos de violencia de xénero cando o autor dos feitos sexa unha persoa menor de dezoito anos, adaptando o previsto no artigo ao artigo 7.3 da Lei 4/2015, do 27 de abril, do Estatuto da vítima do delito.

A disposición derradeira décimo segunda modifica o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto, introducindo unha nova infracción na orde social polo feito de dar ocupación a persoas con antecedentes de natureza sexual en actividades relacionadas con persoas menores de idade.

A disposición derradeira décimo terceira pola que se modifica a Lei 41/2002, do 14 de novembro, básica reguladora da autonomía do paciente e de dereitos e obrigacións en materia de información e documentación clínica, establece que os rexistros relativos á atención das persoas menores de idade vítimas de violencia deben constar na historia clínica. Isto permitirá facer un mellor seguimento dos casos, así como estimar a magnitude deste problema de saúde pública e facilitar a súa vixilancia.

A disposición derradeira décimo cuarta modifica a Lei 44/2003, do 21 de novembro, de ordenación das profesións sanitarias, en relación coa expedición dos títulos de especialista en Ciencias da Saúde.

A disposición derradeira décimo quinta modifica a Lei 15/2015, do 2 de xullo, da xurisdición voluntaria, co fin de asegurar o dereito do neno, nena e adolescente a ser

escoitado nos expedientes do seu interese, salvagardando o seu dereito de defensa, a expresarse libremente e garantindo a súa intimidade.

A disposición derradeira décimo sexta modifica a Lei orgánica 7/2015, do 21 de xullo, pola que se modifica a Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, para actualizar a denominación da especialidade en Medicina Legal e Forense.

A disposición derradeira décimo sétima manda o Goberno para que, no prazo de seis meses desde a aprobación desta lei, cree o Consello Estatal de Participación da Infancia e da Adolescencia.

A disposición derradeira décimo oitava establece o título competencial, indicando que esta lei se dita ao abeiro do previsto no artigo 149.1, 1.^a, 2.^a, 5.^a, 6.^a, 7.^a, 8.^a, 16.^a, 18.^a, 27.^a, 29.^a e 30.^a da Constitución española.

A disposición derradeira décimo novena establece o carácter ordinario de determinadas disposicións.

A disposición derradeira vixésima prevé un mandato ao Goberno para a elaboración de dous proxectos de lei co fin de establecer a especialización da xurisdición penal e civil, así como do Ministerio Fiscal. Igualmente, establécese que as administracións competentes regularán en idéntico prazo a composición e o funcionamento dos equipos técnicos que presten asistencia especializada aos órganos xudiciais especializados en infancia e adolescencia para a consecución da mellora na resposta xudicial, desde un enfoque multidisciplinar, e a protección igualitaria, adecuada e uniforme dos dereitos da infancia e das persoas con discapacidade.

A disposición derradeira vixésimo primeira regula a autorización ao Consello de Ministros e aos titulares de Dereitos Sociais e Axenda 2030, Xustiza e Interior para ditaren cantas normas sexan necesarias para o seu desenvolvemento, cunha especial referencia ao réxime aplicable ás medidas de contención e seguridade nos centros de protección e reforma de menores.

As disposicións derradeiras vixésimo segunda e vixésimo terceira regulan a necesaria adaptación da normativa incompatible co previsto nela e a incorporación do dereito da Unión Europea, respectivamente.

A disposición derradeira vixésimo cuarta manda o Goberno, no prazo de doce meses desde a aprobación desta lei, para que proceda ao desenvolvemento normativo do procedemento para a determinación da idade dos menores.

Por último, a disposición derradeira vixésimo quinta regula a entrada en vigor desta lei.

III

Durante a tramitación da lei solicitouse informe do Consello Económico e Social, do Consello Fiscal, da Axencia Española de Protección de Datos, do Consello Nacional da Discapacidade, do Consello Estatal de Organizacións non Governamentais de Acción Social e da Comisión para o Diálogo Civil coa Plataforma do Terceiro Sector. Así mesmo, consultáronse as comunidades autónomas, así como as entidades locais a través da Federación Española de Municipios e Provincias. Finalmente, o Consello Territorial de Servizos Sociais e Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, así como a Comisión Delegada, e o Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde e o seu Comité Consultivo emitiron informe sobre a lei.

Esta lei é coherente cos principios de boa regulación establecidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Do exposto nos parágrafos anteriores ponse de manifesto o cumprimento dos principios de necesidade e eficacia, dado que, mediante esta lei, se dá resposta á necesidade de contar cun marco normativo que regule un sistema de protección integral e uniforme en todo o territorio do Estado fronte á vulneración de dereitos que significa a violencia sobre a infancia e a adolescencia, fronte á fragmentación do modelo actual, garantindo desta forma unha maior protección das persoas menores de idade. Así mesmo, a lei é acorde co principio de proporcionalidade, ao conter a regulación imprescindible para a consecución dos obxectivos previamente mencionados e, igualmente, axústase ao principio de seguridade xurídica en canto que a lei é coherente co ordenamento xurídico nacional e internacional, xa

que cumpre co establecido no artigo 19 da Convención sobre os dereitos do neno que sinala a obrigaición dos Estados parte de protexer os nenos, nenas e adolescentes contra toda forma de maltrato e coas recomendacións feitas polo Comité dos Dereitos do Neno a España en 2010 e 2018. En canto ao principio de transparencia, durante a tramitación da norma realizouse o trámite de consulta pública previa, así como o trámite de información pública, de conformidade co previsto no artigo 26, números 2 e 6, da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno. Por último, con respecto ao principio de eficiencia, ben que supón un aumento das cargas administrativas, estas son as mínimas imprescindibles para a consecución dos obxectivos da lei e en ningún caso innecesarias.

Como se menciona, a reforma completa a incorporación ao dereito español dos artigos 3, números 2 a 4, 6 e 9, letras a), b) e g) da Directiva 2011/93/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de decembro de 2011, relativa á loita contra os abusos sexuais e a explotación sexual dos menores e a pornografía infantil, e pola que se substitúe a Decisión marco 2004/68/JAI do Consello.

TÍTULO PRELIMINAR

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

1. A lei ten por obxecto garantir os dereitos fundamentais dos nenos, nenas e adolescentes á súa integridade física, psíquica, psicolóxica e moral fronte a calquera forma de violencia, asegurando o libre desenvolvemento da súa personalidade e establecendo medidas de protección integral, que inclúan a sensibilización, a prevención, a detección precoz, a protección e a reparación do dano en todos os ámbitos en que se desenvolve a súa vida.

2. Para os efectos desta lei, enténdese por violencia toda acción, omisión ou trato negligente que priva as persoas menores de idade dos seus dereitos e benestar, que ameaza ou interfere o seu ordenado desenvolvemento físico, psíquico ou social, con independencia da súa forma e medio de comisión, incluída a realizada a través das tecnoloxías da información e da comunicación, especialmente a violencia dixital.

En calquera caso, entenderase por violencia o maltrato físico, psicolóxico ou emocional, os castigos físicos, humillantes ou denigrantes, o descoido ou trato negligente, as ameazas, inxurias e calumnias, a explotación, incluíndo a violencia sexual, a corrupción, a pornografía infantil, a prostitución, o acoso escolar, o acoso sexual, o ciberacoso, a violencia de xénero, a mutilación xenital, a trata de seres humanos con calquera fin, o matrimonio forzado, o matrimonio infantil, o acceso non solicitado á pornografía, a extorsión sexual, a difusión pública de datos privados, así como a presenza de calquera comportamento violento no seu ámbito familiar.

3. Enténdese por bo trato para os efectos da presente lei aquel que, respectando os dereitos fundamentais dos nenos, nenas e adolescentes, promove activamente os principios de respecto mutuo, dignidade do ser humano, convivencia democrática, solución pacífica de conflitos, dereito a igual protección da lei, igualdade de oportunidades e prohibición de discriminación dos nenos, nenas e adolescentes.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

1. A presente lei é de aplicación ás persoas menores de idade que se encontren en territorio español, con independencia da súa nacionalidade e da súa situación administrativa de residencia, e aos menores de nacionalidade española no exterior nos termos establecidos no artigo 51.

2. As obrigacións establecidas nesta lei serán exixibles a todas as persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, que actúen ou se encontren en territorio español. Para estes efectos, entenderase que unha persoa xurídica se encontra en territorio español cando teña domicilio social, sede de enderezo efectivo, sucursal, delegación ou establecemento de calquera natureza en territorio español.

Artigo 3. *Fins.*

As disposicións desta lei perseguen os seguintes fins:

a) Garantir a implementación de medidas de sensibilización para o rexeitamento e eliminación de todo tipo de violencia sobre a infancia e a adolescencia, dotando os poderes públicos, os nenos, nenas e adolescentes e as familias de instrumentos eficaces en todos os ámbitos, das redes sociais e internet, especialmente no familiar, educativo, sanitario, dos servizos sociais, do ámbito xudicial, das novas tecnoloxías, do deporte e o lecer, da Administración de xustiza e das forzas e corpos de seguridade.

b) Establecer medidas de prevención efectivas fronte á violencia sobre a infancia e a adolescencia, mediante unha información adecuada aos nenos, nenas e adolescentes, a especialización e a mellora da práctica profesional nos distintos ámbitos de intervención, o acompañamento das familias, dotándoas de ferramentas de parentalidade positiva, e o reforzo da participación das persoas menores de idade.

c) Impulsar a detección precoz da violencia sobre a infancia e a adolescencia mediante a formación interdisciplinar, inicial e continua dos e das profesionais que teñen contacto habitual cos nenos, nenas e adolescentes.

d) Reforzar os coñecementos e habilidades dos nenos, nenas e adolescentes para que sexan parte activa na promoción do bo trato e poidan recoñecer a violencia e reaccionar fronte a ela.

e) Reforzar o exercicio do dereito dos nenos, nenas e adolescentes a seren oídos, escoitados e a que as súas opinións sexan tidas en conta debidamente en contextos de violencia contra eles, asegurando a súa protección e evitando a súa vitimización secundaria.

f) Fortalecer o marco civil, penal e procesual para asegurar a tutela xudicial efectiva dos nenos, nenas e adolescentes vítimas de violencia.

g) Fortalecer o marco administrativo para garantir unha mellor tutela administrativa dos nenos, nenas e adolescentes vítimas de violencia.

h) Garantir a reparación e restauración dos dereitos das vítimas menores de idade.

i) Garantir a especial atención aos nenos, nenas e adolescentes que se encontren en situación de especial vulnerabilidade.

j) Garantir a erradicación e a protección fronte a calquera tipo de discriminación e a superación dos estereotipos de carácter sexista, racista, homofóbico, bifóbico, transfóbico ou por razóns estéticas, de discapacidade, de enfermidade, de aporofobia ou exclusión social ou por calquera outra circunstancia ou condición persoal, familiar, social ou cultural.

k) Garantir unha actuación coordinada e colaboración constante entre as distintas administracións públicas e os e as profesionais dos diferentes sectores implicados na sensibilización, prevención, detección precoz, protección e reparación.

l) Abordar e erradicar, desde unha visión global, as causas estruturais que provocan que a violencia contra a infancia teña cabida na nosa sociedade.

m) Establecer os protocolos, mecanismos e calquera outra medida necesaria para a creación de contornos seguros, de bo trato e inclusivos para toda a infancia en todos os ámbitos desenvolvidos nesta lei en que a persoa menor de idade leva a cabo a súa vida. Entenderase como contorno seguro aquel que respecte os dereitos da infancia e promova un ambiente protector físico, psicolóxico e social, incluído o contorno dixital.

n) Protexer a imaxe do menor desde o seu nacemento até despois do seu falecemento.

Artigo 4. *Criterios xerais.*

1. Serán de aplicación os principios e criterios xerais de interpretación do interese superior do menor, recollidos no artigo 2 da Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, de modificación parcial do Código civil e da Lei de axuízamento civil, así como os seguintes:

- a) Prohibición de toda forma de violencia sobre os nenos, nenas e adolescentes.
- b) Prioridade das actuacións de carácter preventivo.

- c) Promoción do bo trato ao neno, nena e adolescente como elemento central de todas as actuacións.
- d) Promover a integralidade das actuacións, desde a coordinación e cooperación interadministrativa e intradministrativa, así como da cooperación internacional.
- e) Protección dos nenos, nenas e adolescentes fronte á vitimización secundaria.
- f) Especialización e capacitación dos e das profesionais que teñen contacto habitual cos nenos, nenas e adolescentes para a detección precoz de posibles situacións de violencia.
- g) Reforzar a autonomía e capacitación das persoas menores de idade para a detección precoz e adecuada reacción ante posibles situacións de violencia exercida sobre eles ou sobre terceiros.
- h) Individualización das medidas tendo en conta as necesidades específicas de cada neno, nena ou adolescente vítima de violencia.
- i) Incorporación da perspectiva de xénero no deseño e implementación de calquera medida relacionada coa violencia sobre a infancia e a adolescencia.
- j) Incorporación do enfoque transversal da discapacidade ao deseño e implementación de calquera medida relacionada coa violencia sobre a infancia e a adolescencia.
- k) Promoción da igualdade de trato de nenos e nenas mediante a coeducación e o fomento do ensino en equidade, e a deconstrución dos roles e estereotipos de xénero.
- l) Avaliación e determinación formal do interese superior do menor en todas as decisións que afecten unha persoa menor de idade.
- m) Asegurar a supervivencia e o pleno desenvolvemento das persoas menores de idade.
- n) Asegurar o exercicio do dereito á participación dos nenos, nenas e adolescentes en toda toma de decisións que os afecte.
- ñ) Accesibilidade universal, como medida imprescindible, para facer efectivos os mandatos desa lei a todos os nenos, nenas e adolescentes, sen excepcións.

2. Adoptar todas as medidas necesarias para promover a recuperación física, psíquica, psicolóxica e emocional e a inclusión social dos nenos, nenas e adolescentes vítimas de violencia, así como a súa inclusión social.

3. As persoas menores de idade que cometesen actos de violencia deberán recibir apoio especializado, especialmente educativo, orientado á promoción do bo trato e á prevención de condutas violentas co fin de evitar a reincidencia.

Artigo 5. *Formación.*

1. As administracións públicas, no ámbito das súas respectivas competencias, promoverán e garantirán unha formación especializada, inicial e continua en materia de dereitos fundamentais da infancia e da adolescencia aos e ás profesionais que teñan un contacto habitual coas persoas menores de idade. A dita formación comprenderá, como mínimo:

- a) A educación na prevención e detección precoz de toda forma de violencia a que se refire esta lei.
- b) As actuacións que se levarán a cabo unha vez que se detectaron indicios de violencia.
- c) A formación específica en seguridade e uso seguro e responsable da internet, incluídas cuestións relativas ao uso intensivo e xeración de trastornos condutuais.
- d) O bo trato aos nenos, nenas e adolescentes.
- e) A identificación dos factores de risco e dunha maior exposición e vulnerabilidade ante a violencia.
- f) Os mecanismos para evitar a vitimización secundaria.
- g) O impacto dos roles e estereotipos de xénero na violencia que sofren os nenos, nenas e adolescentes.

2. Ademais do disposto no número anterior, as administracións públicas, no ámbito das súas competencias, deberán garantir que o persoal docente e educador recibe formación específica en materia de educación inclusiva.

3. Os colexios de avogados e procuradores facilitarán aos seus membros o acceso a formación específica sobre os aspectos materiais e procesuais da violencia sobre a infancia e a adolescencia, tanto desde a perspectiva do dereito interno como do dereito da Unión Europea e do dereito internacional, así como a programas de formación continua en materia de loita contra a violencia sobre a infancia e a adolescencia.

4. O deseño das actuacións formativas a que se refire este artigo terán especialmente en conta a perspectiva de xénero, así como as necesidades específicas das persoas menores de idade con discapacidade, cunha orixe racial, étnica ou nacional diversa, en situación de desvantaxe económica, persoas menores de idade pertencentes ao colectivo LGTBI ou con calquera outra opción ou orientación sexual e/ou identidade de xénero e persoas menores de idade non acompañadas.

Artigo 6. *Colaboración e cooperación entre as administracións públicas.*

1. As distintas administracións públicas, no ámbito das súas respectivas competencias, deberán colaborar entre si, nos termos establecidos no artigo 141 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, co obxecto de lograr unha actuación eficaz nos ámbitos da prevención, detección precoz, protección e reparación fronte á violencia sobre os nenos, nenas e adolescentes.

2. As administracións públicas promoverán a colaboración institucional a nivel nacional e internacional mediante accións de intercambio de información, coñecementos, experiencias e boas prácticas.

3. Para garantir a necesaria cooperación entre todas as administracións públicas, os asuntos relacionados coa aplicación desta lei serán abordados no seo da Conferencia sectorial de infancia e adolescencia.

Artigo 7. *Conferencia sectorial de infancia e adolescencia.*

1. A Conferencia sectorial de infancia e adolescencia é o órgano de cooperación entre as administracións públicas en materia de protección e desenvolvemento da infancia e a adolescencia.

2. As funcións da citada conferencia dirixiranse a conseguir os seguintes obxectivos:

a) A coherencia e complementariedade das actividades que realicen as administracións públicas no ámbito da protección e desenvolvemento dos dereitos da infancia e a adolescencia, e, especialmente, na loita fronte á violencia sobre estes colectivos.

b) O maior grao de eficacia e eficiencia na identificación, formulación e execución das políticas, programas e proxectos impulsados polas distintas administracións públicas en aplicación do previsto nesta lei.

c) A participación das administracións públicas na formación e avaliación da Estratexia de erradicación da violencia sobre a infancia e a adolescencia.

3. A Conferencia sectorial aprobará o seu regulamento de organización e funcionamento interno de acordo co establecido no artigo 147.3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, e garantirase a presenza e intervención das comunidades autónomas, entidades locais e do Alto Comisionado para a Loita contra a Pobreza Infantil.

Artigo 8. *Colaboración público-privada.*

1. As administracións públicas promoverán a colaboración público-privada co fin de facilitar a prevención, detección precoz e intervención nas situacións de violencia sobre a infancia e a adolescencia, fomentando a subscripción de convenios cos medios de comunicación, os axentes sociais, os colexios profesionais, as confesións relixiosas e

demais entidades privadas que desenvolvan a súa actividade en contacto habitual con nenos, nenas e adolescentes ou no seu ámbito material de relación.

2. Así mesmo, as administracións públicas competentes adoptarán as medidas necesarias co fin de asegurar o adecuado desenvolvemento das accións de colaboración co sector das novas tecnoloxías recollidas no capítulo VIII do título III.

En especial, fomentárase a colaboración das empresas de tecnoloxías da información e da comunicación, as axencias de protección de datos das distintas administracións públicas, as forzas e corpos de seguridade e a Administración de xustiza co fin de detectar e retirar, o máis axiña posible, os contidos ilegais nas redes que supoñan unha forma de violencia sobre os nenos, nenas e adolescentes.

3. As administracións públicas fomentarán o intercambio de información, coñecementos, experiencias e boas prácticas coa sociedade civil relacionadas coa protección das persoas menores de idade na internet, baixo un enfoque multidisciplinar e inclusivo.

4. Nos casos de violencia sobre a infancia, a colaboración entre as administracións públicas e os medios de comunicación porá especial énfase no respecto á honra, á intimidade e á propia imaxe da vítima e dos seus familiares, mesmo en caso de falecemento do menor. Nesta situación, a difusión de calquera tipo de imaxe deberá contar coa autorización expresa de herdeiros ou proxenitores.

TÍTULO I

Dereitos dos nenos, nenas e adolescentes fronte á violencia

Artigo 9. Garantía dos dereitos dos nenos, nenas e adolescentes vítimas de violencia.

1. Garántense a todos os nenos, nenas e adolescentes vítimas de violencia os dereitos recoñecidos nesta lei.

2. As administracións públicas porán á disposición dos nenos, nenas e adolescentes vítimas de violencia, así como dos seus representantes legais, os medios necesarios para garantir o exercicio efectivo dos dereitos previstos nesta lei, tendo en consideración as circunstancias persoais, familiares e sociais daqueles que poidan ter unha maior dificultade para o seu acceso. En todo caso, teranse en consideración as necesidades das persoas menores de idade con discapacidade ou que se encontren en situación de especial vulnerabilidade.

3. Os nenos, nenas e adolescentes terán dereito a que a súa orientación sexual e identidade de xénero, sentida ou expresada, sexa respectada en todos os ámbitos de vida, así como a recibir o apoio e asistencia precisos cando sexan vítimas de discriminación ou violencia por tales motivos.

4. Coa finalidade de garantir o adecuado exercicio dos dereitos previstos nesta lei, os nenos, nenas e adolescentes vítimas de violencia contarán coa asistencia e apoio das oficinas de asistencia ás vítimas, que actuarán como mecanismo de coordinación do resto de recursos e servizos de protección das persoas menores de idade.

Para estes efectos, o Ministerio de Xustiza e as comunidades autónomas con competencias transferidas promoverán a adopción de convenios con outras administracións públicas e coas entidades do terceiro sector, para a eficaz coordinación da axuda ás vítimas.

Artigo 10. Dereito de información e asesoramento.

1. As administracións públicas proporcionarán aos nenos, nenas e adolescentes vítimas de violencia de acordo coa súa situación persoal e grao de madurez, e, se for o caso, aos seus representantes legais, e á persoa da súa confianza designada por el mesmo, información sobre as medidas previstas nesta lei que lles sexan directamente aplicables, así como sobre os mecanismos ou canles de información ou denuncia existentes.

2. Os nenos, nenas e adolescentes vítimas de violencia serán derivados á oficina de asistencia ás vítimas correspondente, onde recibirán a información, o asesoramento e o apoio que sexa necesario en cada caso, de conformidade co previsto na Lei 4/2015, do 27 de abril, do Estatuto da vítima do delito.

3. A información e o asesoramento a que se refiren os números anteriores deberá proporcionarse nunha linguaxe clara e comprensible, nun idioma que poidan entender e mediante formatos accesibles en termos sensoriais e cognitivos e adaptados ás circunstancias persoais dos seus destinatarios, e garantirase o seu acceso universal. Cando se trate de territorios con linguas cooficiais, o neno, nena ou adolescente poderá recibir a dita información na lingua cooficial que elixa.

Artigo 11. *Dereito das vítimas a seren escoitadas.*

1. Os poderes públicos garantirán que as nenas, nenos e adolescentes sexan oídos e escoitados con todas as garantías e sen límite de idade, asegurando, en todo caso, que este proceso sexa universalmente accesible en todos os procedementos administrativos, xudiciais ou doutra índole relacionados coa acreditación da violencia e a reparación das vítimas. O dereito a seren oídos dos nenos, nenas e adolescentes só poderá restrinxirse, de maneira motivada, cando sexa contrario ao seu interese superior.

2. Asegurarase a adecuada preparación e especialización de profesionais, metodoloxías e espazos para garantir que a obtención do testemuño das vítimas menores de idade sexa realizado con rigor, tacto e respecto. Prestarase especial atención á formación profesional, ás metodoloxías e á adaptación do contorno para a escoita ás vítimas en idade temperá.

3. Os poderes públicos tomarán as medidas necesarias para impedir que formulacións teóricas ou criterios sen aval científico que presuman interferencia ou manipulación adulta, como a chamada síndrome de alienación parental, poidan ser tomados en consideración.

Artigo 12. *Dereito á atención integral.*

1. Os poderes públicos proporcionarán aos nenos, nenas e adolescentes vítimas de violencia unha atención integral, que comprenderá medidas de protección, apoio, acollida e recuperación.

2. Entre outros aspectos, a atención integral, en prol do interese superior da persoa menor, comprenderá, especialmente, medidas de:

- a) Información e acompañamento psicosocial, social e educativo ás vítimas.
- b) Seguimento das denuncias ou reclamacións.
- c) Atención terapéutica de carácter sanitario, psiquiátrico e psicolóxico para a vítima e, se for o caso, a unidade familiar.
- d) Apoio formativo, especialmente en materia de igualdade, solidariedade e diversidade.
- e) Información e apoio ás familias e, se for necesario e estivese obxectivamente fundada a súa necesidade, seguimento psicosocial, social e educativo da unidade familiar.
- f) Facilitación de acceso a redes e servizos públicos.
- g) Apoio á educación e inserción laboral.
- h) Acompañamento e asesoramento nos procedementos xudiciais en que deba intervir, se for necesario.
- i) Todas estas medidas deberán ter un enfoque inclusivo e accesible para que poidan atender a todos os nenos, nenas e adolescentes sen excepción.

3. As administracións públicas deberán adoptar as medidas de coordinación necesarias entre todos os axentes implicados co obxectivo de evitar a vitimización secundaria dos nenos, nenas e adolescentes con que, en cada caso, deban intervir.

4. As administracións públicas procurarán que a atención ás persoas menores vítimas de violencia se realice en espazos que contén cun contorno amigable adaptado ao neno, nena ou adolescente.

5. As administracións sanitarias, educativas e os servizos sociais competentes garantirán, de forma universal e con carácter integral, a atención temperá desde o nacemento até os seis anos de idade de todo neno ou nena con alteracións ou trastornos no desenvolvemento ou risco de padecelos no ámbito de cobertura da lei, así como o apoio ao desenvolvemento infantil.

Artigo 13. Lexitimación para a defensa de dereitos e intereses nos procedementos xudiciais que deriven dunha situación de violencia.

1. Os nenos, nenas e adolescentes vítimas de violencia están lexitimados para defender os seus dereitos e intereses en todos os procedementos xudiciais que deriven dunha situación de violencia.

A dita defensa realizarase, con carácter xeral, a través dos seus representantes legais nos termos do artigo 162 do Código civil. Tamén poderá realizarse a través do defensor xudicial designado polo xulgado ou tribunal, de oficio ou por instancia do Ministerio Fiscal, nos supostos previstos no artigo 26.2 da Lei 4/2015, do 27 de abril.

No caso dos nenos, nenas ou adolescentes baixo a garda e/ou tutela dunha entidade pública de protección que denunciaren esta ou o persoal ao seu servizo por exercer violencia contra eles, entenderase, en todo caso, que existe un conflito de intereses entre o neno e o seu titor ou gardador.

2. Incoado un procedemento penal como consecuencia dunha situación de violencia sobre un neno, nena ou adolescente, o letrado da Administración de xustiza derivará a persoa menor de idade vítima de violencia á oficina de atención á vítima competente, cando isto resulte necesario en atención á gravidade do delito, á vulnerabilidade da vítima ou naqueles casos en que a vítima o solicite, en cumprimento do disposto no artigo 10 da Lei 4/2015, do 27 de abril.

Artigo 14. Dereito á asistencia xurídica gratuíta.

1. As persoas menores de idade vítimas de violencia teñen dereito á defensa e representación gratuítas por avogado e procurador de conformidade co disposto na Lei 1/1996, do 10 de xaneiro, de asistencia xurídica gratuíta.

2. Os colexios de avogados, cando exixan para o exercicio da quenda de oficio cursos de especialización, asegurarán unha formación específica en materia dos dereitos da infancia e a adolescencia, con especial atención á Convención sobre os dereitos do neno e ás súas observacións xerais. En todo caso, deberán recibir formación especializada en materia de violencia sobre a infancia e adolescencia.

3. Igualmente, os colexios de avogados adoptarán as medidas necesarias para a designación urxente de letrado ou letrada de oficio nos procedementos que se sigan por violencia contra menores de idade e para asegurar a súa inmediata presenza e asistencia ás vítimas.

4. Os colexios de procuradores adoptarán as medidas necesarias para a designación urxente de procurador ou procuradora nos procedementos que se sigan por violencia contra menores de idade cando a vítima desexe constituírse como acusación particular.

5. O avogado ou avogada designado para a vítima terá tamén habilitación legal para a representación procesual daquela até a designación do procurador ou procuradora, en canto a vítima non se constituíse como acusación conforme o disposto no número seguinte. Até daquela, o avogado ou avogada cumprirá o deber de sinalamento de domicilio para efectos de notificacións e traslados de documentos.

6. As persoas menores de idade vítimas de violencia poderán constituírse como acusación particular en calquera momento do procedemento ben que isto non permitirá retrotraer nin reiterar as actuacións xa practicadas antes da súa constitución en parte, nin poderá supor unha diminución do dereito de defensa do acusado.

TÍTULO II

Deber de comunicación de situacións de violencia*Artigo 15. Deber de comunicación da cidadanía.*

Toda persoa que advirta indicios dunha situación de violencia exercida sobre unha persoa menor de idade está obrigada a comunicalo de forma inmediata á autoridade competente e, se os feitos poden ser constitutivos de delito, ás forzas e corpos de seguridade, ao Ministerio Fiscal ou á autoridade xudicial, sen prexuízo de prestar a atención inmediata que a vítima precise.

Artigo 16. Deber de comunicación cualificado.

1. O deber de comunicación previsto no artigo anterior é especialmente exigible a aquelas persoas que, por razón do seu cargo, profesión, oficio ou actividade, teñan encomendada a asistencia, o coidado, o ensino ou a protección de nenos, nenas ou adolescentes e, no exercicio destes, tivesen coñecemento dunha situación de violencia exercida sobre eles.

En todo caso, considérase incluído neste suposto o persoal cualificado dos centros sanitarios, dos centros escolares, dos centros de deporte e lecer, dos centros de protección á infancia e de responsabilidade penal de menores, centros de acollida de asilo e atención humanitaria dos establecementos en que residan habitualmente ou temporalmente persoas menores de idade e dos servizos sociais.

2. Cando as persoas a que se refire o número anterior teñan coñecemento ou advirtan indicios da existencia dunha posible situación de violencia dunha persoa menor de idade, deberán comunicalo de forma inmediata aos servizos sociais competentes.

Ademais, cando da dita violencia poida resultar que a saúde ou a seguridade do neno, nena ou adolescente se encontre ameazada, deberán comunicalo de forma inmediata ás forzas e corpos de seguridade e/ou ao Ministerio Fiscal.

3. Cando as persoas a que se refire o número 1 advirtan unha posible infracción da normativa sobre protección de datos persoais dunha persoa menor de idade, deberán comunicalo de forma inmediata á Axencia Española de Protección de Datos.

4. En todo caso, as persoas a que se refire o número 1 deberán prestar á vítima a atención inmediata que precise, facilitar toda a información de que dispoñan, así como prestar a súa máxima colaboración ás autoridades competentes.

Para estes efectos, as administracións públicas competentes establecerán mecanismos adecuados para a comunicación de sospeita de casos de persoas menores de idade vítimas de violencia.

Artigo 17. Comunicación de situacións de violencia por parte de nenos, nenas e adolescentes.

1. Os nenos, nenas e adolescentes que fosen vítimas de violencia ou presenciasen algunha situación de violencia sobre outra persoa menor de idade poderán comunicalo, persoalmente, ou a través dos seus representantes legais, aos servizos sociais, ás forzas e corpos de seguridade, ao Ministerio Fiscal ou á autoridade xudicial e, se for o caso, á Axencia Española de Protección de Datos.

2. As administracións públicas establecerán mecanismos de comunicación seguros, confidenciais, eficaces, adaptados e accesibles, nunha linguaxe que poidan comprender, para os nenos, nenas e adolescentes, que poderán estar acompañados dunha persoa da súa confianza que eles mesmos designen.

3. As administracións públicas garantirán a existencia e o apoio aos medios electrónicos de comunicación, tales como liñas telefónicas gratuítas de axuda a nenos, nenas e adolescentes, así como o seu coñecemento por parte da sociedade civil, como ferramenta esencial á disposición de todas as persoas para a prevención e detección precoz de situacións de violencia sobre os nenos, nenas e adolescentes.

Artigo 18. *Deberes de información dos centros educativos e establecementos residenciais.*

1. Todos os centros educativos ao inicio de cada curso escolar, así como todos os establecementos en que habitualmente residan persoas menores de idade, no momento do seu ingreso, facilitarán aos nenos, nenas e adolescentes toda a información, que, en todo caso, deberá estar dispoñible en formatos accesibles, referente aos procedementos de comunicación de situacións de violencia regulados polas administracións públicas e aplicados no centro ou establecemento, así como das persoas responsables neste ámbito. Igualmente, facilitarán desde o primeiro momento información sobre os medios electrónicos de comunicación, tales como as liñas telefónicas de axuda aos nenos, nenas e adolescentes.

2. Os citados centros e establecementos manterán permanentemente actualizada esta información nun lugar visible e accesible, adoptarán as medidas necesarias para asegurar que os nenos, nenas e adolescentes poidan consultala libremente en calquera momento, permitindo e facilitando o acceso a eses procedementos de comunicación e ás liñas de axuda existentes.

Artigo 19. *Deber de comunicación de contidos ilícitos na internet.*

1. Toda persoa, física ou xurídica, que advirta a existencia de contidos dispoñibles na internet que constitúan unha forma de violencia contra calquera neno, nena ou adolescente está obrigada a comunicalo á autoridade competente e, se os feitos poden ser constitutivos de delito, ás forzas e corpos de seguridade, ao Ministerio Fiscal ou á autoridade xudicial.

2. As administracións públicas deberán garantir a dispoñibilidade de canles accesibles e seguras de denuncia da existencia de tales contidos. Estas canles poderán ser xestionadas por liñas de denuncia nacionais homologadas por redes internacionais, sempre en colaboración coas forzas e corpos de seguridade.

Artigo 20. *Protección e seguridade.*

1. As administracións públicas, no ámbito das súas competencias, establecerán os mecanismos oportunos para garantir a confidencialidade, protección e seguridade das persoas que puxesen en coñecemento das autoridades situacións de violencia sobre nenos, nenas e adolescentes.

2. Os centros educativos e de lecer e tempo libre, así como os establecementos en que habitualmente residan persoas menores de idade, adoptarán todas as medidas necesarias para garantir a protección e seguridade dos nenos, nenas e adolescentes que comuniquen unha situación de violencia.

3. A autoridade xudicial, de oficio ou por instancia de parte, poderá acordar as medidas de protección previstas na normativa específica aplicable en materia de protección a testemuñas, cando o considere necesario en atención ao risco ou perigo que derive da formulación de denuncia conforme os artigos anteriores.

TÍTULO III

Sensibilización, prevención e detección precoz

CAPÍTULO I

Estratexia para a erradicación da violencia sobre a infancia e a adolescencia

Artigo 21. *Estratexia de erradicación da violencia sobre a infancia e a adolescencia.*

1. A Administración xeral do Estado, en colaboración coas comunidades autónomas, as cidades de Ceuta e Melilla e as entidades locais, elaborará unha estratexia nacional, de carácter plurianual, co obxectivo de erradicar a violencia sobre a infancia e a adolescencia, con especial incidencia nos ámbitos familiar, educativo, sanitario, dos servizos sociais, das

novas tecnoloxías, do deporte e o lecer e das forzas e corpos de seguridade. Esta estratexia aprobaraa o Goberno por proposta da Conferencia sectorial de infancia e adolescencia e xuntaráselle unha memoria económica en que os centros competentes identificarán as aplicacións orzamentarias con cargo ás cales se deberá financiar.

A dita estratexia elaborárase en consonancia coa Estratexia nacional de infancia e adolescencia e contará coa participación do Observatorio da Infancia, as entidades do terceiro sector, a sociedade civil e, de forma moi especial, cos nenos, nenas e adolescentes.

O seu impulso corresponderá ao departamento ministerial que teña atribuídas as competencias en políticas de infancia.

Na elaboración da Estratexia contarase coa participación de nenos, nenas e adolescentes a través do Consello Estatal de Participación da Infancia e da Adolescencia.

2. Anualmente, o órgano a que corresponda o impulso da Estratexia elaborará un informe de avaliación acerca do grao de cumprimento e da eficacia da Estratexia de erradicación da violencia sobre a infancia e a adolescencia. Ese informe, que deberá ser elevado ao Consello de Ministros, realizarase en colaboración cos ministerios de Xustiza, de Interior, de Sanidade, de Educación e Formación Profesional e o Alto Comisionado para a Loita contra a Pobreza Infantil.

Os resultados do informe anual de avaliación, que conterá os datos estatísticos dispoñibles sobre violencia cara á infancia e a adolescencia, faranse públicos para xeral coñecemento e deberán ser tidos en conta para a elaboración das políticas públicas correspondentes.

CAPÍTULO II

Niveis de actuación

Artigo 22. *Da sensibilización.*

1. As administracións públicas promoverán, no ámbito das súas competencias, campañas e accións concretas de información avaliábeis e baseadas na evidencia, destinadas a concienciar a sociedade acerca do dereito dos nenos, nenas e adolescentes a recibir un bo trato. As ditas campañas incluírán medidas contra aquelas condutas, discursos e actos que favorecen a violencia sobre a infancia e a adolescencia nas súas distintas manifestacións, incluída a discriminación, a criminalización e o odio, co obxectivo de promover o cambio de actitudes no contexto social.

Así mesmo, as administracións públicas impulsarán campañas específicas de sensibilización para promover un uso seguro e responsable da internet, desde un enfoque de aproveitamento das oportunidades e o seu uso en positivo, incorporando a perspectiva e opinións dos propios nenos, nenas e adolescentes.

2. Estas campañas realizaranse de modo accesible, diferenciando por tramos de idade, de maneira que se garanta o acceso a elas a todas as persoas menores de idade e, especialmente, a aquelas que por razón da súa discapacidade necesiten de apoios específicos.

Artigo 23. *Da prevención.*

1. As administracións públicas competentes establecerán plans e programas de prevención para a erradicación da violencia sobre a infancia e a adolescencia.

Estes plans e programas comprenderán medidas específicas nos ámbitos familiar, educativo, sanitario, dos servizos sociais, das novas tecnoloxías, do deporte e o lecer e das forzas e corpos de seguridade, no marco da estratexia de erradicación da violencia sobre a infancia e a adolescencia, e deberán ser avaliados nos termos que establezan as administracións públicas competentes.

2. Os plans e programas de prevención para a erradicación da violencia sobre a infancia e a adolescencia identificarán, conforme os factores de risco, os nenos, nenas e adolescentes en situación de especial vulnerabilidade, así como os grupos específicos de alto risco, co obxecto de priorizar as medidas e recursos destinados a estes colectivos.

3. En todo caso, terán a consideración de actuacións en materia de prevención as seguintes:

- a) As dirixidas á promoción do bo trato en todos os ámbitos da vida dos nenos, nenas e adolescentes, así como todas as orientadas á formación en parentalidade positiva.
- b) As dirixidas a detectar, reducir ou evitar as situacións que provocan os procesos de exclusión ou inadaptación social, que dificultan o benestar e pleno desenvolvemento dos nenos, nenas e adolescentes.
- c) As que teñen por obxecto mitigar ou compensar os factores que favorecen a deterioración do ámbito familiar e social das persoas menores de idade.
- d) As que persegue reducir ou eliminar as situacións de desprotección debidas a calquera forma de violencia sobre a infancia e a adolescencia.
- e) As que promovan a información dirixida aos nenos, nenas e adolescentes, a participación infantil e xuvenil, así como a implicación das persoas menores de idade nos propios procesos de sensibilización e prevención.
- f) As que fomenten a conciliación familiar e laboral, así como a corresponsabilidade parental.
- g) As enfocadas a fomentar, tanto nas persoas adultas como nas menores de idade, o coñecemento dos principios e disposicións da Convención sobre os dereitos do neno.
- h) As dirixidas a concienciar a sociedade de todas as barreiras que sitúan os nenos, nenas e adolescentes en situacións de desvantaxe social e risco de sufrir violencia, así como as dirixidas a reducir ou eliminar as ditas barreiras.
- i) As destinadas a fomentar a seguridade en todos os ámbitos da infancia e da adolescencia.
- j) As dirixidas ao fomento de relacións igualitarias entre os nenos e nenas, en que se identifiquen as distintas formas de violencia contra nenas, adolescentes e mulleres.
- k) As dirixidas a formar, de maneira continua e especializada, os profesionais que interveñen habitualmente con nenos, nenas e adolescentes, en cuestións relacionadas coa atención á infancia e á adolescencia, con particular atención aos colectivos en situación de especial vulnerabilidade.
- l) As encamiñadas a evitar que nenas, nenos e adolescentes abandonen os seus estudos para asumir compromisos laborais e familiares, non acordes coa súa idade, con especial atención ao matrimonio infantil, que afecta as nenas en razón de sexo.
- m) Calquera outra que se recolla en relación cos distintos ámbitos de actuación regulados nesta lei.

4. As actuacións de prevención contra a violencia en nenos, nenas e adolescentes terán unha consideración prioritaria. Para tal fin, aos orzamentos xerais do Estado xuntarase a documentación asociada ao informe de impacto na infancia, na adolescencia e na familia en que os distintos centros xestores do orzamento individualizarán as partidas orzamentarias consignadas para levalas a cabo.

Artigo 24. Prevención da radicalización nos nenos, nenas e adolescentes.

As administracións públicas competentes adoptarán as medidas de sensibilización, prevención e detección precoz necesarias para protexer as persoas menores de idade fronte aos procesos en que prime a aprendizaxe de modelos de condutas violentas ou de condutas delituosas que conducen á violencia en calquera ámbito no cal se manifesten, así como para o seu tratamento e asistencia nos casos en que esta chegue a producirse. En todo caso, proporcionarase un tratamento preventivo que incorpore as dimensións de xénero e de idade.

Artigo 25. Da detección precoz.

1. As administracións públicas, no ámbito das súas competencias, desenvolverán anualmente programas de formación inicial e continua destinada aos profesionais cuxa actividade requira estar en contacto habitual con nenas, nenos e adolescentes co obxectivo

de detectar precozmente a violencia exercida contra eles e que esta violencia poida ser comunicada de acordo co previsto nos artigos 15 e 16.

2. Naqueles casos en que se detectase precozmente algunha situación de violencia sobre unha persoa menor de idade, esta situación deberá ser inmediatamente comunicada polo ou pola profesional que a detectase aos proxenitores, ou a quen exerza funcións de tutela, garda ou acollemento, salvo que existan indicios de que a mencionada violencia fose exercida por estes.

3. As administracións públicas competentes promoverán a capacitación de persoas menores de idade para que conten con ferramentas para detectar situacións de violencia.

CAPÍTULO III

Do ámbito familiar

Artigo 26. *Prevención no ámbito familiar.*

1. As administracións públicas, no ámbito das súas respectivas competencias, deberán proporcionar ás familias nas súas múltiples formas, e a aquelas persoas que convivan habitualmente con nenos, nenas e adolescentes, para crear un contorno seguro, o apoio necesario para previr desde a primeira infancia factores de risco e fortalecer os factores de protección, así como apoiar o labor educativo e protector dos proxenitores, ou de quen exerza funcións de tutela, garda ou acollemento, para que poidan desenvolver adecuadamente o seu rol parental ou tutelar.

2. Para tal fin, dentro dos plans e programas de prevención previstos no artigo 23, as administracións públicas competentes deberán incluír, como mínimo, unha análise da situación da familia no territorio da súa competencia, que permita identificar as súas necesidades e fixar os obxectivos e medidas que se aplicarán.

3. As medidas a que se refire o número anterior deberán estar enfocadas a:

a) Promover o bo trato, a corresponsabilidade e o exercicio da parentalidade positiva. Para os efectos desta lei, enténdese por parentalidade positiva o comportamento dos proxenitores, ou de quen exerza funcións de tutela, garda ou acollemento, fundamentado no interese superior do neno, nena ou adolescente e orientado a que a persoa menor de idade medre nun contorno afectivo e sen violencia que inclúa o dereito a expresar a súa opinión, a participar e ser tomado en conta en todos os asuntos que o afecten, a educación en dereitos e obrigacións, favoreza o desenvolvemento das súas capacidades, ofrezca recoñecemento e orientación, e permita o seu pleno desenvolvemento en todas as ordes.

En ningún caso as actuacións para promover a parentalidade positiva deben ser utilizadas con outros obxectivos en caso de conflito entre proxenitores, separacións ou divorcios, nin para a imposición da custodia compartida non acordada. Tampouco debe ser relacionada con situacións sen aval científico como o síndrome de alienación parental.

b) Promover a educación e o desenvolvemento de estratexias básicas e fundamentais para a adquisición de valores e competencias emocionais, tanto nos proxenitores, ou en quen exerza funcións de tutela, garda ou acollemento, como nos nenos e nenas de acordo co grao de madurez destes. En particular, promoverase a corresponsabilidade e o rexeitamento da violencia contra as mulleres e nenas, a educación con enfoque inclusivo e o desenvolvemento de estratexias durante a primeira infancia destinadas á adquisición de habilidades para unha crianza que permita o establecemento dun lazo afectivo forte, recíproco e seguro cos seus proxenitores, ou con quen exerza funcións de tutela, garda ou acollemento.

c) Promover a atención ás mulleres durante o período de xestación e facilitar o bo trato prenatal. Esta atención deberá incidir na identificación daquelas circunstancias que poidan influír negativamente na xestación e no benestar da muller, así como no desenvolvemento de estratexias para a detección precoz de situacións de risco durante o embarazo e de preparación e apoio.

d) Proporcionar un contorno obstétrico e perinatal seguro para a nai e o neonato e incorporar os protocolos, con evidencia científica demostrada, para a detección de enfermidades ou alteracións xenéticas, destinados ao diagnóstico precoz e, se for o caso, ao tratamento e atención sanitaria temperá do neonato ou da neonata.

e) Desenvolver programas de formación a adultos e a nenos, nenas e adolescentes en habilidades para a negociación e resolución de conflitos intrafamiliares.

f) Adoptar programas dirixidos á promoción de formas positivas de aprendizaxe, así como a erradicar o castigo con violencia física ou psicolóxica no ámbito familiar.

g) Crear os servizos necesarios de información e apoio profesional aos nenos, nenas e adolescentes co fin de que teñan a capacidade necesaria para detectar precozmente e rexeitar calquera forma de violencia, con especial atención aos problemas das nenas e adolescentes que por xénero e idade sexan vítimas de calquera tipo de discriminación directa ou indirecta.

h) Proporcionar a orientación, formación e apoios que precisen as familias dos nenos, nenas e adolescentes con discapacidade, co fin de permitir unha atención adecuada destes no seu contorno familiar, ao tempo que se fomenta o seu grao de autonomía, a súa participación activa na familia e a súa inclusión social na comunidade.

i) Desenvolver programas de formación e sensibilización a adultos e a nenos, nenas e adolescentes, encamiñados a evitar a promoción intrafamiliar do matrimonio infantil, o abandono dos estudos e a asunción de compromisos laborais e familiares non acordados coa idade.

Artigo 27. *Actuacións específicas no ámbito familiar.*

1. As administracións públicas impulsarán medidas de política familiar encamiñadas a apoiar os aspectos cualitativos da parentalidade positiva en proxenitores ou naqueles que exerzan funcións de tutela, garda ou acollemento. En particular, as destinadas a previr a pobreza e as causas de exclusión social, así como a conciliación da vida familiar e laboral no marco do diálogo social, a través de horarios e condicións de traballo que permitan atender adecuadamente as responsabilidades derivadas da crianza, e o exercicio igualitario desas responsabilidades por homes e mulleres.

As ditas medidas deberán individualizarse en función das distintas necesidades de apoio específico que presente cada unidade familiar, con especial atención ás familias con nenos, nenas ou adolescentes con discapacidade, ou en situación de especial vulnerabilidade. E as dirixidas a previr a separación do ámbito familiar.

2. As administracións públicas elaborarán e/ou difundirán materiais formativos, en formato e linguaxe accesibles en termos sensoriais e cognitivos, dirixidos ao exercicio positivo das responsabilidades parentais ou tutelares. Estes materiais conterán formación en materia de dereitos e deberes dos nenos, nenas e adolescentes, e incluírán contidos específicos referidos a combater roles e estereotipos de xénero que sitúan as nenas en plano de desigualdade, contidos sobre a diversidade sexual e de xénero, como medida de prevención de condutas discriminatorias e violentas cara aos nenos, nenas e adolescentes.

Artigo 28. *Situación de ruptura familiar.*

As administracións públicas deberán prestar especial atención á protección do interese superior dos nenos, nenas e adolescentes nos casos de ruptura familiar, adoptando, no ámbito das súas competencias, medidas especialmente dirixidas ás familias nesta situación con fillos e/ou fillas menores de idade, co fin de garantir que a ruptura dos proxenitores non implique consecuencias prexudiciais para o benestar e o pleno desenvolvemento deles.

Entre outras, adoptaranse as seguintes medidas:

a) Impulso dos servizos de apoio ás familias, os puntos de encontro familiar e outros recursos ou servizos especializados de titularidade pública que permitan unha adecuada atención e protección á infancia e adolescencia fronte á violencia.

b) Impulso dos gabinetes psicosociais dos xulgados, así como de servizos de mediación e conciliación, con pleno respecto á autonomía dos proxenitores e dos nenos, nenas e adolescentes implicados.

Artigo 29. *Situación de violencia de xénero no ámbito familiar.*

1. As administracións públicas deberán prestar especial atención á protección do interese superior dos nenos, nenas e adolescentes que conviven en contornos familiares marcados pola violencia de xénero, garantindo a detección destes casos e a súa resposta específica, que asegure a plena protección dos seus dereitos.

2. As actuacións das administracións públicas deben producirse dunha forma integral, que considere conxuntamente a recuperación da persoa menor de idade e da nai, ambas vítimas da violencia de xénero. Concretamente, garantirase o apoio necesario para que as nenas, nenos e adolescentes, de cara á súa protección, atención especializada e recuperación, permanezan coa muller, salvo se isto é contrario ao seu interese superior.

Para isto, os servizos sociais e de protección da infancia e adolescencia asegurarán:

- a) A detección e a resposta específica ás situacións de violencia de xénero.
- b) A derivación e a coordinación cos servizos de atención especializada a menores de idade vítimas de violencia de xénero.

Así mesmo, seguiranse as pautas de actuación establecidas nos protocolos que, en materia de violencia de xénero, teñen os diferentes organismos sanitarios, policiais, educativos, xudiciais e de igualdade.

CAPÍTULO IV

Do ámbito educativo

Artigo 30. *Principios.*

O sistema educativo debe rexerse polo respecto mutuo de todos os membros da comunidade educativa e debe fomentar unha educación accesible, igualitaria, inclusiva e de calidade que permita o desenvolvemento pleno dos nenos, nenas e adolescentes e a súa participación nunha escola segura e libre de violencia, na cal se garantan o respecto, a igualdade e a promoción de todos os seus dereitos fundamentais e liberdades públicas, empregando métodos pacíficos de comunicación, negociación e resolución de conflitos.

Os nenos, nenas e adolescentes, en todas as etapas educativas e independentemente da titularidade do centro, recibirán, de forma transversal, unha educación que inclúa a súa participación, o respecto aos demais, á súa dignidade e aos seus dereitos, especialmente daqueles menores que sufran especial vulnerabilidade pola súa condición de discapacidade ou dalgún trastorno do neurodesenvolvemento, a igualdade de xénero, a diversidade familiar, a adquisición de habilidades para a elección de estilos de vida saudables, incluída a educación alimentaria e nutricional, e unha educación afectivo-sexual, adaptada ao seu nivel madurativo e, se for o caso, discapacidade, orientada á aprendizaxe da prevención e evitación de toda forma de violencia e discriminación, co fin de axudalos a recoñecer e reaccionar fronte a ela.

Artigo 31. *Da organización educativa.*

1. Todos os centros educativos elaborarán un plan de convivencia, de conformidade co artigo 124 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, entre cuxas actividades se incluíra a adquisición de habilidades, a sensibilización e a formación da comunidade educativa, a promoción do bo trato e a resolución pacífica de conflitos por parte do persoal do centro, o alumnado e a comunidade educativa sobre a resolución pacífica de conflitos.

2. Así mesmo, o dito plan recollerá os códigos de conduta consensuados entre o profesorado que exerce funcións de titor/a, os equipos docentes e o alumnado ante

situacións de acoso escolar ou ante calquera outra situación que afecte a convivencia no centro educativo, con independencia de se estas se producen no propio centro educativo ou se se producen, ou continúan, a través das tecnoloxías da información e da comunicación.

O claustro do profesorado e o consello escolar terán, entre as súas competencias, o impulso da adopción e seguimento de medidas educativas que fomenten o recoñecemento e protección dos dereitos das persoas menores de idade ante calquera forma de violencia.

3. As administracións educativas velarán polo cumprimento e aplicación dos principios recollidos neste capítulo. Así mesmo, establecerán as pautas e medidas necesarias para o establecemento dos centros como contornos seguros e supervisarán que todos os centros, independentemente da súa titularidade, apliquen os protocolos preceptivos de actuación en casos de violencia.

Artigo 32. *Supervisión da contratación dos centros educativos.*

As administracións educativas e as persoas que desempeñen a dirección e titularidade de todos os centros educativos supervisarán a seguridade na contratación de persoal e controlarán a achega dos certificados obrigatorios, como son os recollidos no capítulo II do título V, tanto do persoal docente como do persoal auxiliar, contrato de servizo, ou outros profesionais que traballen ou colaboren habitualmente no centro escolar de forma retribuída ou non.

Artigo 33. *Formación en materia de dereitos, seguridade e responsabilidade dixital.*

As administracións públicas garantirán a plena inserción do alumnado na sociedade dixital e a aprendizaxe dun uso dos medios dixitais que sexa segura e respectuosa coa dignidade humana, os valores constitucionais, os dereitos fundamentais e, particularmente, co respecto e a garantía da intimidade persoal e familiar e a protección de datos persoais, conforme o previsto no artigo 83 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Especificamente, as administracións públicas promoverán, dentro de todas as etapas formativas, o uso adecuado da internet.

Artigo 34. *Protocolos de actuación.*

1. As administracións educativas regularán os protocolos de actuación contra o abuso e o maltrato, o acoso escolar, ciberacoso, acoso sexual, violencia de xénero, violencia doméstica, suicidio e autolesión, así como calquera outra manifestación de violencia comprendida no ámbito de aplicación desta lei. Para a redacción destes protocolos contarase coa participación de nenos, nenas e adolescentes, outras administracións públicas, institucións e profesionais dos diferentes sectores implicados na prevención, detección precoz, protección e reparación da violencia sobre nenos, nenas e adolescentes.

Eses protocolos deberán ser aplicados en todos os centros educativos, independentemente da súa titularidade, e avaliaranse periodicamente co fin de valorar a súa eficacia. Deberán iniciarse cando o persoal docente ou educador dos centros educativos, pais ou nais do alumnado ou calquera membro da comunidade educativa, detecten indicios de violencia ou pola mera comunicación dos feitos por parte dos nenos, nenas ou adolescentes.

2. Entre outros aspectos, os protocolos determinarán as actuacións que se desenvolverán, os sistemas de comunicación e a coordinación dos e das profesionais responsables de cada actuación. A dita coordinación deberá establecerse tamén cos ámbitos sanitario, das forzas e corpos de seguridade do Estado e xudicial.

Así mesmo, deberán recoller actuacións específicas cando o acoso teña como motivación a discapacidade, problemas graves do neurodesenvolvemento, problemas de

saúde mental, a idade, prexuízos racistas ou por lugar de orixe, a orientación sexual, a identidade ou expresión de xénero. De igual modo, os ditos protocolos deberán establecer actuacións específicas cando o acoso se leve a cabo a través das novas tecnoloxías ou dispositivos móbiles e se menoscabase a intimidade, reputación ou o dereito á protección de datos persoais das persoas menores de idade.

3. As persoas que desempeñen a dirección ou titularidade dos centros educativos responsabilizaranse de que a comunidade educativa estea informada dos protocolos de actuación existentes, así como da execución e o seguimento das actuacións previstas neles.

4. Levaranse a cabo actuacións de difusión dos protocolos elaborados e formación especializada dos profesionais que interveñan, co fin de que contén coa formación adecuada para detectar situacións desta natureza.

Artigo 35. *Coordinador ou coordinadora de benestar e protección.*

1. Todos os centros educativos onde cursen estudos persoas menores de idade, independentemente da súa titularidade, deberán ter un coordinador ou coordinadora de benestar e protección do alumnado, que actuará baixo a supervisión da persoa que desempeña a dirección ou titularidade do centro.

2. As administracións educativas competentes determinarán os requisitos e funcións que debe desempeñar o coordinador ou coordinadora de benestar e protección. Así mesmo, determinarán se estas funcións deben ser desempeñadas por persoal xa existente no centro escolar ou por novo persoal.

As funcións encomendadas ao coordinador ou coordinadora de benestar e protección deberán ser, ao menos, as seguintes:

a) Promover plans de formación sobre prevención, detección precoz e protección dos nenos, nenas e adolescentes, dirixidos tanto ao persoal que traballa nos centros como ao alumnado. Priorizaranse os plans de formación dirixidos ao persoal do centro que exerce de titor, así como aqueles dirixidos ao alumnado destinados a que este adquira habilidades para detectar e responder a situacións de violencia.

Así mesmo, en coordinación coas asociacións de nais e pais de alumnos, deberá promover a dita formación entre os proxenitores e quen exerza funcións de tutela, garda ou acollemento.

b) Coordinar, de acordo cos protocolos que aproben as administracións educativas, os casos que requiran de intervención por parte dos servizos sociais competentes, debendo informar as autoridades correspondentes, se se valora necesario, e sen prexuízo do deber de comunicación nos casos legalmente previstos.

c) Identificarse ante os alumnos e alumnas, ante o persoal do centro educativo e, en xeral, ante a comunidade educativa, como referente principal para as comunicacións relacionadas con posibles casos de violencia no propio centro ou no seu contorno.

d) Promover medidas que aseguren o máximo benestar para os nenos, nenas e adolescentes, así como a cultura do bo trato a estes.

e) Fomentar entre o persoal do centro e o alumnado a utilización de métodos alternativos de resolución pacífica de conflitos.

f) Informar o persoal do centro sobre os protocolos en materia de prevención e protección de calquera forma de violencia existentes na súa localidade ou comunidade autónoma.

g) Fomentar o respecto aos alumnos e alumnas con discapacidade ou calquera outra circunstancia de especial vulnerabilidade ou diversidade.

h) Coordinar coa dirección do centro educativo o plan de convivencia a que se refire o artigo 31.

i) Promover, naquelas situacións que supoñan un risco para a seguridade das persoas menores de idade, a comunicación inmediata por parte do centro educativo ás forzas e corpos de seguridade do Estado.

j) Promover, naquelas situacións que poidan implicar un tratamento ilícito de datos de carácter persoal das persoas menores de idade, a comunicación inmediata por parte do centro educativo ás axencias de protección de datos.

k) Fomentar que no centro educativo se leve a cabo unha alimentación saudable e nutritiva que permita aos nenos, nenas e adolescentes, en especial aos máis vulnerables, levar unha dieta equilibrada.

3. O coordinador ou coordinadora de benestar e protección actuará, en todo caso, con respecto ao establecido na normativa vixente en materia de protección de datos.

CAPÍTULO V

Da educación superior

Artigo 36. Implicación da educación superior na erradicación da violencia sobre a infancia e a adolescencia.

1. Os centros de educación superior promoverán en todos os ámbitos académicos a formación, docencia e investigación en dereitos da infancia e adolescencia, en xeral, e na loita contra a violencia exercida sobre estes, en particular.

2. En concreto, os ciclos formativos de grao superior, de grao e posgrao e os programas de especialización das profesións sanitarias, do ámbito social, do ámbito educativo, de periodismo e ciencias da información, do dereito, e daqueloutras titulacións conducentes ao exercicio de profesións en contacto habitual con persoas menores de idade promoverán a incorporación nos seus plans de estudos de contidos específicos dirixidos á prevención, detección precoz e intervención dos casos de violencia sobre a infancia e a adolescencia tendo en conta a perspectiva de xénero.

Artigo 37. Actuacións do Consello de Universidades na loita contra a violencia sobre a infancia e a adolescencia.

Entre as actividades e publicacións anuais do Consello de Universidades promoverase a inclusión no mundo académico do estudo e da investigación dos dereitos da infancia e da adolescencia en xeral e da violencia sobre estes en particular, e máis especificamente naqueles estudos orientados ao exercicio de profesións que impliquen o contacto habitual con persoas menores de idade.

CAPÍTULO VI

Do ámbito sanitario

Artigo 38. Actuacións no ámbito sanitario.

1. As administracións sanitarias, no seo do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde, promoverán e impulsarán actuacións para a promoción do bo trato á infancia e á adolescencia, así como para a prevención e detección precoz da violencia sobre os nenos, nenas e adolescentes, e dos seus factores de risco, no marco do protocolo común de actuación sanitaria previsto no artigo 39.2.

2. Sen prexuízo do disposto no número anterior, as administracións sanitarias competentes promoverán a elaboración de protocolos específicos de actuación, no ámbito das súas competencias, que faciliten a promoción do bo trato, a identificación de factores de risco e a prevención e detección precoz da violencia sobre nenos, nenas e adolescentes, así como as medidas que se adoptarán para a adecuada asistencia e recuperación das vítimas, e que deberán ter en conta as especificidades das actuacións que se desenvolvan cando a vítima de violencia sexa unha persoa con discapacidade, problemas graves do neurodesenvolvemento, problemas de saúde mental ou en que concorra calquera outra situación de especial vulnerabilidade. Promoverase, así mesmo, a coordinación con todos os axentes implicados.

3. As administracións sanitarias competentes facilitarán o acceso dos nenos, nenas e adolescentes á información, aos servizos de tratamento e recuperación, garantindo a atención universal e accesible a todos aqueles que se encontren nas situacións de desprotección, risco e violencia a que se refire esta lei. Especialmente, garantirase unha atención á saúde mental integral reparadora e adecuada á súa idade.

Artigo 39. Comisión fronte á violencia nos nenos, nenas e adolescentes.

1. De acordo co previsto no artigo 74 da Lei 16/2003, do 28 de maio, de cohesión e calidade do Sistema nacional de saúde, o Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde acordará, no prazo dun ano contado desde a entrada en vigor desta lei, a creación dunha Comisión fronte á violencia nos nenos, nenas e adolescentes. A dita comisión contará con expertos dos institutos de medicina legal e ciencias forenses designados polo Ministerio de Xustiza, xunto con expertos das profesións sanitarias implicadas na prevención, valoración e tratamento das vítimas de violencia contra os nenos, nenas e adolescentes.

2. A Comisión fronte á violencia nos nenos, nenas e adolescentes apoiará e orientará a planificación das medidas con incidencia sanitaria previstas na lei e elaborará, no prazo de seis meses desde a súa constitución, un protocolo común de actuación sanitaria que avalíe e propoña as medidas necesarias para a correcta aplicación da lei e calquera outra medida que se considere precisa para que o sector sanitario contribúa á erradicación da violencia sobre a infancia e a adolescencia. Este protocolo establecerá os procedementos de comunicación das sospeitas ou evidencias de casos de violencia sobre a infancia e a adolescencia aos servizos sociais correspondentes, así como a colaboración co xulgado de garda, as forzas e corpos de seguridade, a entidade pública de protección á infancia e o Ministerio Fiscal. Para a redacción do mencionado protocolo procurárase contar coa participación doutras administracións públicas, institucións e profesionais dos diferentes sectores implicados na prevención, detección precoz, protección e reparación da violencia sobre a infancia e a adolescencia.

3. Así mesmo, a citada comisión emitirá un informe anual que incluíra os datos dispoñibles sobre a atención sanitaria das persoas menores de idade vítimas de violencia, desagregados por sexo e idade, así como información sobre a implementación das medidas con incidencia sanitaria recollidas na lei. Este informe será remitido ao Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde e ao Observatorio Estatal da Infancia, e os seus resultados serán incluídos no informe anual de avaliación da Estratexia de erradicación da violencia sobre a infancia e a adolescencia previsto no artigo 21.2.

Artigo 40. Actuacións dos centros e servizos sanitarios ante posibles situacións de violencia.

1. Todos os centros e servizos sanitarios en que se preste asistencia sanitaria a unha persoa menor de idade como consecuencia de calquera tipo de violencia deberán aplicar o protocolo común de actuación sanitaria previsto no artigo 39.2, incluída a alta hospitalaria.

2. Os rexistros relativos á atención das persoas menores de idade vítimas de violencia quedarán incorporados na súa historia clínica e a súa protección observará o disposto no artigo 16.3 desta lei.

CAPÍTULO VII

Do ámbito dos servizos sociais

Artigo 41. Actuacións por parte dos servizos sociais.

1. O persoal funcionario que leve a cabo a súa actividade profesional nos servizos sociais, no exercicio das súas funcións relativas á protección dos nenos, nenas e adolescentes, terá a condición de axente da autoridade e poderá solicitar, no seu ámbito xeográfico correspondente, a colaboración das forzas e corpos de seguridade, dos servizos sanitarios e de calquera servizo público que sexa necesario para a súa intervención.

2. Co fin de responder de forma adecuada ás situacións de urxencia que poidan presentarse e mentres non se poida derivar o caso á entidade pública de protección á infancia, cada comunidade autónoma determinará o procedemento para que os funcionarios que desenvolven a súa actividade profesional nos servizos sociais de atención primaria poidan adoptar as medidas oportunas de coordinación para garantir a mellor protección das persoas menores de idade vítimas de violencia.

Sen prexuízo do anterior e do deber de comunicación cualificado previsto no artigo 16, cando os servizos sociais de atención primaria teñan coñecemento dun caso de violencia no cal a persoa menor de idade se encontre, ademais, en situación de desprotección, comunicaranllo inmediatamente á entidade pública de protección á infancia.

3. Cando a gravidade o requira, os e as profesionais dos servizos sociais ou as forzas e corpos de seguridade poderán acompañar a persoa menor de idade a un centro sanitario para que reciba a atención que precise, e informarán os seus proxenitores ou a quen exerza funcións de tutela, garda ou acollemento, salvo que se sospeite que a mencionada violencia foi exercida por estes, caso en que se porá en coñecemento do Ministerio Fiscal.

Artigo 42. *Dos equipos de intervención.*

1. As administracións públicas competentes dotarán os servizos sociais de atención primaria e especializada de profesionais e equipos de intervención familiar e coa infancia e a adolescencia, especialmente adestrados na detección precoz, valoración e intervención fronte á violencia exercida sobre as persoas menores de idade.

2. Os equipos de intervención dos servizos sociais que traballen no ámbito da violencia sobre as persoas menores de idade deberán estar constituídos, preferentemente, por profesionais da educación social, da psicoloxía e do traballo social e, cando sexa necesario, da avogacía, especializados en casos de violencia sobre a infancia e a adolescencia.

Artigo 43. *Plan de intervención.*

1. En todos os casos en que exista risco ou sospeita de violencia sobre os nenos, nenas ou adolescentes, os servizos sociais de atención primaria establecerán, de forma coordinada coa entidade pública de protección á infancia, as vías para apoiar a familia no exercicio positivo das súas funcións parentais de protección. En caso necesario, os servizos sociais deseñarán e levarán a cabo un plan de intervención familiar individualizado de forma coordinada e coa participación do resto de ámbitos implicados.

2. A valoración por parte dos servizos sociais de atención primaria dos casos de violencia sobre a infancia e a adolescencia deberá realizarse, sempre que sexa posible, de forma interdisciplinar e coordinada coa entidade pública de protección á infancia e con aqueles equipos e profesionais dos ámbitos da saúde, a educación, a xudicatura ou a seguridade existentes no territorio que poidan achegar información sobre a situación da persoa menor de idade e o seu contorno familiar e social.

Naquelas situacións que se consideren de especial gravidade pola tipoloxía do acto violento, especialmente nos casos de delitos de natureza sexual, requirirase da intervención dun profesional especializado desde a comunicación ou detección do caso.

3. Corresponderá aos servizos sociais de atención primaria a recollida da información sobre os posibles casos de violencia, e concretar, coa participación dos e das profesionais correspondentes, a análise interdisciplinar do caso, solicitando, sempre que sexa necesario, o apoio ou intervención da entidade pública de protección á infancia, así como, se for o caso, dos servizos de atención a mulleres vítimas de violencia de xénero da comunidade autónoma correspondente. As actuacións levadas a cabo polos servizos sociais de atención primaria no marco do plan de intervención sobre casos de risco ou sospeita de maltrato infantil notificaranse aos servizos sociais especializados de protección de menores.

4. Os poderes públicos garantirán aos nenos, nenas e adolescentes vítimas de delitos violentos e, en todo caso, de delitos de natureza sexual, de trata ou de violencia de xénero unha atención integral para a súa recuperación a través de servizos especializados.

Artigo 44. *Seguimento e rexistro dos casos de violencia sobre as persoas menores de idade.*

1. Os servizos sociais de atención primaria deberán establecer, de conformidade co procedemento que se regule en cada comunidade autónoma, un sistema de seguimento e rexistro dos casos de violencia sobre a infancia e a adolescencia no cal consten as notificacións e comunicacións recibidas, os casos confirmados e as distintas medidas postas en marcha en relación coa intervención dos ditos servizos sociais.

2. A información estatística de casos de violencia sobre a infancia e a adolescencia procedente dos servizos sociais de atención primaria, xunto coa procedente da entidade pública de protección á infancia, será incorporada, coa desagregación establecida, no Rexistro Unificado de Maltrato Infantil a que se refire o artigo 22 ter da Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, e que pasa a denominarse Rexistro Unificado de Servizos Sociais sobre Violencia contra a Infancia (en diante, RUSVI).

CAPÍTULO VIII

Das novas tecnoloxías

Artigo 45. *Uso seguro e responsable da internet.*

1. As administracións públicas desenvolverán campañas de educación, sensibilización e difusión dirixidas aos nenos, nenas e adolescentes, familias, educadores e outros profesionais que traballen habitualmente con persoas menores de idade sobre o uso seguro e responsable da internet e as tecnoloxías da información e da comunicación, así como sobre os riscos derivados dun uso inadecuado que poidan xerar fenómenos de violencia sexual contra os nenos, nenas e adolescentes como o *ciberbullying*, o *grooming*, a ciberviolencia de xénero ou o *sexting*, así como o acceso e consumo de pornografía entre a poboación menor de idade.

Así mesmo, fomentarán medidas de acompañamento ás familias, reforzando e apoiando o rol dos proxenitores a través do desenvolvemento de competencias e habilidades que favorezan o cumprimento das súas obrigacións legais e, en particular, as establecidas no artigo 84.1 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2. As administracións públicas porán á disposición dos nenos, nenas e adolescentes, familias, persoal educador e outros profesionais que traballen habitualmente con persoas menores de idade un servizo específico de liña de axuda sobre o uso seguro e responsable da internet, que ofrezca aos usuarios asistencia e asesoramento ante situacións potenciais de risco e emerxencia das persoas menores de idade na internet.

3. As administracións públicas deberán adoptar medidas para incentivar a responsabilidade social das empresas en materia de uso seguro e responsable da internet pola infancia e a adolescencia.

Así mesmo, fomentarán, en colaboración co sector privado, que o inicio e desenvolvemento de aplicacións e servizos dixitais teña en conta a protección á infancia e á adolescencia.

4. As campañas institucionais de prevención e información deben incluír entre os seus obxectivos a prevención sobre contidos dixitais sexuais e/ou violentos que poden influír e ser prexudiciais para a infancia e adolescencia.

Artigo 46. *Diagnóstico e control de contidos.*

1. As administracións públicas, no ámbito das súas competencias, deberán realizar periodicamente diagnósticos, tendo en conta criterios de idade e xénero, sobre o uso seguro da internet entre os nenos, nenas e adolescentes e as problemáticas de risco asociadas, así como das novas tendencias.

2. As administracións públicas fomentarán a colaboración co sector privado, para a creación de contornos dixitais seguros, unha maior estandarización no uso da clasificación por idades e a etiquetaxe intelixente de contidos dixitais, para coñecemento dos nenos, nenas e adolescentes e apoio dos proxenitores, ou de quen exerza funcións de tutela, garda ou acollemento, na avaliación e selección de tipos de contidos, servizos e dispositivos.

Ademais, as administracións públicas fomentarán a implementación e o uso de mecanismos de control parental que axuden a protexer as persoas menores de idade do risco de exposición a contidos e contactos nocivos, así como dos mecanismos de denuncia e bloqueo.

3. As administracións públicas, en colaboración co sector privado e o terceiro sector, fomentarán os contidos positivos en liña e o desenvolvemento de contidos adaptados ás necesidades dos diferentes grupos de idade, impulsando entre a industria códigos de autorregulación e corregulación para o uso seguro e responsable no desenvolvemento de produtos e servizos destinados ao público infantil e adolescente, así como fomentar e reforzar a incorporación por parte da industria de mecanismos de control parental dos contidos ofrecidos ou mediante a posta en marcha de protocolos de verificación de idade, en aplicacións e servizos dispoñibles na internet para impedir o acceso aos reservados a adultos.

4. As administracións públicas traballarán para conseguir que nos envases dos instrumentos das novas tecnoloxías deba figurar un aviso mediante o cal se advirta da necesidade dun uso responsable destas tecnoloxías para previr condutas adictivas específicas. Así mesmo, recoméndase ás persoas adultas responsables da educación da infancia e adolescencia a vixilancia e responsabilidade no uso adecuado destas tecnoloxías.

CAPÍTULO IX

Do ámbito do deporte e o lecer

Artigo 47. *Protocolos de actuación fronte á violencia no ámbito deportivo e de lecer.*

As administracións públicas, no ámbito das súas competencias, regularán protocolos de actuación que recollerán as actuacións para construír un contorno seguro no ámbito deportivo e de lecer e que deben seguirse para a prevención, detección precoz e intervención, fronte ás posibles situacións de violencia sobre a infancia e a adolescencia comprendidas no ámbito deportivo e de lecer.

Os ditos protocolos deberán ser aplicados en todos os centros que realicen actividades deportivas e de lecer, independentemente da súa titularidade e, en todo caso, na Rede de centros de alto rendemento e tecnificación deportiva, federacións deportivas e escolas municipais.

Artigo 48. *Entidades que realizan actividades deportivas ou de lecer con persoas menores de idade de forma habitual.*

1. As entidades que realizan de forma habitual actividades deportivas ou de lecer con persoas menores de idade están obrigadas:

a) A aplicar os protocolos de actuación a que se refire o artigo anterior que adopten as administracións públicas no ámbito deportivo e de lecer.

b) A implantar un sistema de monitorización para asegurar o cumprimento dos protocolos anteriores en relación coa protección das persoas menores de idade.

c) A designar a figura do delegado ou delegada de protección ao cal as persoas menores de idade poidan acudir para expresar as súas inquiredanzas e quen se encargará da difusión e o cumprimento dos protocolos establecidos, así como de iniciar as comunicacións pertinentes nos casos en que se detectase unha situación de violencia sobre a infancia ou a adolescencia.

d) A adoptar as medidas necesarias para que a práctica do deporte, da actividade física, da cultura e do lecer non sexa un escenario de discriminación por idade, raza, discapacidade, orientación sexual, identidade sexual ou expresión de xénero, ou calquera outra circunstancia persoal ou social, traballando cos propios nenos, nenas e adolescentes, así como coas súas familias e profesionais, no rexeitamento ao uso de insultos e expresións degradantes e discriminatorias.

e) A fomentar a participación activa dos nenos, nenas e adolescentes en todos os aspectos da súa formación e desenvolvemento integral.

f) A fomentar e reforzar as relacións e a comunicación entre as organizacións deportivas e os proxenitores ou quen exerza funcións de tutela, garda ou acollemento.

2. Así mesmo, ademais da formación a que se refire o artigo 5, aqueles que traballen nas citadas entidades deberán recibir formación específica para atender adecuadamente as diferentes aptitudes e capacidades dos nenos, nenas e adolescentes con discapacidade para o fomento e o desenvolvemento do deporte inclusivo destes.

CAPÍTULO X

Das forzas e corpos de seguridade

Artigo 49. *Unidades especializadas.*

1. As forzas e corpos de seguridade do Estado, das comunidades autónomas e das entidades locais actuarán como contornos seguros para a infancia e a adolescencia. Con tal finalidade, contarán con unidades especializadas na investigación e prevención, detección e actuación de situacións de violencia sobre a infancia e a adolescencia e preparadas para unha correcta e adecuada intervención ante tales casos.

As administracións competentes adoptarán as medidas necesarias para garantir que nos procesos de ingreso, formación e actualización do persoal das forzas e corpos de seguridade se inclúan contidos específicos sobre o tratamento de situacións de violencia sobre a infancia e a adolescencia desde unha perspectiva policial.

2. As distintas forzas e corpos de seguridade que actúen nun mesmo territorio colaborarán, dentro do seu ámbito competencial, para lograr un eficaz desenvolvemento das súas funcións no ámbito da loita contra a violencia exercida sobre a infancia e a adolescencia, nos termos previstos na Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo, de forzas e corpos de seguridade.

3. As administracións públicas, no ámbito das súas competencias, potenciarán o labor das forzas e corpos de seguridade mediante o desenvolvemento de ferramentas tecnolóxicas interoperables que faciliten a investigación dos delitos.

Artigo 50. *Criterios de actuación.*

1. A actuación dos membros das forzas e corpos de seguridade nos casos de violencia sobre a infancia e a adolescencia rexeráse polo respecto aos dereitos dos nenos, nenas e adolescentes e a consideración do seu interese superior.

2. Os membros das forzas e corpos de seguridade actuarán de conformidade cos protocolos de actuación policial con persoas menores de idade, así como calquera outro protocolo aplicable. Neste sentido, as forzas e corpos de seguridade estatais, autonómicas e locais contarán cos protocolos necesarios para a prevención, sensibilización, detección

precoz, investigación e intervención en situacións de violencia sobre a infancia e a adolescencia, co fin de procurar unha correcta e adecuada intervención ante tales casos.

En todo caso, procederán conforme os seguintes criterios:

- a) Adoptaranse de forma inmediata todas as medidas provisionais de protección que resulten adecuadas á situación da persoa menor de idade.
- b) Só se practicarán dilixencias con intervención da persoa menor de idade que sexan estritamente necesarias. Por regra xeral, a declaración do menor realizarase nunha soa ocasión e, sempre, a través de profesionais especificamente formados.
- c) Practicaranse sen dilación todas as dilixencias imprescindibles que impliquen a intervención da persoa menor de idade, unha vez comprobado que se encontra en disposición de someterse ás ditas intervencións.
- d) Impedirase calquera tipo de contacto directo ou indirecto en dependencias policiais entre a persoa investigada e o neno, nena ou adolescente.
- e) Permitirase ás persoas menores de idade, que así o soliciten, formular denuncia por si mesmas e sen necesidade de estaren acompañadas dunha persoa adulta.
- f) Será informado sen demora o neno, nena ou adolescente do seu dereito á asistencia xurídica gratuíta e, se así o desexa, requirirase ao Colexio de Avogados competente a designación inmediata de avogado ou avogada da quenda de oficio específico para a súa comparecencia en dependencias policiais.
- g) Dispensarase un bo trato ao neno, nena ou adolescente, con adaptación da linguaxe e as formas á súa idade, grao de madurez e resto de circunstancias persoais.
- h) Procurarase que o neno, nena ou adolescente se encontre en todo momento en compañía dunha persoa da súa confianza designada libremente por el ou ela mesma nun contorno seguro, salvo que se observe o risco de que esa persoa podería actuar en contra do seu interese superior, do cal deberá deixarse constancia mediante declaración oficial.

CAPÍTULO XI

Da Administración xeral do Estado no exterior

Artigo 51. *Embaixadas e consulados.*

1. Corresponde ás embaixadas e ás oficinas consulares de España no exterior, de acordo co establecido en artigo 5.h) do Convenio de relacións consulares de Viena e demais normativa internacional neste ámbito, a protección dos intereses dos menores de nacionalidade española que se encontren no estranxeiro. Esa protección guiarase polos principios xerais recollidos neles.

2. O Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación, a través da Dirección Xeral de Asuntos Consulares e Españóis no Exterior, coordinará coa Dirección Xeral de Dereitos da Infancia e da Adolescencia do Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030 ou coa unidade que se determine, as actuacións dos menores españois no exterior, especialmente nos casos en que se prevexa o retorno a España destes.

CAPÍTULO XII

Da Axencia Española de Protección de Datos

Artigo 52. *Da Axencia Española de Protección de Datos.*

1. A Axencia Española de Protección de Datos exercerá as funcións e potestades que lle corresponden, de acordo co previsto no artigo 47 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, co fin de garantir unha protección específica dos datos persoais das persoas menores de idade nos casos de violencia exercida sobre a infancia e a adolescencia, especialmente cando se realice a través das tecnoloxías da información e da comunicación.

2. A Axencia garantirá a dispoñibilidade dunha canle accesible e segura de denuncia da existencia de contidos ilícitos na internet que comportasen un menoscabo grave do dereito á protección de datos persoais.

3. Permitirase ás persoas menores de idade que así o soliciten formular denuncia por si mesmas e sen necesidade de estar acompañadas dunha persoa adulta, sempre que o funcionario público encargado considere que teñen madurez suficiente.

4. As persoas maiores de catorce anos poderán ser sancionadas por feitos constitutivos de infracción administrativa de acordo coa normativa sobre protección de datos persoais.

5. Cando a autoría dos feitos cometidos corresponda a unha persoa menor de dezoito anos, responderán solidariamente con ela da multa imposta os seus proxenitores, titores, acolledores e gardadores legais ou de feito, por esta orde, en razón ao incumprimento do deber de coidado e vixilancia para previr a infracción administrativa que se impute ás persoas menores de idade.

TÍTULO IV

Das actuacións en centros de protección

Artigo 53. *Protocolos de actuación nos centros de protección de persoas menores de idade.*

1. Todos os centros de protección de persoas menores de idade serán contornos seguros e, independentemente da súa titularidade, están obrigados a aplicar os protocolos de actuación que estableza a entidade pública de protección á infancia, que conterán as actuacións que deben seguirse para a prevención, detección precoz e intervención fronte ás posibles situacións de violencia comprendidas no ámbito de aplicación desta lei. Estas administracións deberán aprobar estándares e indicadores que permitan avaliar a eficacia destes protocolos no seu ámbito de aplicación.

Entre outros aspectos, os protocolos:

a) Determinarán a forma de iniciar o procedemento, os sistemas de comunicación e a coordinación dos e das profesionais responsables de cada actuación.

b) Establecerán mecanismos de queixa e denuncia sinxelos, accesibles, seguros e confidenciais para informar, de forma que os nenos, nenas e adolescentes sexan tratados sen risco de sufrir represalias. As respostas a estas queixas serán susceptibles de ser impugnadas. En todo caso, as persoas menores de idade terán dereito a remitir queixas de forma confidencial ao Ministerio Fiscal, á autoridade xudicial competente e ao Defensor do Pobo ou ante as institucións autonómicas homólogas.

c) Garantir que, no momento do ingreso, o centro de protección facilite á persoa menor de idade, por escrito e en idioma e formato que lle resulte comprensible e accesible, as normas de convivencia e o réxime disciplinario que rexe no centro, así como información sobre os mecanismos de queixa e de comunicación existentes.

d) Deberán recoller actuacións específicas cando o acoso teña como motivación a discapacidade, o racismo ou o lugar de orixe, a orientación sexual, a identidade ou expresión de xénero. De igual modo, eses protocolos deberán prever actuacións específicas cando o acoso se leve a cabo a través das novas tecnoloxías das persoas menores de idade ou de dispositivos móbiles e se menoscabase a intimidade e reputación.

e) Deberán ter en conta as situacións en que é aconsellable o traslado da persoa menor de idade a outro centro para garantir o seu interese superior e o seu benestar.

2. O previsto neste artigo enténdese sen prexuízo do sinalado no capítulo IV do título II da Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, e no artigo 778 bis da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil, con respecto a centros específicos de protección de menores con problemas de conduta.

Artigo 54. *Intervención ante casos de explotación sexual e trata de persoas menores de idade suxeitas a medidas de protección.*

Os protocolos a que se refire o artigo anterior deberán conter actuacións específicas de prevención, detección precoz e intervención en posibles casos de abuso, explotación sexual e trata de seres humanos que teñan como vítimas persoas menores de idade suxeitas a medidas protectoras e que residan en centros residenciais baixo a súa responsabilidade. Terase moi especialmente en conta para a elaboración destas actuacións a perspectiva de xénero, así como as medidas necesarias de coordinación co Ministerio Fiscal, as forzas e corpos de seguridade e o resto de axentes sociais implicados.

Artigo 55. *Supervisión por parte do Ministerio Fiscal.*

1. O Ministerio Fiscal realizará visitas periodicamente, de acordo co previsto na normativa interna dos centros de protección de persoas menores de idade, para supervisar o cumprimento dos protocolos de actuación e dar seguimento aos mecanismos de comunicación de situacións de violencia, así como escoitar os nenos, nenas e adolescentes que así o soliciten.

2. As entidades públicas de protección á infancia manterán comunicación de carácter permanente co Ministerio Fiscal e, se for o caso, coa autoridade xudicial que acordou o ingreso, sobre as circunstancias relevantes que poidan producirse durante a estadía nun centro que afecte a persoa menor de idade, así como a necesidade de mantelo.

TÍTULO V

Da organización administrativa

CAPÍTULO I

Rexistro Central de Información

Artigo 56. *Rexistro Central de Información sobre a Violencia contra a Infancia e a Adolescencia.*

1. Coa finalidade de compartir información que permita o coñecemento uniforme da situación da violencia contra a infancia e a adolescencia, o Goberno establecerá, mediante real decreto, a creación do Rexistro Central de Información sobre a Violencia contra a Infancia e a Adolescencia, así como a información concreta e o procedemento a través do cal o Consello Xeral do Poder Xudicial, as forzas e corpos de seguridade, o RUSVI e as distintas administracións públicas deben subministrar os datos requiridos ao rexistro.

O real decreto sinalará a información que debe notificarse anonimizada ao Rexistro que, como mínimo, comprenderá os seguintes aspectos:

- a) Con respecto ás vítimas: idade, sexo, tipo de violencia, gravidade, nacionalidade e, se for o caso, discapacidade.
- b) Con respecto ás persoas agresoras: idade, sexo e relación coa vítima.
- c) Información policial (denuncias, vitimizacións, etc.) e xudicial.
- d) Medidas postas en marcha, fronte á violencia sobre a infancia e adolescencia.

2. O Rexistro Central de Información sobre a Violencia contra a Infancia e a Adolescencia quedará adscrito organicamente ao departamento ministerial que teña atribuídas as competencias en políticas de infancia.

3. Cos datos obtidos polo Rexistro publicarase anualmente un informe da situación da violencia contra a infancia e a adolescencia ao cal se dará a maior publicidade posible.

CAPÍTULO II

Da certificación negativa do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais e de Trata de Seres Humanos

Artigo 57. *Requisito para o acceso a profesións, oficios e actividades que impliquen contacto habitual con persoas menores de idade.*

1. Será requisito para o acceso e exercicio de calquera profesión, oficio e actividade que implique contacto habitual con persoas menores de idade non ter sido condenado por sentenza firme por calquera delito contra a liberdade e indemnidade sexuais tipificado no título VIII da Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal, así como por calquera delito de trata de seres humanos tipificado no título VII bis do Código penal. Para tal efecto, quen pretenda o acceso a tales profesións, oficios ou actividades deberá acreditar esta circunstancia mediante a achega dunha certificación negativa do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais.

2. Para os efectos desta lei, son profesións, oficios e actividades que implican contacto habitual con persoas menores de idade todas aquelas, retribuídas ou non, que, pola súa propia natureza e esencia, comportan o trato repetido, directo e regular e non meramente ocasional con nenos, nenas ou adolescentes, así como, en todo caso, todas aquelas que teñan como destinatarios principais persoas menores de idade.

3. Queda prohibido que as empresas e entidades dean ocupación en calquera profesión, oficio e actividade que implique contacto habitual con persoas menores de idade a quen teña antecedentes no Rexistro Central de Delincuentes Sexuais e de Trata de Seres Humanos.

Artigo 58. *Consecuencias da existencia de antecedentes en caso de persoas traballadoras ou aquelas que realicen unha práctica non laboral que comporte a alta na Seguridade Social.*

1. A existencia de antecedentes no Rexistro Central de Delincuentes Sexuais e de Trata de Seres Humanos ao inicio da actividade naqueles traballos ou actividades que impliquen contacto habitual con persoas menores comportará a imposibilidade legal de contratación.

2. A existencia sobrevida de antecedentes no Rexistro Central de Delincuentes Sexuais e de Trata de Seres Humanos comportará o cesamento inmediato da relación laboral por conta allea ou das prácticas non laborais. Non obstante, sempre que sexa posible, en atención ás circunstancias concorrentes no centro de traballo e á actividade desenvolvida nel, a empresa poderá efectuar un cambio de posto de traballo sempre que a nova ocupación impida o contacto habitual con persoas menores de idade.

De conformidade co anterior, o traballador por conta allea deberá comunicar ao seu empregador calquera cambio que se produza no dito rexistro respecto da existencia de antecedentes, incluso cando estes deriven de feitos anteriores ao inicio da súa relación laboral. A omisión desta comunicación será considerada como incumprimento grave e culpable para os efectos do disposto no artigo 54.2.d) do Estatuto dos traballadores.

Esta obrigação de comunicación, así como as consecuencias do seu incumprimento, deberán incluírse tamén nos acordos que se subscriban entre as empresas e os beneficiarios das prácticas non laborais que se formalicen ao abeiro do Real decreto 1543/2011, do 31 de decembro, polo que se regulan as prácticas non laborais en empresas.

Artigo 59. *Consecuencias do incumprimento do requisito en caso de persoas que realicen actividades en réxime de voluntariado.*

1. A existencia de antecedentes no Rexistro Central de Delincuentes Sexuais e de Trata de Seres Humanos ao inicio da actividade naquelas actividades de voluntariado que impliquen o contacto habitual con persoas menores de idade obriga a entidade de

voluntariado a prescindir de forma inmediata do voluntario ou voluntaria. Para tal efecto, quen pretenda o acceso a tales actividades deberá acreditar esta circunstancia mediante a achega dunha certificación negativa do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais.

2. A existencia sobrevida de antecedentes no Rexistro Central de Delincuentes Sexuais e de Trata de Seres Humanos comportará a fin inmediata da participación da persoa voluntaria nas actividades que impliquen o contacto habitual con persoas menores. Non obstante, sempre que sexa posible, en atención ás circunstancias concorrentes na entidade e á actividade desenvolvida nel, a entidade poderá efectuar un cambio de actividade de voluntariado sempre que esta non supoña o contacto habitual con persoas menores de idade.

3. As comunidades autónomas establecerán, mediante norma con rango de lei, o réxime sancionador correspondente ao incumprimento das obrigacións establecidas no artigo 57.1.

Artigo 60. *Cancelación de antecedentes no Rexistro Central de Delincuentes Sexuais e de Trata de Seres Humanos.*

1. Os antecedentes que figuren como cancelados no Rexistro Central de Delincuentes Sexuais e de Trata de Seres Humanos non se tomarán en consideración para os efectos de limitar o acceso e exercicio de profesións, oficios e actividades que impliquen contacto habitual con menores de idade.

2. Instada pola persoa interesada a cancelación de antecedentes no Rexistro Central de Delincuentes Sexuais e de Trata de Seres Humanos, e transcorrido o prazo máximo de tres meses sen que a Administración ditase resolución, a petición entenderase desestimada por silencio administrativo, sen que sexa de aplicación a estes supostos o establecido no artigo 3 do Real decreto 1879/1994, do 16 de setembro, polo que se aproban determinadas normas procedementais en materia de xustiza e interior.

Disposición adicional primeira. *Dotación orzamentaria.*

O Estado e as comunidades autónomas, no ámbito das súas respectivas competencias, deberán dotar os xulgados e tribunais dos medios persoais e materiais necesarios para o adecuado cumprimento das novas obrigacións legais. Así mesmo, deberanse dotar os institutos de medicina legal, oficinas de atención ás vítimas, órganos técnicos que prestan asesoramento pericial ou asistencial e servizos sociais dos medios persoais e materiais necesarios para o adecuado cumprimento dos fins e obrigacións previstos nesta lei.

Disposición adicional segunda. *Solucións habitacionais e de apoio psicosocial.*

As administracións públicas, no ámbito das súas competencias, priorizarán as solucións habitacionais ante os desafuzamentos de familias en que algún dos seus membros sexa unha persoa menor de idade, e promoverán medidas de apoio psicosocial co fin de reducir o posible impacto emocional, sen prexuízo da consideración doutras situacións graves de vulnerabilidade.

Disposición adicional terceira. *Mellora dos datos de opinión pública.*

O Centro de Investigacións Sociolóxicas realizará, anualmente, unha enquisa acerca das opinións da poboación, tanto adulta como infantil e adolescente, con respecto á violencia exercida sobre os nenos, nenas e adolescentes e á utilidade das medidas establecidas na lei, que permita establecer series temporais para valorar os cambios sociais máis relevantes sobre a violencia cara á infancia e á adolescencia.

A enquisa terá perspectiva de discapacidade e xénero e garantirá que os nenos, nenas e adolescentes con discapacidade estean representados entre as persoas enquisadas.

Os resultados desta análise deberán ser incluídos no informe anual de avaliación da Estratexia de erradicación da violencia sobre a infancia e a adolescencia previsto no artigo 21.2.

Disposición adicional cuarta. *Gastos de persoal.*

As actuacións derivadas da aplicación e desenvolvemento desta lei que teñan incidencia sobre o persoal das administracións públicas axustaranse ás normas básicas sobre gastos de persoal que sexan de aplicación.

Disposición adicional quinta. *Referencias normativas.*

As referencias realizadas no ordenamento xurídico ao Rexistro Central de Delincuentes Sexuais deberán entenderse realizadas ao Rexistro Central de Delincuentes Sexuais e de Trata de Seres Humanos.

Así mesmo, as referencias realizadas no ordenamento xurídico ao Rexistro Unificado de Maltrato Infantil deberán entenderse realizadas ao Rexistro Unificado de Servizos Sociais sobre Violencia contra a Infancia.

Disposición adicional sexta. *Procedemento de comprobación automatizada dos antecedentes regulados nos artigos 57 a 60.*

1. No prazo dun ano, o Goberno establecerá os mecanismos necesarios que permitan a comprobación automática da inexistencia de antecedentes, nos casos en que a actividade comporte a alta na Seguridade Social ou en mutualidades de previsión social, mediante o cruzamento da información existente nas bases de datos de traballadores por conta allea, por conta propia e daqueles que realicen unha práctica non laboral, e a recollida no Rexistro Central de Delincuentes Sexuais e de Trata de Seres Humanos.

2. Así mesmo, o Goberno establecerá os mecanismos necesarios que permitan, para as persoas que desenvolvan actividades de voluntariado, a comprobación da inexistencia de antecedentes mediante o cruzamento da información recompilada polas asociacións en que desenvolvan a súa actividade voluntaria e a recollida no Rexistro Central de Delincuentes Sexuais e de Trata de Seres Humanos.

3. No mesmo sentido, o Goberno establecerá os mecanismos necesarios que permitan a comprobación automática da inexistencia de antecedentes no Rexistro Central de Delincuentes Sexuais e de Trata de Seres Humanos daquelas persoas que realicen prácticas non laborais que non precisen a alta na Seguridade Social.

Disposición adicional sétima. *Comisión de seguimento.*

1. Mediante orde dos ministros de Xustiza, de Interior e de Dereitos Sociais e Axenda 2030, por proposta da Dirección Xeral dos Dereitos da Infancia e da Adolescencia, crearase unha comisión de seguimento no prazo máximo dun ano a partir da aprobación desta lei, co obxecto de analizar a súa posta en marcha, as súas repercusións xurídicas e económicas e a avaliación do seu impacto.

A Comisión de seguimento poderá requirir a colaboración de todos os departamentos ministeriais e, en especial, dos ministerios de Sanidade, de Consumo, de Educación e Formación Profesional e de Igualdade mediante a participación nos asuntos que se consideren da súa competencia.

2. A Comisión deberá emitir no prazo máximo de dous anos, contados a partir da entrada en vigor desta lei, un informe razoado que inclúa a análise mencionada no número anterior e suxestións para a mellora do sistema.

3. Á luz do dito informe, os ministros de Xustiza, de Interior e de Dereitos Sociais e Axenda 2030 promoverán, se for o caso, as modificacións que consideren convenientes.

Disposición adicional oitava. *Acceso ao territorio aos nenos e nenas solicitantes de asilo.*

As autoridades competentes garantirán aos nenos e nenas en necesidade de protección internacional o acceso ao territorio e a un procedemento de asilo con independencia da súa nacionalidade e da súa forma de entrada en España, nos termos establecidos na Lei 12/2009, do 30 de outubro, reguladora do dereito de asilo e de protección subsidiaria.

Disposición adicional novena. *Seguridade Social das persoas acolledoras especializadas de dedicación exclusiva.*

Regulamentariamente, o Goberno determinará, no prazo dun ano desde a entrada en vigor da presente lei orgánica, o alcance e condicións da incorporación á Seguridade Social das persoas que sexan designadas como acolledoras especializadas de dedicación exclusiva, previstas no artigo 20.1 da Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, de modificación parcial do Código civil e da Lei de axuizamento civil, no réxime que lles corresponda, así como os requisitos e procedemento de afiliación, alta e cotización.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas todas as normas de igual ou inferior rango naquilo que contradigan ou se opoñan ao disposto nesta lei.

Disposición derradeira primeira. *Modificación da Lei de axuizamento criminal, aprobada polo Real decreto do 14 de setembro de 1882.*

A Lei de axuizamento criminal, aprobada polo Real decreto do 14 de setembro de 1882, queda modificada nos seguintes termos:

Un. Modifícase o primeiro parágrafo do número 1 do artigo 109 bis, que queda redactado como segue:

«Artigo 109 bis.

1. As vítimas do delito que non renunciaren ao seu dereito poderán exercer a acción penal en calquera momento antes do trámite de cualificación do delito, ben que isto non permitirá retrotraer nin reiterar as actuacións xa practicadas antes da súa constitución en parte. Se se constitúen en parte unha vez transcorrido o prazo para formular escrito de acusación poderán exercer a acción penal até o inicio do xuízo oral adheríndose ao escrito de acusación formulado polo Ministerio Fiscal ou do resto das acusacións constituídas en parte.»

Dous. Modifícase o artigo 110, que queda redactado como segue:

«Artigo 110.

As persoas prexudicadas por un delito que non renunciaren ao seu dereito poderán mostrarse parte na causa se o fan antes do trámite de cualificación do delito e exercer as accións civís que procedan, segundo lles conveña, sen que por isto se retroceda no curso das actuacións. Se se constitúen en parte unha vez transcorrido o termo para formular escrito de acusación poderán exercer a acción penal até o inicio do xuízo oral adheríndose ao escrito de acusación formulado polo Ministerio Fiscal ou do resto das acusacións constituídas en parte.

Aínda cando as persoas prexudicadas non se mostren parte na causa, non por isto se entende que renuncian ao dereito de restitución, reparación ou indemnización que ao seu favor pode acordarse en sentenza firme, e será necesario que a renuncia deste dereito se faga, se for o caso, dunha maneira clara e terminante.»

Tres. Modifícase o artigo 261, que queda redactado como segue:

«Artigo 261.

Tampouco estarán obrigados a denunciar:

1.º Quen sexa cónxuxe do delincuente non separado legalmente ou de feito ou a persoa que conviva con el en análoga relación de afectividade.

2.º Aqueles que sexan ascendentes e descendentes do delincente e os seus parentes colaterais até o segundo grao inclusive.

Esta disposición non será aplicable cando se trate dun delito contra a vida, dun delito de homicidio, dun delito de lesións dos artigos 149 e 150 do Código penal, dun delito de maltrato habitual previsto no artigo 173.2 do Código penal, dun delito contra a liberdade ou contra a liberdade e indemnidade sexual ou dun delito de trata de seres humanos e a vítima do delito sexa unha persoa menor de idade ou unha persoa con discapacidade necesitada de especial protección.»

Catro. Modifícase o punto primeiro do artigo 416, que queda redactado como segue:

«Están dispensados da obrigaón de declarar:

1. Os parentes do procesado en liñas directa ascendente e descendente, o seu cónxuxe ou persoa unida por relación de feito análoga á matrimonial, os seus irmáns consanguíneos ou uterinos e os colaterais consanguíneos até o segundo grao civil. O xuíz instructor advertirá á testemuña que estea comprendida no parágrafo anterior que non ten obrigaón de declarar en contra do procesado, pero que pode facer as manifestacións que considere oportunas, e o letrado da Administración de xustiza consignará a contestación que der a esta advertencia.

O disposto no punto anterior non será de aplicación nos seguintes casos:

1.º Cando a testemuña teña atribuída a representación legal ou garda de feito da vítima menor de idade ou con discapacidade necesitada de especial protección.

2.º Cando se trate dun delito grave, a testemuña sexa maior de idade e a vítima sexa unha persoa menor de idade ou unha persoa con discapacidade necesitada de especial protección.

3.º Cando, por razón da súa idade ou discapacidade, a testemuña non poida comprender o sentido da dispensa. Para tal efecto, o xuíz oirá previamente a persoa afectada e poderá solicitar o auxilio de peritos para resolver.

4.º Cando a testemuña estea ou estivese constituída en parte no procedemento como acusación particular.

5.º Cando a testemuña aceptase declarar durante o procedemento despois de ser debidamente informada do seu dereito a non facelo.»

Cinco. Suprímese o parágrafo cuarto do artigo 433.

Seis. Suprímese o parágrafo terceiro do artigo 448.

Sete. Introdúcese un artigo 449 bis co seguinte contido:

«Artigo 449 bis.

Cando, nos casos legalmente previstos, a autoridade xudicial acorde a práctica da declaración da testemuña como proba preconstituída, esta deberá desenvolverse de conformidade cos requisitos establecidos neste artigo.

A autoridade xudicial garantirá o principio de contradición na práctica da declaración. A ausencia da persoa investigada debidamente citada non impedirá a práctica da proba preconstituída, ben que a súa defensa letrada, en todo caso, deberá estar presente. En caso de incomparecencia inxustificada do defensor da persoa investigada ou cando haxa razóns de urxencia para proceder inmediatamente, o acto substanciarase co avogado de oficio expresamente designado para o efecto.

A autoridade xudicial asegurará a documentación da declaración en soporte apto para a gravación do son e da imaxe, e o letrado da Administración de xustiza, de forma inmediata, deberá comprobar a calidade da gravación audiovisual. Xuntarase acta sucinta autorizada polo letrado da Administración de xustiza, que conterá a identificación e sinatura de todas as persoas intervinientes na proba preconstituída.

Para a valoración da proba preconstituída, obtida conforme o previsto nos parágrafos anteriores, observarase o disposto no artigo 730.2.»

Oito. Introdúcese un artigo 449 ter co seguinte contido:

«Artigo 449 ter.

Cando unha persoa menor de catorce anos ou unha persoa con discapacidade necesitada de especial protección deba intervir en condición de testemuña nun procedemento xudicial que teña por obxecto a instrución dun delito de homicidio, lesións, contra a liberdade, contra a integridade moral, trata de seres humanos, contra a liberdade e indemnidade sexuais, contra a intimidade, contra as relacións familiares, relativos ao exercicio de dereitos fundamentais e liberdades públicas, de organizacións e grupos criminais e terroristas e de terrorismo, a autoridade xudicial acordará, en todo caso, practicar a audiencia do menor como proba preconstituída, con todas as garantías da práctica de proba no xuízo oral e de conformidade co establecido no artigo anterior. Este proceso realizarase con todas as garantías de accesibilidade e apoios necesarios.

A autoridade xudicial poderá acordar que a audiencia do menor de catorce anos se practique a través de equipos psicosociais que apoiarán o tribunal de maneira interdisciplinar e interinstitucional, recollendo o traballo dos profesionais que interviñesen anteriormente e estudando as circunstancias persoais, familiares e sociais da persoa menor ou con discapacidade, para mellorar o tratamento destes e o rendemento da proba. Neste caso, as partes trasladarán á autoridade xudicial as preguntas que consideren oportunas, a cal, logo de control da súa pertinencia e utilidade, llas facilitará ás persoas expertas. Unha vez realizada a audiencia do menor, as partes poderán solicitar, nos mesmos termos, aclaracións á testemuña. A declaración sempre será gravada e o xuíz, logo de audiencia das partes, poderá solicitar do perito un informe que dea conta do desenvolvemento e resultado da audiencia do menor.

Para o suposto de que a persoa investigada estiver presente na audiencia do menor, evitárase a súa confrontación visual coa testemuña, utilizando para isto, se for necesario, calquera medio técnico.

As medidas previstas neste artigo poderán ser aplicables cando o delito teña a consideración de leve.»

Nove. Modifícanse os números 6 e 7 do artigo 544 ter, que quedan redactados como segue:

«6. As medidas cautelares de carácter penal poderán consistir en calquera das previstas na lexislación procesual criminal. Os seus requisitos, contido e vixencia serán os establecidos con carácter xeral nesta lei. Adoptaraas o xuíz de instrución, atendendo á necesidade de protección integral e inmediata da vítima e, se for o caso, das persoas sometidas á súa patria potestade, tutela, curatela, garda ou acollemento.

7. As medidas de natureza civil deberán ser solicitadas pola vítima ou polo seu representante legal, ou ben polo Ministerio Fiscal cando existan fillos menores ou persoas coa capacidade xudicialmente modificada, determinando o seu réxime de cumprimento e, se proceder, as medidas complementarias a elas que sexan precisas, sempre que non fosen previamente acordadas por un órgano da orde xurisdiccional civil, e sen prexuízo das medidas previstas no artigo 158 do Código civil. Cando existan menores ou persoas con discapacidade necesitadas de especial protección que convivan coa vítima e dependan dela, o xuíz deberá pronunciarse en todo caso, mesmo de oficio, sobre a pertinencia da adopción das referidas medidas.

Estas medidas poderán consistir na forma en que se exercerá a patria potestade, acollemento, tutela, curatela ou garda de feito, atribución do uso e desfrute da vivenda familiar, determinar o réxime de garda e custodia, suspensión ou

mantemento do réxime de visitas, comunicación e estadía cos menores ou persoas con discapacidade necesitadas de especial protección, o réxime de prestación de alimentos, así como calquera disposición que se considere oportuna co fin de apartalos dun perigo ou de evitarlles prexuízos.

Cando se dite unha orde de protección con medidas de contido penal e existan indicios fundados de que os fillos e fillas menores de idade presenciaron, sufriron ou conviviron coa violencia a que se refire o número 1 deste artigo, a autoridade xudicial, de oficio ou por instancia de parte, suspenderá o réxime de visitas, estadía, relación ou comunicación do inculpado respecto dos menores que dependan del. Non obstante, por instancia de parte, a autoridade xudicial poderá non acordar a suspensión mediante resolución motivada no interese superior do menor e logo de avaliación da situación da relación paternofilia.

As medidas de carácter civil contidas na orde de protección terán unha vixencia temporal de trinta días. Se, dentro deste prazo, é incoado, por instancia da vítima ou do seu representante legal, un proceso de familia ante a xurisdición civil, as medidas adoptadas permanecerán en vigor durante os trinta días seguintes á presentación da demanda. Neste prazo as medidas deberán ser ratificadas, modificadas ou deixadas sen efecto polo xuíz de primeira instancia que resulte competente.»

Dez. Introdúcese un artigo 703 bis co seguinte contido:

«Artigo 703 bis.

Cando en fase de instrución, en aplicación do disposto no artigo 449 bis e seguintes, se practicase como proba preconstituída a declaración dunha testemuña, procederase, por instancia da parte interesada, á reprodución na vista da gravación audiovisual, de conformidade co artigo 730.2, sen que sexa necesaria a presenza da testemuña na vista.

Nos supostos previstos no artigo 449 ter, a autoridade xudicial só poderá acordar a intervención da testemuña no acto do xuízo, con carácter excepcional, cando sexa solicitada por algunha das partes e considerada necesaria en resolución motivada, asegurando que a gravación audiovisual conta cos apoios de accesibilidade cando a testemuña sexa unha persoa con discapacidade.

En todo caso, a autoridade xudicial encargada do axuizamento, por instancia de parte, poderá acordar a súa intervención na vista cando a proba preconstituída non reúna todos os requisitos previstos no artigo 449 bis e cause indefensión a algunha das partes.»

Once. Modifícase o parágrafo segundo do artigo 707, que queda redactado como segue:

«Fóra dos casos previstos no artigo 703 bis, cando unha persoa menor de dezaioito anos ou unha persoa con discapacidade necesitada de especial protección deba intervir no acto do xuízo, a súa declaración levarase a cabo, cando resulte necesario para impedir ou reducir os prexuízos que para ela poidan derivar do desenvolvemento do proceso ou da práctica da dilixencia, evitando a confrontación visual coa persoa inculpada. Con este fin, poderá ser utilizado calquera medio técnico que faga posible a práctica desta proba, incluída a posibilidade de que as testemuñas poidan ser oídas sen estaren presentes na sala mediante a utilización de tecnoloxías da comunicación accesible.»

Doce. Modifícase o artigo 730, que queda redactado como segue:

«Artigo 730.

1. Poderán tamén lerse ou reproducirse por instancia de calquera das partes as dilixencias practicadas no sumario, que, por causas independentes da vontade daquelas, non poidan ser reproducidas no xuízo oral.

2. Por instancia de calquera das partes, poderase reproducir a gravación audiovisual da declaración da vítima ou testemuña practicada como proba preconstituída durante a fase de instrución conforme o disposto no artigo 449 bis.»

Trece. Engádese un número 3 ao artigo 777, co seguinte contido:

«3. Cando unha persoa menor de catorce anos ou unha persoa con discapacidade necesitada de especial protección deba intervir en condición de testemuña, será de aplicación o disposto no artigo 449 ter, e a autoridade xudicial deberá practicar proba preconstituída, sempre que o obxecto do procedemento sexa a instrución dalgún dos delitos relacionados en tal artigo.

Para efectos da súa valoración como proba en sentenza, a parte a quen interese deberá instar no xuízo oral a reprodución da gravación audiovisual, nos termos do artigo 730.2.»

Catorce. Engádese un número 2 e renuméranse os números do 2 ao 6, que pasan a ser do 3 ao 7, no artigo 788, co seguinte contido:

«2. Será de aplicación o disposto no artigo 703 bis en canto á non intervención no acto do xuízo da testemuña cando se practicase proba preconstituída, de conformidade co disposto nos artigos 449 bis e seguintes.»

Disposición derradeira segunda. *Modificación do Código civil, aprobado polo Real decreto do 24 de xullo de 1889.*

Un. Modifícase o artigo 92 do Código civil, aprobado polo Real decreto do 24 de xullo de 1889, que queda redactado como segue:

«Artigo 92.

1. A separación, a nulidade e o divorcio non eximen os pais das súas obrigacións para cos fillos.

2. O xuíz, cando deba adoptar calquera medida sobre a custodia, o coidado e a educación dos fillos menores, velará polo cumprimento do seu dereito a seren oídos e emitirá unha resolución motivada no interese superior do menor sobre esta cuestión.

3. Na sentenza acordarase a privación da patria potestade cando no proceso se revele causa para isto.

4. Os pais poderán acordar no convenio regulador ou o xuíz poderá decidir, en beneficio dos fillos, que a patria potestade sexa exercida total ou parcialmente por un dos cónxuxes.

5. Acordarase o exercicio compartido da garda e custodia dos fillos cando así o soliciten os pais na proposta de convenio regulador ou cando ambos cheguen a este acordo no transcurso do procedemento.

6. En todo caso, antes de acordar o réxime de garda e custodia, o xuíz deberá solicitar informe do Ministerio Fiscal, oír os menores que teñan suficiente xuízo cando se considere necesario de oficio ou por petición do fiscal, as partes ou membros do equipo técnico xudicial, ou do propio menor, e valorar as alegacións das partes, a proba practicada e a relación que os pais manteñan entre si e cos seus fillos para determinar a súa idoneidade co réxime de garda.

7. Non procederá a garda conxunta cando calquera dos proxenitores estea incurso nun proceso penal iniciado por atentarse contra a vida, a integridade física, a liberdade, a integridade moral ou a liberdade e indemnidade sexual do outro cónxuxe ou dos fillos que convivan con ambos. Tampouco procederá cando o xuíz advirta, das alegacións das partes e das probas practicadas, a existencia de indicios fundados de violencia doméstica ou de xénero.

8. Excepcionalmente, mesmo cando non se dean os supostos do número cinco deste artigo, o xuíz, por instancia dunha das partes, con informe do Ministerio Fiscal, poderá acordar a garda e custodia compartida fundamentándoa en que só desta forma se protexe adecuadamente o interese superior do menor.

9. O xuíz, antes de adoptar algunha das decisións a que se refiren os números anteriores, de oficio ou por instancia de parte, do fiscal ou membros do equipo técnico xudicial, ou do propio menor, poderá solicitar ditame de especialistas debidamente cualificados, relativo á idoneidade do modo de exercicio da patria potestade e do réxime de custodia das persoas menores de idade para asegurar o seu interese superior.

10. O xuíz adoptará, ao acordar fundadamente o réxime de garda e custodia, así como o de estadia, relación e comunicación, as cautelas necesarias, procedentes e adecuadas para o eficaz cumprimento dos réximes establecidos, procurando non separar os irmáns.»

Dous. Modifícase o artigo 154 do Código civil, aprobado polo Real decreto do 24 de xullo de 1889, que queda redactado como segue:

«Artigo 154.

Os fillos e fillas non emancipados están baixo a patria potestade dos proxenitores.

A patria potestade, como responsabilidade parental, exercerase sempre en interese dos fillos e fillas, de acordo coa súa personalidade, e con respecto aos seus dereitos e á súa integridade física e mental.

Esta función comprende os seguintes deberes e facultades:

1.º Velar por eles, telos na súa compañía, alimentalos, educalos e procurarlles unha formación integral.

2.º Representalos e administrar os seus bens.

3.º Decidir o lugar de residencia habitual da persoa menor de idade, que só poderá ser modificado co consentimento de ambos os proxenitores ou, na súa falta, por autorización xudicial.

Se os fillos ou fillas tiveren suficiente madurez, deberán ser oídos sempre antes de adoptar decisións que os afecten, sexa en procedemento contencioso ou de mutuo acordo. En todo caso, garantirase que poidan ser oídos en condicións idóneas, en termos que lles sexan accesibles, comprensibles e adaptados á súa idade, madurez e circunstancias, e solicitarase o auxilio de especialistas cando isto sexa necesario.

Os proxenitores poderán, no exercicio da súa función, solicitar o auxilio da autoridade.»

Tres. Modifícase o artigo 158 do Código civil, aprobado polo Real decreto do 24 de xullo de 1889, que queda redactado como segue:

«Artigo 158.

O xuíz, de oficio ou por instancia do propio fillo, de calquera parente ou do Ministerio Fiscal, ditará:

1.º As medidas convenientes para asegurar a prestación de alimentos e prover as futuras necesidades do fillo, en caso de incumprimento deste deber polos seus pais.

2.º As disposicións apropiadas co fin de evitar aos fillos perturbacións danosas nos casos de cambio de titular da potestade de garda.

3.º As medidas necesarias para evitar a subtracción dos fillos menores por algún dos proxenitores ou por terceiras persoas e, en particular, as seguintes:

a) Prohibición de saída do territorio nacional, salvo autorización xudicial previa.

b) Prohibición de expedición do pasaporte ao menor ou retirada deste se xa se expedise.

c) Sometemento a autorización xudicial previa de calquera cambio de domicilio do menor.

4.º A medida de prohibición aos proxenitores, titores, a outros parentes ou a terceiras persoas de aproximarse ao menor e acercarse ao seu domicilio ou centro educativo e a outros lugares que frecuente, con respecto ao principio de proporcionalidade.

5.º A medida de prohibición de comunicación co menor, que impedirá aos proxenitores, titores, a outros parentes ou a terceiras persoas establecer contacto escrito, verbal ou visual por calquera medio de comunicación ou medio informático ou telemático, con respecto ao principio de proporcionalidade.

6.º A suspensión cautelar no exercicio da patria potestade e/ou no exercicio da garda e custodia, a suspensión cautelar do réxime de visitas e comunicacións establecidos en resolución xudicial ou convenio xudicialmente aprobado e, en xeral, as demais disposicións que considere oportunas, co fin de apartar o menor dun perigo ou de evitarlle prexuízos no seu ámbito familiar ou fronte a terceiras persoas.

En caso de posible desamparo do menor, o xulgado comunicará as medidas á entidade pública. Todas estas medidas poderán adoptarse dentro de calquera proceso xudicial ou penal ou ben nun expediente de xurisdición voluntaria en que a autoridade xudicial deberá garantir a audiencia da persoa menor de idade, e o tribunal poderá ser auxiliado por persoas externas para garantir que poida exercer este dereito por si mesma.»

Catro. Modifícase o número 5 do artigo 172 do Código civil, aprobado polo Real decreto do 24 de xullo de 1889, que queda redactado como segue:

«5. A entidade pública cesará na tutela que desempeñe sobre os menores declarados en situación de desamparo cando constate, mediante os correspondentes informes, a desaparición das causas que motivaron a súa asunción, por algún dos supostos previstos nos artigos 276 e 277.1, e cando comprobe fidedignamente algunha das seguintes circunstancias:

a) Que o menor se trasladou voluntariamente a outro país.

b) Que o menor se encontra no territorio doutra comunidade autónoma, caso en que se procederá ao traslado do expediente de protección e cuxa entidade pública ditase resolución sobre declaración de situación de desamparo e asumise a súa tutela ou medida de protección correspondente, ou enténdese que xa non é necesario adoptar medidas de protección a teor da situación do menor.

c) Que transcorresen doce meses desde que o menor abandonou voluntariamente o centro de protección e se encuentre en paradiro descoñecido.

A garda provisional cesará polas mesmas causas que a tutela.»

Disposición derradeira terceira. *Modificación da Lei orgánica 1/1979, do 26 de setembro, xeral penitenciaria.*

Introdúcese un artigo sesenta e seis bis na Lei orgánica 1/1979, do 26 de setembro, xeral penitenciaria, co seguinte contido:

«Artigo sesenta e seis bis.

1. A Administración penitenciaria elaborará programas específicos para as persoas internas que fosen condenadas por delitos relacionados coa violencia contra a infancia e a adolescencia, co obxecto de desenvolver nelas unha actitude de respecto cara aos dereitos de nenos, nenas e adolescentes, nos termos que se determinen regulamentariamente.

2. As xuntas de tratamento valorarán, nas progresións de grao, concesión de permisos e concesión da liberdade condicional, o seguimento e aproveitamento deses programas específicos por parte das persoas internas a que se refire o número anterior.»

Disposición derradeira cuarta. *Modificación da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial.*

A Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, queda modificada da forma seguinte:

Un. Modifícase o número 2 do artigo 307, que queda redactado nos seguintes termos:

«2. O curso de selección incluírá necesariamente: un programa teórico de formación multidisciplinar, un período de prácticas tuteladas en diferentes órganos de todas as ordes xurisdicionais e un período en que os xuíces e xuízas en prácticas desempeñarán funcións de substitución e reforzo. Soamente a superación de cada un deles posibilitará o acceso ao seguinte.

Na fase teórica de formación multidisciplinar incluírase o estudo en profundidade das materias que integran o principio de non discriminación e a igualdade entre homes e mulleres e, en particular, da lexislación especial para a loita contra a violencia sobre a muller en todas as súas formas. Así mesmo, incluírá o estudo en profundidade da lexislación nacional e internacional sobre os dereitos da infancia e da adolescencia, con especial atención á Convención sobre os dereitos do neno e as súas observacións xerais.»

Dous. Modifícase o artigo 310, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 310.

Todas as probas selectivas para o ingreso e a promoción nas carreiras xudicial e fiscal recollerán o estudo do principio de igualdade entre mulleres e homes, incluídas as medidas contra a violencia de xénero, e a súa aplicación con carácter transversal no ámbito da función xurisdiccional.

O temario deberá garantir a adquisición de coñecementos sobre o principio de non discriminación e, especialmente, de igualdade entre mulleres e homes e, en particular, da normativa específica ditada para combater a violencia sobre a muller, incluída a da Unión Europea e a de tratados e instrumentos internacionais en materia de igualdade, discriminación e violencia contra as mulleres ratificados por España.

Así mesmo, as probas selectivas recollerán o estudo da tutela xudicial dos dereitos da infancia e da adolescencia, a súa protección e a aplicación do principio de interese superior da persoa menor de idade. O temario deberá garantir a adquisición de coñecementos sobre normativa interna, europea e internacional, con especial atención á Convención sobre os dereitos do neno e as súas observacións xerais.»

Tres. Modifícase o número 5 do artigo 433 bis, que queda redactado nos seguintes termos:

«5. O Plan de formación continuada da carreira xudicial conterá cursos específicos de natureza multidisciplinar sobre a tutela xudicial do principio de igualdade entre mulleres e homes, a discriminación por cuestión de sexo, a múltiple discriminación e a violencia exercida sobre as mulleres, así como a trata en todas as súas formas e manifestacións e a capacitación na aplicación da perspectiva de xénero na interpretación e aplicación do dereito, ademais de incluír a dita formación de maneira transversal no resto de cursos.

Así mesmo, o Plan de formación continuada conterá cursos específicos de natureza disciplinar sobre a tutela xudicial dos dereitos dos nenos, nenas e adolescentes. En todo caso, nos cursos de formación introducirase o enfoque da discapacidade dos nenos, nenas e adolescentes.»

Catro. Modifícase o número 2 do artigo 434, que queda redactado nos seguintes termos:

«2. Terá como función a colaboración co Ministerio de Xustiza na selección, formación inicial e continuada dos membros da carreira fiscal, o corpo de letrados e demais persoal ao servizo da Administración de xustiza.

O Centro de Estudos Xurídicos impartirá, anualmente, cursos de formación sobre o principio de igualdade entre mulleres e homes e a súa aplicación con carácter transversal a aqueles que integren a carreira fiscal, o corpo de letrados e demais persoal ao servizo da Administración de xustiza, así como sobre a detección precoz e o tratamento de situacións de violencia de xénero.

Así mesmo, o Centro de Estudos Xurídicos impartirá anualmente cursos específicos de natureza multidisciplinar sobre a tutela xudicial dos dereitos da infancia e da adolescencia. En todo caso, nos cursos de formación introducirase o enfoque da discapacidade dos nenos, nenas e adolescentes.»

Cinco. Modifícanse os números 3 e 4 do artigo 480, que quedan redactados como segue:

«Artigo 480.

3. Os facultativos do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses son funcionarios de carreira que constitúen un corpo nacional de titulados superiores ao servizo da Administración de xustiza. Atendendo á actividade técnica e científica do Instituto, dentro do citado corpo poderán establecerse especialidades.

Son funcións do corpo de facultativos do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses a asistencia técnica nas materias das súas disciplinas profesionais a autoridades xudiciais, gubernativas, ao Ministerio Fiscal e aos médicos forenses, no curso das actuacións xudiciais ou nas dilixencias previas de investigación. Para tal efecto, levarán a cabo as análises e investigación que lles sexan solicitadas, emitirán os ditames e informes pertinentes e tramitarán as consultas que lles sexan formuladas polas autoridades citadas, así como polos particulares no curso de procesos xudiciais e por organismos ou empresas públicas que afecten o interese xeral, e contribuirán á prevención de intoxicacións.

Prestarán os seus servizos no Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses, así como nos institutos de medicina legal e ciencias forenses e nas unidades administrativas que se establezan, nos supostos e condicións que se determinen nas correspondentes relacións de postos de traballo.

4. Os técnicos especialistas do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses son funcionarios de carreira que constitúen un corpo nacional de auxilio especializado ao servizo da Administración de xustiza, e realizarán funcións de auxilio técnico especializado nas actividades científicas e de investigación propias do citado Instituto, así como dos institutos de medicina legal e ciencias forenses.

Prestarán servizo nos supostos e condicións que se establezan nas relacións de postos de traballo dos citados organismos.»

Disposición derradeira quinta. *Modificación da Lei 34/1988, do 11 de novembro, xeral de publicidade.*

Modifícase o parágrafo a) do artigo 3 da Lei 34/1988, do 11 de novembro, xeral de publicidade, que queda redactado nos seguintes termos:

«a) A publicidade que atente contra a dignidade da persoa ou vulnere os valores e dereitos recoñecidos na Constitución española, especialmente aqueles a que se refiren os seus artigos 14, 18 e 20, número 4.

Entenderanse incluídos na previsión anterior os anuncios que presenten as mulleres de forma vexatoria ou discriminatoria, ben utilizando particular e directamente o seu corpo ou partes deste como simple obxecto desvinculado do produto que se pretende promocionar, ben a súa imaxe asociada a comportamentos

estereotipados que vulneren os fundamentos do noso ordenamento coadxuvando en xerar a violencia a que se refire a Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.

Así mesmo, entenderase incluída na previsión anterior calquera forma de publicidade que coadxuve en xerar violencia ou discriminación en calquera das súas manifestacións sobre as persoas menores de idade, ou fomite estereotipos de carácter sexista, racista, estético ou de carácter homofóbico ou transfóbico ou por razóns de discapacidade.»

Disposición derradeira sexta. *Modificación da Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal.*

Modifícase a Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal, que queda redactada nos seguintes termos:

Un. Modifícase a circunstancia 4.^a do artigo 22, que queda redactada como segue:

«4.^a Cometer o delito por motivos racistas, antisemitas ou outra clase de discriminación referente á ideoloxía, relixión ou crenzas da vítima, a etnia, raza ou nación a que pertenza, o seu sexo, idade, orientación ou identidade sexual ou de xénero, razóns de xénero, de aporofobia ou de exclusión social, a enfermidade que padeza ou a súa discapacidade, con independencia de que tales condicións ou circunstancias concorran efectivamente na persoa sobre a que recaia a conduta.»

Dous. Modifícase o parágrafo b) do artigo 39, que queda redactado como segue:

«b) As de inhabilitación especial para emprego ou cargo público, profesión, oficio, industria ou comercio, ou outras actividades, sexan ou non retribuídas, ou dos dereitos de patria potestade, tutela, garda ou curatela, tenza de animais, dereito de sufraxio pasivo ou de calquera outro dereito.»

Tres. Modifícase o artigo 45, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 45.

A inhabilitación especial para profesión, oficio, industria ou comercio ou outras actividades, sexan ou non retribuídas, ou calquera outro dereito, que debe concretarse expresa e motivadamente na sentenza, priva a persoa penada da facultade de exercelos durante o tempo da condena. A autoridade xudicial poderá restrinxir a inhabilitación a determinadas actividades ou funcións da profesión ou oficio, retribuído ou non, permitindo, se isto é posible, o exercicio daquelas funcións non directamente relacionadas co delito cometido.»

Catro. Modifícase o artigo 46, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 46.

A inhabilitación especial para o exercicio da patria potestade, tutela, curatela, garda ou acollemento priva a persoa condenada dos dereitos inherentes á primeira e supón a extinción das demais, así como a incapacidade para obter nomeamento para os ditos cargos durante o tempo da condena. A pena de privación da patria potestade implica a perda da súa titularidade, subsistindo aqueles dereitos de que sexa titular o fillo ou a filla respecto da persoa condenada que se determinen xudicialmente. A autoridade xudicial poderá acordar estas penas respecto de todas ou algunhas das persoas menores de idade ou persoas con discapacidade necesitadas de especial protección que estean a cargo da persoa condenada.

Para concretar que dereitos das persoas menores de idade ou persoas con discapacidade deben subsistir en caso de privación da patria potestade e para determinar respecto de que persoas se acorda a pena, a autoridade xudicial valorará

o interese superior da persoa menor de idade ou con discapacidade, en relación coas circunstancias do caso concreto.

Para os efectos deste artigo, a patria potestade comprende tanto a regulada no Código civil, incluída a prorrogada e a rehabilitada, como as institucións análogas previstas na lexislación civil das comunidades autónomas.»

Cinco. Modifícase o parágrafo introdutorio do artigo 49, que queda redactado nos seguintes termos:

«Os traballos en beneficio da comunidade, que non poderán imporse sen o consentimento da persoa condenada, obrígana a prestar a súa cooperación non retribuída en determinadas actividades de utilidade pública, que poderán consistir, en relación con delitos de similar natureza ao cometido pola persoa condenada, en labores de reparación dos danos causados ou de apoio ou asistencia ás vítimas, así como na participación da persoa condenada en talleres ou programas formativos de reeducación, laborais, culturais, de educación viaria, sexual, resolución pacífica de conflitos, parentalidade positiva e outros similares. A súa duración diaria non poderá exceder oito horas e as súas condicións serán as seguintes:»

Seis. Modifícase o número 1 do artigo 57, que queda redactado como segue:

«1. As autoridades xudiciais, nos delitos de homicidio, aborto, lesións, contra a liberdade, de torturas e contra a integridade moral, trata de seres humanos, contra a liberdade e indemnidade sexuais, a intimidade, o dereito á propia imaxe e a inviolabilidade do domicilio, a honra, o patrimonio, a orde socioeconómica e as relacións familiares, atendendo á gravidade dos feitos ou ao perigo que o delincente represente, poderán acordar nas súas sentenzas a imposición de unha ou de varias das prohibicións previstas no artigo 48, por un tempo que non excederá dez anos se o delito é grave, ou de cinco se é menos grave.

Non obstante o anterior, se a persoa condenada o é a pena de prisión e o xuíz ou tribunal acorda a imposición de unha ou de varias das ditas prohibicións, farao por un tempo superior entre un e dez anos ao da duración da pena de prisión imposta na sentenza, se o delito é grave, e entre un e cinco anos, se é menos grave. Neste suposto, a pena de prisión e as prohibicións antes citadas serán cumpridas necesariamente pola persoa condenada de forma simultánea.»

Sete. Modifícase a epígrafe 6.^a do número 1 do artigo 83, que queda redactada como segue:

«6.^a Participar en programas formativos, laborais, culturais, de educación viaria, sexual, de defensa do ambiente, de protección dos animais, de igualdade de trato e non discriminación, resolución pacífica de conflitos, parentalidade positiva e outros similares.»

Oito. Modifícase o artigo 107, que queda redactado como segue:

«Artigo 107.

A autoridade xudicial poderá decretar razoadamente a medida de inhabilitación para o exercicio de determinado dereito, profesión, oficio, industria ou comercio, cargo ou emprego ou outras actividades, sexan ou non retribuídas, por un tempo de un a cinco anos, cando a persoa cometese con abuso do dito exercicio, ou en relación con el, un feito delituoso, e cando da valoración das circunstancias concorrentes poida deducirse o perigo de que volva cometer o mesmo delito ou outros semellantes, sempre que non sexa posible imporlle a pena correspondente por encontrarse nalgunha das situacións previstas nos ordinais 1.º, 2.º e 3.º do artigo 20.»

Nove. Modifícase o parágrafo 5.º do número 1 do artigo 130, que queda redactado como segue:

«5.º Polo perdón da persoa ofendida, cando se trate de delitos leves perseguibles por instancia da persoa agraviada ou a lei así o prevexa. O perdón deberá ser outorgado de forma expresa antes de que se ditase sentenza, para cuxo efecto a autoridade xudicial sentenciadora deberá oír a persoa ofendida polo delito antes de ditala.

Nos delitos cometidos contra persoas menores de idade ou persoas con discapacidade necesitadas de especial protección que afecten bens xurídicos eminentemente persoais, o perdón da persoa ofendida non extingue a responsabilidade criminal.»

Dez. Modifícase o número 1 do artigo 132, que queda redactado como segue:

«1. Os termos previstos no artigo precedente computaranse desde o día en que se cometese a infracción punible. Nos casos de delito continuado, delito permanente, así como nas infraccións que exixan habitualidade, tales termos computaranse, respectivamente, desde o día en que se realizou a última infracción, desde que se eliminou a situación ilícita ou desde que cesou a conduta.

Nos delitos de aborto non consentido, lesións, contra a liberdade, de torturas e contra a integridade moral, contra a intimidade, o dereito á propia imaxe e a inviolabilidade do domicilio, e contra as relacións familiares, excluídos os delitos recollidos no parágrafo seguinte, cando a vítima sexa unha persoa menor de dezaioito anos, os prazos computaranse desde o día en que esta alcance a maioría de idade, e se falece antes de alcanzala, a partir da data do falecemento.

Nos delitos de tentativa de homicidio, de lesións dos artigos 149 e 150, no delito de maltrato habitual previsto no artigo 173.2, nos delitos contra a liberdade, nos delitos contra a liberdade e indemnidade sexual e nos delitos de trata de seres humanos, cando a vítima sexa unha persoa menor de dezaioito anos, os prazos computaranse desde que a vítima faga os trinta e cinco anos de idade, e se falece antes de alcanzar esa idade, a partir da data do falecemento.»

Once. Modifícase o artigo 140 bis, que queda redactado como segue:

«Artigo 140 bis.

1. Ás persoas condenadas pola comisión de un ou de máis delitos comprendidos neste título poderáselles impor ademais unha medida de liberdade vixiada.

2. Se a vítima e quen sexa autor dos delitos previstos nos tres artigos precedentes teñen un fillo ou filla en común, a autoridade xudicial imporá, respecto deste, a pena de privación da patria potestade.

A mesma pena se imporá cando a vítima sexa fillo ou filla do autor, respecto doutros fillos e fillas, se existiren.»

Doce. Introdúcese un artigo 143 bis, co seguinte contido:

«Artigo 143 bis.

A distribución ou difusión pública a través da internet, do teléfono ou de calquera outra tecnoloxía da información ou da comunicación de contidos especificamente destinados a promover, fomentar ou incitar ao suicidio de persoas menores de idade ou persoas con discapacidade necesitadas de especial protección será castigada coa pena de prisión de un a catro anos.

As autoridades xudiciais ordenarán a adopción das medidas necesarias para a retirada dos contidos a que se refire o parágrafo anterior, para a interrupción dos servizos que ofrezan predominantemente os ditos contidos ou para o bloqueo duns e outros cando radiquen no estranxeiro.»

Trece. Modifícase o ordinal 3.º do artigo 148, que queda redactado como segue:

«3.º Se a vítima é menor de catorce anos ou persoa con discapacidade necesitada de especial protección.»

Catorce. Modifícase o artigo 156 ter, que queda redactado como segue:

«Artigo 156 ter.

A distribución ou difusión pública a través da internet, do teléfono ou de calquera outra tecnoloxía da información ou da comunicación de contidos especificamente destinados a promover, fomentar ou incitar á autolesión de persoas menores de idade ou persoas con discapacidade necesitadas de especial protección será castigada coa pena de prisión de seis meses a tres anos.

As autoridades xudiciais ordenarán a adopción das medidas necesarias para a retirada dos contidos a que se refire o parágrafo anterior, para a interrupción dos servizos que ofrezan predominantemente os ditos contidos ou para o bloqueo duns e outros cando radiquen no estranxeiro.»

Quince. Introdúcese o artigo 156 quáter, co seguinte contido:

«Artigo 156 quáter.

Ás persoas condenadas pola comisión de un ou máis delitos comprendidos neste título, cando a vítima sexa algunha das persoas a que se refire o número 2 do artigo 173, poderáselles impor, ademais, unha medida de liberdade vixiada.»

Dezaseis. Introdúcese o artigo 156 quinquies, co seguinte contido:

«Artigo 156 quinquies.

Ás persoas condenadas pola comisión dalgún dos delitos previstos nos artigos 147.1, 148, 149, 150 e 153 en que a vítima sexa unha persoa menor de idade poderáselles impor, ademais das penas que procedan, a pena de inhabilitación especial para calquera profesión, oficio ou outras actividades, sexan ou non retribuídos, que comporte contacto regular e directo con persoas menores de idade, por un tempo superior entre tres e cinco anos ao da duración da pena de privación de liberdade imposta na sentenza ou por un tempo de dous a cinco anos cando non se impuxese unha pena de prisión; en ambos os casos se atenderá, proporcionalmente, á gravidade do delito, ao número dos delitos cometidos e ás circunstancias que concorran na persoa condenada.»

Dezasete. Modifícase o número 1 do artigo 177 bis, que queda redactado como segue:

«1. Será castigado coa pena de cinco a oito anos de prisión como reo de trata de seres humanos o que, sexa en territorio español, sexa desde España, en tránsito ou con destino a ela, empregando violencia, intimidación ou engano, ou abusando dunha situación de superioridade ou de necesidade ou de vulnerabilidade da vítima nacional ou estranxeira, ou mediante a entrega ou recepción de pagamentos ou beneficios para lograr o consentimento da persoa que posúa o control sobre a vítima, a capte, transporte, traslade, acolla ou reciba, incluído o intercambio ou transferencia de control sobre esas persoas, con calquera das finalidades seguintes:

- a) A imposición de traballo ou de servizos forzados, a escravitude ou prácticas similares á escravitude, á servidume ou á mendicidade.
- b) A explotación sexual, incluída a pornografía.
- c) A explotación para realizar actividades delituosas.
- d) A extracción dos seus órganos corporais.
- e) A celebración de matrimonios forzados.

Existe unha situación de necesidade ou vulnerabilidade cando a persoa en cuestión non ten outra alternativa, real ou aceptable, que someterse ao abuso.

Cando a vítima de trata de seres humanos sexa unha persoa menor de idade imporase, en todo caso, a pena de inhabilitación especial para calquera profesión, oficio ou actividades, sexan ou non retribuídos, que comporte contacto regular e directo con persoas menores de idade, por un tempo superior entre seis e vinte anos ao da duración da pena de privación de liberdade imposta.»

Dezaoito. Modifícanse as circunstancias 3.^a e 4.^a do número 1 do artigo 180, que quedan redactadas como segue:

«3.^a Cando os feitos se cometan contra unha persoa que estea nunha situación de especial vulnerabilidade por razón da súa idade, enfermidade, discapacidade ou por calquera outra circunstancia, salvo o disposto no artigo 183.

4.^a Cando, para a execución do delito, a persoa responsable se prevalese dunha situación de convivencia ou dunha relación de superioridade ou parentesco, por ser ascendente, ou irmán, por natureza ou adopción, ou afíns, coa vítima.»

Dezanove. Modifícanse as letras a) e d) do número 4 do artigo 183, que quedan redactadas como segue:

a) Cando a vítima estea nunha situación de especial vulnerabilidade por razón da súa idade, enfermidade, discapacidade ou por calquera outra circunstancia e, en todo caso, cando sexa menor de catro anos.

d) Cando, para a execución do delito, o responsable se prevalese dunha situación de convivencia ou dunha relación de superioridade ou parentesco, por ser ascendente, ou irmán, por natureza ou adopción, ou afíns, coa vítima.»

Vinte. Modifícase o artigo 183 quáter, que queda redactado como segue:

«Artigo 183 quáter.

O consentimento libre do menor de dezaseis anos, excepto nos casos do artigo 183.2 do Código penal, excluírá a responsabilidade penal polos delitos previstos neste capítulo cando o autor sexa unha persoa próxima ao menor por idade e grao de desenvolvemento ou madurez física e psicolóxica.»

Vinte e un. Modifícanse as letras a) e b) do número 3 do artigo 188, que quedan redactadas como segue:

a) Cando a vítima estea nunha situación de especial vulnerabilidade por razón da súa idade, enfermidade, discapacidade ou por calquera outra circunstancia.

b) Cando, para a execución do delito, o responsable se prevalese dunha situación de convivencia ou dunha relación de superioridade ou parentesco, por ser ascendente, ou irmán, por natureza ou adopción, ou afíns, coa vítima.»

Vinte e dous. Modifícanse as letras b), c) e g) do número 2 do artigo 189, que quedan redactadas como segue:

b) Cando os feitos revistan un carácter particularmente degradante ou vexatorio, se empregue violencia física ou sexual para a obtención do material pornográfico ou se representen escenas de violencia física ou sexual.

c) Cando se utilicen persoas menores de idade que estean nunha situación de especial vulnerabilidade por razón de enfermidade, discapacidade ou por calquera outra circunstancia.

g) Cando o responsable sexa ascendente, titor, curador, gardador, mestre ou calquera outra persoa encargada, de feito, aínda que sexa provisionalmente, ou de dereito, da persoa menor de idade ou persoa con discapacidade necesitada de especial

protección, ou se trate de calquera persoa que conviva con el ou doutra persoa que actuase abusando da súa posición recoñecida de confianza ou autoridade.»

Vinte e tres. Modifícase o artigo 189 bis, que queda redactado como segue:

«Artigo 189 bis.

A distribución ou difusión pública a través da internet, do teléfono ou de calquera outra tecnoloxía da información ou da comunicación de contidos especificamente destinados a promover, fomentar ou incitar á comisión dos delitos previstos neste capítulo e nos capítulos II bis e IV do presente título será castigada coa pena de multa de seis a doce meses ou pena de prisión de un a tres anos.

As autoridades xudiciais ordenarán a adopción das medidas necesarias para a retirada dos contidos a que se refire o parágrafo anterior, para a interrupción dos servizos que ofrezan predominantemente os ditos contidos ou para o bloqueo duns e outros cando radiquen no estranxeiro.»

Vinte e catro. Introdúcese o artigo 189 ter, co seguinte contido:

«Artigo 189 ter.

Cando, de acordo co establecido no artigo 31 bis, unha persoa xurídica sexa responsable dos delitos comprendidos neste capítulo, imporánselle as seguintes penas:

a) Multa do triplo ao quántuplo do beneficio obtido, se o delito cometido pola persoa física ten prevista unha pena de prisión de máis de cinco anos.

b) Multa do dobre ao quádruplo do beneficio obtido, se o delito cometido pola persoa física ten prevista unha pena de prisión de máis de dous anos non incluída no anterior inciso.

c) Multa do dobre ao triplo do beneficio obtido, no resto dos casos.

Atendidas as regras establecidas no artigo 66 bis, as autoridades xudiciais poderán, así mesmo, impor as penas recollidas nas letras b) a g) do número 7 do artigo 33.»

Vinte e cinco. Modifícase o número 3 do artigo 192, que queda redactado como segue:

«3. A autoridade xudicial poderá impor razoadamente, ademais, a pena de privación da patria potestade ou a pena de inhabilitación especial para o exercicio dos dereitos da patria potestade, tutela, curatela, garda ou acollemento, polo tempo de seis meses a seis anos, e a pena de inhabilitación para emprego ou cargo público ou exercicio da profesión ou oficio, retribuído ou non, polo tempo de seis meses a seis anos.

A autoridade xudicial imporá ás persoas responsables dos delitos comprendidos no presente título, sen prexuízo das penas que correspondan conforme os artigos precedentes, unha pena de inhabilitación especial para calquera profesión, oficio ou actividade, sexa ou non retribuído, que comporte contacto regular e directo con persoas menores de idade, por un tempo superior entre cinco e vinte anos ao da duración da pena de privación de liberdade imposta na sentenza se o delito é grave, e entre dous e vinte anos se é menos grave; en ambos os casos se atenderá proporcionalmente á gravidade do delito, ao número dos delitos cometidos e ás circunstancias que concorran na persoa condenada.»

Vinte e seis. Modifícase o artigo 201, que queda redactado como segue:

«1. Para proceder polos delitos previstos neste capítulo será necesaria denuncia da persoa agraviada ou do seu representante legal.

2. Non será precisa a denuncia exixida no número anterior para proceder polos feitos descritos no artigo 198 deste código, nin cando a comisión do delito afecte os intereses xerais, unha pluralidade de persoas ou se a vítima é unha persoa menor de idade ou unha persoa con discapacidade necesitada de especial protección.

3. O perdón do ofendido ou do seu representante legal, se for o caso, extingue a acción penal, sen prexuízo do disposto no artigo 130.1.5.º, parágrafo segundo.»

Vinte e sete. Modifícase o número 3 do artigo 215, que queda redactado como segue:

«O perdón da persoa ofendida extingue a acción penal, sen prexuízo do disposto no artigo 130.1.5.º, parágrafo segundo, deste código.»

Vinte e oito. Modifícase o número 2 do artigo 220, que queda redactado como segue:

«2. A mesma pena se imporá a quen oculte ou entregue a terceiros unha persoa menor de dezoito anos para alterar ou modificar a súa filiación.»

Vinte e nove. Modifícase o número 2 do artigo 225 bis, que queda redactado como segue:

«2. Para os efectos deste artigo, considérase subtracción:

1.º O traslado dunha persoa menor de idade do seu lugar de residencia habitual sen consentimento do outro proxenitor ou das persoas ou institucións ás cales estivese confiada a súa garda ou custodia.

2.º A retención dunha persoa menor de idade incumprindo gravemente o deber establecido por resolución xudicial ou administrativa.»

Trinta. Modifícase o parágrafo terceiro do artigo 267, que queda redactado como segue:

«Nestes casos, o perdón da persoa ofendida extingue a acción penal.»

Trinta e un. Modifícase o artigo 314, que queda redactado como segue:

«Artigo 314.

Aqueles que produzan unha grave discriminación no emprego, público ou privado, contra algunha persoa por razón da súa ideoloxía, relixión ou crenzas, a súa situación familiar, a súa pertenza a unha etnia, raza ou nación, a súa orixe nacional, o seu sexo, idade, orientación ou identidade sexual ou de xénero, razóns de xénero, de aporofobia ou de exclusión social, a enfermidade que padeza ou a súa discapacidade, por desempeñar a representación legal ou sindical dos traballadores, polo parentesco con outros traballadores da empresa ou polo uso dalgunha das linguas oficiais dentro do Estado español, e non restablezan a situación de igualdade ante a lei tras requirimento ou sanción administrativa, reparando os danos económicos que derivasen, serán castigados coa pena de prisión de seis meses a dous anos ou multa de doce a vinte e catro meses.»

Trinta e dous. Introdúcese un novo artigo 361 bis, que queda redactado como segue:

«Artigo 361 bis.

A distribución ou difusión pública a través da internet, do teléfono ou de calquera outra tecnoloxía da información ou da comunicación de contidos especificamente destinados a promover ou facilitar, entre persoas menores de idade ou persoas con discapacidade necesitadas de especial protección, o consumo de produtos, preparados ou substancias ou a utilización de técnicas de inxestión ou eliminación de produtos alimenticios cuxo uso sexa susceptible de xerar risco para a saúde das persoas será castigado coa pena de multa de seis a doce meses ou pena de prisión de un a tres anos.

As autoridades xudiciais ordenarán a adopción das medidas necesarias para a retirada dos contidos a que se refire o parágrafo anterior, para a interrupción dos servizos que ofrezan predominantemente os ditos contidos ou para o bloqueo duns e doutros cando radiquen no estranxeiro.»

Trinta e tres. Modifícase o artigo 511, que queda redactado como segue:

«Artigo 511.

1. Incorrerá na pena de prisión de seis meses a dous anos, multa de doce a vinte e catro meses e inhabilitación especial para emprego ou cargo público por tempo de un a tres anos o particular encargado dun servizo público que denegue a unha persoa unha prestación á cal teña dereito por razón da súa ideoloxía, relixión ou crenzas, a súa situación familiar, pertenza a unha etnia, raza ou nación, a súa orixe nacional, o seu sexo, idade, orientación ou identidade sexual ou de xénero, razóns de xénero, de aporofobia ou de exclusión social, a enfermidade que padeza ou a súa discapacidade.

2. As mesmas penas serán aplicables cando os feitos se cometan contra unha asociación, fundación, sociedade ou corporación ou contra os seus membros por razón da súa ideoloxía, relixión ou crenzas, a súa situación familiar, a pertenza dos seus membros ou dalgún deles a unha etnia, raza ou nación, a súa orixe nacional, o seu sexo, idade, orientación ou identidade sexual ou de xénero, razóns de xénero, de aporofobia ou de exclusión social, a enfermidade que padeza ou a súa discapacidade.

3. Os funcionarios públicos que cometan algún dos feitos previstos neste artigo incorrerán nas mesmas penas na súa metade superior e na de inhabilitación especial para emprego ou cargo público por tempo de dous a catro anos.

4. En todos os casos se imporá, ademais, a pena de inhabilitación especial para profesión ou oficio educativos, no ámbito docente, deportivo e de tempo libre, por un tempo superior entre un e tres anos ao da duración da pena imposta se esta é de privación de liberdade; cando a pena imposta é de multa, a pena de inhabilitación especial terá unha duración de un a tres anos. En todo caso, atenderase proporcionalmente á gravidade do delito e ás circunstancias que concorran no delincente.»

Trinta e catro. Modifícase o artigo 512, que queda redactado como segue:

«Artigo 512.

Aqueles que no exercicio das súas actividades profesionais ou empresariais denegaren a unha persoa unha prestación á cal teña dereito por razón da súa ideoloxía, relixión ou crenzas, a súa situación familiar, a súa pertenza a unha etnia, raza ou nación, a súa orixe nacional, o seu sexo, idade, orientación ou identidade sexual ou de xénero, razóns de xénero, de aporofobia ou de exclusión social, a enfermidade que padeza ou a súa discapacidade, incorrerán na pena de inhabilitación especial para o exercicio de profesión, oficio, industria ou comercio e inhabilitación especial para profesión ou oficio educativos, no ámbito docente, deportivo e de tempo libre por un período de un a catro anos.»

Trinta e cinco. Modifícase o ordinal 4.º do artigo 515, que queda redactado como segue:

«4.º As que fomenten, promovan ou inciten directa ou indirectamente ao odio, hostilidade, discriminación ou violencia contra persoas, grupos ou asociacións por razón da súa ideoloxía, relixión ou crenzas, a pertenza dos seus membros ou dalgún deles a unha etnia, raza ou nación, a súa orixe nacional, o seu sexo, idade, orientación ou identidade sexual ou de xénero, razóns de xénero, de aporofobia ou de exclusión social, situación familiar, enfermidade ou discapacidade.»

Disposición derradeira sétima. *Modificación da Lei 1/1996, do 10 de xaneiro, de asistencia xurídica gratuita.*

Modifícase o parágrafo g) do artigo 2 da Lei 1/1996, do 10 de xaneiro, de asistencia xurídica gratuita, que queda redactado como segue:

«g) Con independencia da existencia de recursos para litigar, recoñécese o dereito de asistencia xurídica gratuita, que se lles prestará de inmediato, ás vítimas de violencia de xénero, de terrorismo e de trata de seres humanos naqueles procesos que teñan vinculación, deriven ou sexan consecuencia da súa condición de vítimas, así como ás persoas menores de idade e ás persoas con discapacidade necesitadas de especial protección cando sexan vítimas de delitos de homicidio, de lesións dos artigos 149 e 150, no delito de maltrato habitual previsto no artigo 173.2, nos delitos contra a liberdade, nos delitos contra a liberdade e indemnidade sexual e nos delitos de trata de seres humanos.

Este dereito asistirá tamén aos habentes causa en caso de falecemento da vítima, sempre que non fosen partícipes nos feitos.

Para os efectos da concesión do beneficio de xustiza gratuita, a condición de vítima adquirírase cando se formule denuncia ou querela, ou se inicie un procedemento penal, por algún dos delitos a que se refire esta letra, e manterase mentres permaneza en vigor o procedemento penal ou cando, tras a súa finalización, se ditase sentenza condenatoria. O beneficio de xustiza gratuita perderase tras a firmeza da sentenza absolutoria, ou do sobresemento definitivo ou provisional por non resultaren acreditados os feitos delituosos, sen a obrigaición de aboar o custo das prestacións desfrutadas gratuitamente até ese momento.

Nos distintos procesos que poidan iniciarse como consecuencia da condición de vítima dos delitos a que se refire esta letra e, en especial, nos de violencia de xénero, deberá ser o mesmo avogado o que asista aquela, sempre que con isto se garanta debidamente o seu dereito de defensa.»

Disposición derradeira oitava. *Modificación da Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, de modificación parcial do Código civil e da Lei de axuízamento civil.*

A Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, de modificación parcial do Código civil e da Lei de axuízamento civil, queda modificada nos seguintes termos:

Un. Modifícanse o primeiro parágrafo e a letra c) do número 5 do artigo 2, que quedan redactados como segue:

«5. Toda resolución de calquera orde xurisdiccional e toda medida no interese superior da persoa menor de idade deberá ser adoptada respectando as debidas garantías do proceso e, en particular:

[...]

c) A participación de proxenitores, titores ou representantes legais do menor ou dun defensor xudicial se hai conflito de interese ou discrepancia con eles e do Ministerio Fiscal no proceso en defensa dos seus intereses. Presumírase que existe un conflito de interese cando a opinión da persoa menor de idade sexa contraria á medida que se adopte sobre ela ou supoña unha restrición dos seus dereitos.»

Dous. Modifícase o artigo 12, que queda redactado como segue:

«Artigo 12. *Actuacións de protección.*

1. A protección dos menores polos poderes públicos realizarase mediante a prevención, detección e reparación de situacións de risco, co establecemento dos

servizos e recursos adecuados para tal fin, o exercicio da garda e, nos casos de declaración de desamparo, a asunción da tutela por ministerio da lei. Nas actuacións de protección deberán primar, en todo caso, as medidas familiares fronte ás residenciais, as estables fronte ás temporais e as consensuadas fronte ás impostas.

2. Os poderes públicos velarán para que os proxenitores, titores, gardadores ou acolledores desenvolvan adecuadamente as súas responsabilidades e facilitaranlles servizos accesibles de prevención, asesoramento e acompañamento en todas as áreas que afectan o desenvolvemento dos menores.

3. Cando os menores se encontren baixo a patria potestade, tutela, garda ou acollemento dunha vítima de violencia de xénero ou doméstica, as actuacións dos poderes públicos estarán encamiñadas a garantir o apoio necesario para procurar a permanencia dos menores, con independencia da súa idade, con aquela, así como a súa protección, atención especializada e recuperación.

4. Cando non poida ser establecida a maioría de idade dunha persoa, será considerada menor de idade para os efectos do previsto nesta lei, en canto se determina a súa idade. Para tal efecto, o fiscal deberá realizar un xuízo de proporcionalidade que pondere adecuadamente as razóns polas que se considera que o pasaporte ou documento equivalente de identidade presentado, se for o caso, non é fiable. A realización de probas médicas para a determinación da idade dos menores someterase ao principio de celeridade, exixirá o consentimento informado previo do afectado e levarase a cabo con respecto á súa dignidade e sen que supoña un risco para a súa saúde, e non poderá aplicarse indiscriminadamente. Non poderán realizarse, en ningún caso, espídos integrais, exploracións xenitais ou outras probas médicas especialmente invasivas.

Así mesmo, unha vez adoptada a medida de garda ou tutela respecto a persoas menores de idade que chegasen soas a España, as entidades públicas comunicarán a adopción desa medida ao Ministerio do Interior, para efectos de inscrición no rexistro estatal correspondente.

5. As entidades públicas garantirán os dereitos recoñecidos nesta lei ás persoas menores de idade desde o momento en que acceden por primeira vez a un recurso de protección e proporcionarán unha atención inmediata integral e adecuada ás súas necesidades, evitando a prolongación das medidas de carácter provisional e da estadía nos recursos de primeira acollida.

6. Calquera medida de protección non permanente que se adopte respecto de menores de tres anos revisarse cada tres meses, e respecto de maiores desa idade revisarse cada seis meses. Nos acollementos permanentes, a revisión terá lugar o primeiro ano cada seis meses e, a partir do segundo ano, cada doce meses.

7. Ademais das distintas funcións atribuídas por lei, a entidade pública remitirá ao Ministerio Fiscal informe xustificativo da situación dun determinado menor cando este se encontrase en acollemento residencial ou acollemento familiar temporal durante un período superior a dous anos, e a entidade pública debe xustificar as causas polas cales non se adoptou unha medida protectora de carácter máis estable nese intervalo.

8. Os poderes públicos garantirán os dereitos e obrigacións dos menores con discapacidade no que respecta á súa custodia, tutela, garda, adopción ou institucións similares, velando ao máximo polo interese superior do menor. Así mesmo, garantirán que os menores con discapacidade teñan os mesmos dereitos respecto á vida en familia. Para facer efectivos estes dereitos e co fin de previr a súa ocultación, abandono, negligencia ou segregación velarán por que se proporcione con anticipación información, servizos e apoio xerais aos menores con discapacidade e ás súas familias.»

Tres. Modifícase o número 1, que queda redactado como segue, e suprímense os números 4 e 5 do artigo 13:

«1. Toda persoa ou autoridade, especialmente aquelas que pola súa profesión, oficio ou actividade detecten unha situación de risco ou posible desamparo dunha

persoa menor de idade, comunicarano á autoridade ou aos seus axentes máis próximos, sen prexuízo de prestarlle o auxilio inmediato que precise.»

Catro. Introdúcese un artigo 14 bis co seguinte contido:

«Artigo 14 bis. *Actuacións en casos de urxencia.*

1. Cando a urxencia do caso o requira, sen prexuízo da garda provisional a que se refiren o artigo anterior e o artigo 172.4 do Código civil, a actuación dos servizos sociais será inmediata.

2. A atención en casos de urxencia a que se refire este artigo non está suxeita a requisitos procedementais nin de forma e enténdese, en todo caso, sen prexuízo do deber de prestar ás persoas menores de idade o auxilio inmediato que precisen.»

Cinco. Modifícanse os números 1 e 2 do artigo 17, que quedan redactados como segue:

«1. Considerarase situación de risco aquela en que, a causa de circunstancias, carencias ou conflitos familiares, sociais ou educativos, a persoa menor de idade se vexa prexudicada no seu desenvolvemento persoal, familiar, social ou educativo, no seu benestar ou nos seus dereitos de forma que, sen alcanzar a entidade, intensidade ou persistencia que fundamentarían a súa declaración de situación de desamparo e a asunción da tutela por ministerio da lei, sexa precisa a intervención da Administración pública competente, para eliminar, reducir ou compensar as dificultades ou inadaptación que a afectan e evitar o seu desamparo e exclusión social, sen ter que ser separada do seu ámbito familiar.

2. Serán considerados como indicadores de risco, entre outros:

a) A falta de atención física ou psíquica do neno, nena ou adolescente por parte dos proxenitores, ou polas persoas que exerzan a tutela, garda ou acollemento, que comporte un prexuízo leve para a saúde física ou emocional do neno, nena ou adolescente cando se estime, pola natureza ou pola repetición dos episodios, a posibilidade da súa persistencia ou o agravamento dos seus efectos.

b) A negligencia no coidado das persoas menores de idade e a falta de seguimento médico por parte dos proxenitores, ou polas persoas que exerzan a tutela, garda ou acollemento.

c) A existencia dun irmán ou irmá declarado en situación de risco ou desamparo, salvo que as circunstancias familiares cambiasen de forma evidente.

d) A utilización, por parte dos proxenitores, ou de quen exerza funcións de tutela, garda ou acollemento, do castigo habitual e desproporcionado e de pautas de corrección violentas que, sen constituíren un episodio severo ou un patrón crónico de violencia, prexudiquen o seu desenvolvemento.

e) A evolución negativa dos programas de intervención seguidos coa familia e a obstrución ao seu desenvolvemento ou posta en marcha.

f) As prácticas discriminatorias, por parte dos responsables parentais, contra os nenos, nenas e adolescentes, que comporten un prexuízo para o seu benestar e a súa saúde mental e física, en particular:

1.º As actitudes discriminatorias que, por razón de xénero, idade ou discapacidade, poidan aumentar as posibilidades de confinamento no fogar, a falta de acceso á educación, as escasas oportunidades de lecer, a falta de acceso á arte e á vida cultural, así como calquera outra circunstancia que, por razón de xénero, idade ou discapacidade, lles impidan desfrutar dos seus dereitos en igualdade.

2.º A non aceptación da orientación sexual, identidade de xénero ou as características sexuais da persoa menor de idade.

g) O risco de sufrir ablación, mutilación xenital feminina ou calquera outra forma de violencia no caso de nenas e adolescentes baseadas no xénero, as promesas ou acordos de matrimonio forzado.

- h) A identificación das nais como vítimas de trata.
- i) As nenas e adolescentes vítimas de violencia de xénero nos termos establecidos no artigo 1.1 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.
- j) Os ingresos múltiples de persoas menores de idade en distintos hospitais con síntomas recorrentes, inexplicables e/ou que non se confirman a través de diagnóstico.
- k) O consumo habitual de drogas tóxicas ou bebidas alcohólicas polas persoas menores de idade.
- l) A exposición da persoa menor de idade a calquera situación de violencia doméstica ou de xénero.
- m) Calquera outra circunstancia que implique violencia sobre as persoas menores de idade que, en caso de persistir, poida evolucionar e derivar no desamparo do neno, nena ou adolescente.»

Seis. Engádesse un novo artigo 17 bis co seguinte contido:

«Artigo 17 bis. *Persoas menores de catorce anos en conflito coa lei.*

As persoas a que se refire o artigo 3 da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, de responsabilidade penal dos menores, serán incluídas nun plan de seguimento que valore a súa situación sociofamiliar deseñado e realizado polos servizos sociais competentes de cada comunidade autónoma.

Se o acto violento pode ser constitutivo dun delito contra a liberdade ou indemnidade sexual ou de violencia de xénero, o plan de seguimento deberá incluír un módulo formativo en igualdade de xénero.»

Sete. Modifícase o número 1 do artigo 20, que queda redactado como segue:

«1. Cando non sexa posible a permanencia no ámbito familiar de orixe, o acollemento familiar, de acordo coa súa finalidade e con independencia do procedemento en que se acorde, revestirá as modalidades establecidas no Código civil e, en razón da vinculación do menor coa familia acollidora, poderá ter lugar, de acordo co interese superior do menor, na propia familia extensa do menor ou en familia allea.

O acollemento familiar poderá ser especializado, entendendo por tal o que se desenvolve nunha familia en que algunha ou algunhas das persoas que integran a unidade familiar dispón de cualificación, experiencia ou formación específica para desempeñar esta función respecto de menores con necesidades ou circunstancias especiais, a cal poderá percibir, por isto, unha compensación.

O acollemento especializado poderá ser de dedicación exclusiva cando así o determine a entidade pública por razón das necesidades e circunstancias especiais do menor en situación de ser acollido e, en tal caso, a persoa ou persoas designadas como acolledoras percibirán unha compensación en atención á dita dedicación.»

Oito. Engádesse un artigo 20 ter co seguinte contido:

«Artigo 20 ter. *Tramitación das solicitudes de acollemento transfronteirizo de persoas menores de idade en España remitidas por un Estado membro da Unión Europea ou por un Estado parte do Convenio da Haia de 1996.*

1. O Ministerio de Xustiza, na súa calidade de autoridade central española, será a autoridade competente para recibir as solicitudes de acollemento transfronteirizo de persoas menores de idade procedentes dun Estado membro da Unión Europea ou dun Estado parte do Convenio da Haia de 1996. Esas solicitudes deberán ser remitidas pola autoridade central do Estado requirente co obxecto de obter a preceptiva autorización das autoridades españolas competentes con carácter previo a que se poida producir o acollemento.

2. As solicitudes de acollemento deberán realizarse por escrito e acompañarse dos documentos que a autoridade central española requira para valorar a idoneidade da medida en beneficio da persoa menor de idade e a aptitude do establecemento ou familia para levar a cabo o dito acollemento. En todo caso, ademais da requirida pola normativa internacional aplicable, deberá achegarse un informe sobre o neno, nena ou adolescente, os motivos da súa proposta de acollemento, a modalidade de acollemento, a súa duración e como se prevé facer o seguimento da medida.

3. Recibida a solicitude de acollemento transfronteirizo, a autoridade central española comprobará que a solicitude reúne o contido e os requisitos segundo o previsto no número anterior e transmitirá a Administración autonómica competente para a súa aprobación.

4. A Administración autonómica competente, unha vez avaliada a solicitude, remitirá a súa decisión á autoridade central española, que a fará chegar á autoridade central do Estado requirente. Unicamente en caso de ser favorable, as autoridades competentes do dito Estado ditarán unha resolución que ordene o acollemento en España, notificarán isto a todas as partes interesadas e solicitarán o seu recoñecemento e execución en España directamente ante o xulgado ou tribunal español territorialmente competente.

5. O prazo máximo para a tramitación e resposta da solicitude será de tres meses.

6. As solicitudes de acollemento e os seus documentos adxuntos deberán acompañarse dunha tradución legalizada en español.»

Nove. Engádesse un artigo 20 quáter co seguinte contido:

«Artigo 20 quáter. *Motivos de denegación das solicitudes de acollemento transfronteirizo de persoas menores de idade en España.*

1. A autoridade central española rexeitará as solicitudes de acollemento transfronteirizo:

a) Cando o obxecto ou finalidade da solicitude de acollemento non garanta o interese superior da persoa menor de idade, para o cal se terá especialmente en conta a existencia de vínculos con España.

b) Cando a solicitude non reúna os requisitos exixidos para a súa tramitación. Neste caso, devolverase á autoridade central requirente indicando os motivos concretos da devolución co fin de que poida emendalos.

c) Cando se solicite o desprazamento dunha persoa menor de idade incurso nun procedemento penal ou sancionador ou que fose condenada ou sancionada pola comisión de calquera ilícito penal ou administrativo.

d) Cando non se respectase o dereito fundamental da persoa menor de idade a ser oída e escoitada, así como a manter contactos cos seus proxenitores ou representantes legais, salvo se isto é contrario ao seu superior interese.»

Dez. Engádesse un novo artigo 20 quinquies co seguinte contido:

«Artigo 20 quinquies. *Do procedemento para a transmisión das solicitudes de acollemento transfronteirizo de persoas menores de idade desde España a outro Estado membro da Unión Europea ou a un Estado parte do Convenio da Haia de 1996.*

1. As solicitudes de acollemento transfronteirizo que soliciten as autoridades competentes en materia de protección de persoas menores de idade remitiranse por escrito á autoridade central española, que as transmitirá ás autoridades competentes do Estado membro requirido para a súa tramitación.

2. A tramitación e aprobación desas solicitudes rexeráse polo dereito nacional do Estado membro requirido.

3. A autoridade central española remitirá a decisión do acollemento requirido á autoridade solicitante.

4. As solicitudes de acollemento e os documentos adxuntos que se dirixan a unha autoridade estranxeira deberán acompañarse dunha tradución para unha lingua oficial do Estado requirido ou aceptada por este.»

Once. Engádesse un novo artigo 21 ter co seguinte contido:

«Artigo 21 ter. *Medidas para garantir a convivencia e a seguridade nos centros de protección á infancia e á adolescencia.*

1. As medidas adoptadas para garantir a convivencia e a seguridade nos centros de protección á infancia e á adolescencia consistirán en medidas de carácter preventivo e de desescalada, e tamén se poden adoptar, excepcionalmente e como último recurso, medidas de contención física do menor.

Prohíbese a contención mecánica, consistente na suxeición dunha persoa menor de idade ou a unha cama articulada ou a un obxecto fixo ou ancorado ás instalacións ou a obxectos móbiles.

2. Toda medida que se aplique nun centro de protección á infancia e á adolescencia para garantir a convivencia e seguridade se rexerá polos principios de legalidade, necesidade, individualización, proporcionalidade, idoneidade, gradación, transparencia e bo goberno.

Así mesmo, a execución das medidas de contención rexeráse polos principios reitores de excepcionalidade, mínima intensidade posible e tempo estritamente necesario, e levaranse a cabo co respecto debido á dignidade, á privacidade e aos dereitos da persoa menor de idade.

3. As medidas de desescalada e de contención deberá aplicalas persoal especializado con formación en materia de dereitos da infancia e da adolescencia, así como en resolución de conflitos e técnicas de suxeición persoal.

4. As medidas de desescalada consistirán en todas aquelas técnicas verbais de xestión emocional conducentes á redución da tensión ou hostilidade do menor que se encontre en estado de alteración e/ou axitación con inminente e grave perigo para a súa vida e integridade ou para a doutras persoas.

5. As medidas de contención física poderán consistir na interposición entre o menor e a persoa ou obxecto que se encontra en perigo, a restrición física de espazos ou movementos e, en última instancia, baixo un estrito protocolo, a inmovilización física do menor por persoal especializado do centro.

Como medida excepcional e unicamente aplicable en centros de protección de menores con trastornos de conduta, a medida de contención física poderá consistir na suxeición dos pulsos do menor con equipamentos homologados, que se aplicará coas garantías previstas no artigo 28 desta lei.

6. As medidas de contención aplicadas nos centros de protección á infancia e á adolescencia deberán ser comunicadas con carácter inmediato á entidade pública e ao Ministerio Fiscal. Así mesmo, anotarase no libro de rexistro de incidencias, que será supervisado por parte da dirección do centro e no expediente individualizado do menor, que debe manterse actualizado.

A aplicación de medidas de contención requirirá, en todos os casos en que se faga uso da forza, a exploración física do menor por facultativo médico no prazo máximo de 48 horas, con expedición do correspondente parte médico.

7. As medidas de contención non poderán aplicarse a persoas menores de catorce anos, ás menores xestantes, ás menores até seis meses despois da terminación do embarazo, ás nais lactantes, ás persoas que teñan fillos e fillas consigo, nin a aqueles que se encontren convalecentes por enfermidade grave, salvo que da actuación daqueles poida derivar un inminente e grave perigo para a súa vida e integridade ou para a doutras persoas.

Corresponde ao director do centro ou persoa en que este delegase a adopción de decisións sobre as medidas de contención física consistentes na restrición de espazos e movementos ou a inmovilización do menor, que deberán ser motivadas e deberán notificarse, con carácter inmediato, á entidade pública e ao Ministerio Fiscal.»

Doce. Modifícase o artigo 27, que queda redactado como segue:

«Artigo 27. *Medidas de seguridade.*

1. As medidas de seguridade poderán consistir na contención do menor, no seu illamento provisional ou en rexistros persoais e materiais. As medidas de seguridade só poderán utilizarse unha vez fracasadas as medidas preventivas e de desescalada, que terán carácter prioritario.

2. As medidas de seguridade deberán ser aplicadas por persoal especializado e con formación en materia de dereitos da infancia e da adolescencia, resolución de conflitos e técnicas de suxeición. Este persoal só poderá usar medidas de seguridade cos menores como último recurso, en casos de intentos de fuga, resistencia activa que supoña unha alteración grave da convivencia ou unha vulneración grave aos dereitos doutros menores ou risco directo de autolesión, de lesións a outros ou danos graves ás instalacións.

3. Corresponde ao director do centro ou persoa en que este delegase a adopción de decisións sobre as medidas de seguridade, que deberán ser motivadas e deberán notificarse con carácter inmediato á entidade pública e ao Ministerio Fiscal, e poderán ser impugnadas polo menor, o Ministerio Fiscal e a entidade pública, ante o órgano xudicial que estea coñecendo do ingreso, o cal resolverá tras solicitar informe do centro e logo audiencia do menor e do Ministerio Fiscal.

4. As medidas de seguridade aplicadas deberán rexistrarse no libro de rexistro de incidencias, que será supervisado por parte da dirección do centro.»

Trece. Modifícase o artigo 28, que queda redactado como segue:

«Artigo 28. *Medidas de contención.*

1. As medidas de contención adoptaranse en atención ás circunstancias en presenza e na forma en que se establece nos números seguintes do presente artigo.

2. O persoal dos centros unicamente poderá utilizar medidas de contención despois de intentar a restauración da convivencia e da seguridade a través de medidas de desescalada.

3. A contención física só poderá consistir na interposición entre o menor e a persoa ou o obxecto que se encontra en perigo, a restrición física de espazos e movementos e, en última instancia, baixo un estrito protocolo, a inmovilización física por persoal especializado do centro.

Nos centros de protección específicos de menores con problemas de conduta, será admisible unicamente e con carácter excepcional a suxeición dos pulsos do menor con equipamentos homologados, sempre e cando se realice baixo un estrito protocolo e non sexa posible evitar por outros medios a posta en grave risco da vida ou da integridade física do menor ou de terceiros. Esta medida excepcional só poderá aplicarse polo tempo mínimo imprescindible, que non poderá ser superior a unha hora. Durante este tempo, a persoa menor de idade estará acompañada, presencialmente e de forma continua, ou supervisada de maneira permanente, por un educador ou outro profesional do equipo educativo ou técnico do centro.

A aplicación desta medida comunicarse de maneira inmediata á entidade pública, ao Ministerio Fiscal e ao órgano xudicial que estea coñecendo do ingreso.

4. A contención mecánica está prohibida nos termos establecidos no artigo 21 ter desta lei.»

Catorce. Modifícase o artigo 29, que queda redactado como segue:

«Artigo 29. *Illamento do menor.*

1. O illamento provisional dun menor mediante a súa permanencia nun espazo adecuado do que se impida a súa saída só poderá utilizarse en prevención de actos violentos, autolesións, lesións a outros menores residentes no centro, ao persoal deste ou a terceiros, así como de danos graves ás súas instalacións. Aplicarase puntualmente no momento en que sexa preciso e, en ningún caso, como medida disciplinaria.

2. O illamento non poderá exceder as tres horas consecutivas sen prexuízo do dereito ao descanso do menor. Durante o período de tempo en que o menor permaneza en illamento estará acompañado presencialmente e de forma continua ou supervisado de maneira permanente por un educador ou outro profesional do equipo educativo ou técnico do centro.»

Quince. Modifícase o artigo 30, que queda redactado como segue:

«Artigo 30. *Rexistros persoais e materiais.*

1. Os rexistros persoais e materiais levaranse a cabo co respecto debido á dignidade, á privacidade e aos dereitos fundamentais da persoa, co fin de evitar situacións de risco producidas pola introdución ou saída do centro de obxectos, instrumentos ou substancias que, por si mesmos ou polo seu uso inadecuado, poden resultar perigosos ou prexudiciais.

Utilizaranse preferentemente medios electrónicos.

2. O rexistro persoal e cacheo do menor efectuarao o persoal indispensable que requirirá, ao menos, dous profesionais do centro do mesmo sexo que o menor. Cando implique algunha exposición corporal, esta será parcial, realizarase en lugar adecuado, sen a presenza doutros menores e preservando en todo o posible a intimidade do menor.

3. O persoal do centro poderá realizar o rexistro das pertenzas do menor e poderá retirarlle aqueles obxectos que se encontren na súa posesión que poidan ser de ilícita procedencia, resultar danos para si, para outros ou para as instalacións do centro ou que non estean autorizados para menores de idade. Os rexistros materiais deberanse comunicar previamente ao menor sempre que non poidan efectuarse na súa presenza.»

Disposición derradeira novena. *Modificación da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil.*

Modifícanse os artigos 779 e 780 coa seguinte redacción:

«Artigo 779. *Carácter preferente do procedemento. Competencia.*

Os procedementos en que se substancie a oposición ás resolucións administrativas en materia de protección de menores terán carácter preferente e deberán realizarse no prazo de tres meses desde a data en que se iniciasen. A acumulación de procedementos non suspenderá o prazo máximo.

Será competente para coñecer destes o xulgado de primeira instancia do domicilio da entidade pública e, na súa falta ou nos supostos dos artigos 179 e 180 do Código civil, o tribunal do domicilio do adoptante.

Artigo 780. *Oposición ás resolucións administrativas en materia de protección de menores.*

1. Non será necesaria reclamación previa en vía administrativa para formular oposición, ante os tribunais civís, ás resolucións administrativas en materia de protección de menores. A oposición a estas poderá formularse no prazo de dous meses desde a súa notificación.

Estarán lexitimados para formular oposición ás resolucións administrativas en materia de protección de menores, sempre que teñan interese lexítimo e directo en tal resolución, os menores afectados pola resolución, os proxenitores, titores, acolledores, gardadores, o Ministerio Fiscal e aquelas persoas ás cales expresamente a lei lles recoñeza tal lexitimación. Aínda que non sexan demandantes poderán constituírse en parte en calquera momento no procedemento, sen que se retrotraian as actuacións.

Os menores terán dereito a seren parte e a seren oídos e escoitados no proceso conforme o establecido na Lei orgánica de protección xurídica do menor. Exercerán as súas pretensións en relación coas resolucións administrativas que os afecten a través dos seus representantes legais sempre que non teñan intereses contrapostos aos seus, ou a través da persoa que se designe ou que eles mesmos designen como o seu defensor para que os represente.

2. O proceso de oposición a unha resolución administrativa en materia de protección de menores iniciárase mediante a presentación dun escrito inicial en que o demandante sucintamente expresará a pretensión e a resolución a que se opón.

No escrito consignará expresamente a data de notificación da resolución administrativa e manifestará se existen procedementos relativos a ese menor.

3. O letrado da Administración de xustiza reclamará á entidade administrativa un testemuño completo do expediente, que deberá ser achegado no prazo de dez días.

A entidade administrativa poderá ser requirida para achegar ao tribunal, antes da vista, as actualizacións que se producen no expediente do menor.

4. Recibido o testemuño do expediente administrativo, o letrado da Administración de xustiza, no prazo máximo de cinco días, emprazará o demandante por prazo de dez días para que presente a demanda, que se tramitará conforme o previsto no artigo 753.

O tribunal ditará sentenza dentro dos dez días seguintes ao remate do xuízo.

5. Suprímese.

6. Se o Ministerio Fiscal, as partes ou o xuíz competente tiveren coñecemento da existencia de máis dun procedemento de oposición a resolucións administrativas relativas á protección dun mesmo menor, pedirán os primeiros e disporá o segundo, mesmo de oficio, a acumulación ante o xulgado que estea coñecendo do procedemento máis antigo.

Acordada a acumulación, procederase segundo dispón o artigo 84, coa especialidade de que non se suspenderá a vista que xa estivese sinalada se fose posible tramitar o resto de procesos acumulados dentro do prazo determinado polo sinalamento. En caso contrario, o letrado da Administración de xustiza acordará a suspensión do que tivese a vista xa fixada, até que os outros estean no mesmo estado, e realizará o novo sinalamento para todos con carácter preferente e, en todo caso, dentro dos dez días seguintes.

Contra o auto que denegue a acumulación poderán interperse os recursos de reposición e apelación sen efectos suspensivos. Contra o auto que acorde a acumulación non se dará recurso ningún.»

Disposición derradeira décima. *Modificación da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.*

A Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, queda modificada nos seguintes termos:

Engádesse un número novo, o 4, ao artigo 1, coa seguinte redacción:

«4. A violencia de xénero a que se refire esta lei tamén comprende a violencia que co obxectivo de causar prexuízo ou dano ás mulleres exerzan sobre os seus familiares ou achegados menores de idade as persoas indicadas no número primeiro.»

Disposición derradeira décimo primeira. *Modificación da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores.*

Modifícase a Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores, que queda redactada nos seguintes termos:

Un. Modifícase o artigo 4, que queda redactado como segue:

«Artigo 4. *Dereitos das vítimas e das persoas prexudicadas.*

O Ministerio Fiscal e o xuíz de menores velarán en todo momento pola protección dos dereitos das vítimas e das persoas prexudicadas polas infraccións cometidas polas persoas menores de idade.

De maneira inmediata serán instruídas das medidas de asistencia as vítimas que prevé a lexislación vixente, e o letrado da Administración de xustiza deberá derivar a vítima de violencia á oficina de atención á vítima competente.

As vítimas e as persoas prexudicadas terán dereito a comparecer e constituírse en parte no expediente que se incoe para o efecto, para o cal o letrado da Administración de xustiza as informará nos termos previstos nos artigos 109 e 110 da Lei de axuízamento criminal, e as instruírá do seu dereito a nomear dirección letrada ou instar o seu nomeamento de oficio en caso de seren titulares do dereito á asistencia xurídica gratuíta. Así mesmo, informaráas de que, de non constituírse en parte no expediente e non facer renuncia nin reserva de accións civís, o Ministerio Fiscal as exercerá, se corresponder.

Aqueles que se constituían en parte poderán desde entón tomar coñecemento do actuado e instar a práctica de dilixencias e canto ao seu dereito conveña. Sen prexuízo do anterior, o letrado da Administración de xustiza deberá comunicar ás vítimas e ás persoas prexudicadas, se constituísen ou non en parte, todas aquelas resolucións que adopten tanto o Ministerio Fiscal como o xuíz de menores, que poidan afectar os seus intereses.

En especial, cando o Ministerio Fiscal, en aplicación do disposto no artigo 18 desta lei, desista da incoación do expediente deberá inmediatamente pólo en coñecemento das vítimas e das persoas prexudicadas e faralles saber o seu dereito a exercer as accións civís que as asisten ante a xurisdición civil.

Do mesmo modo, o letrado da Administración de xustiza notificará por escrito a sentenza que se dite ás vítimas e ás persoas prexudicadas pola infracción penal, aínda que non se mostrasen parte no expediente.

Cando a vítima o sexa dun delito de violencia de xénero, ten dereito a que lle sexan notificadas por escrito, mediante testemuño íntegro, as medidas cautelares de protección adoptadas. Así mesmo, tales medidas cautelares serán comunicadas ás administracións públicas competentes para a adopción de medidas de protección, sexan estas de seguridade ou de asistencia social, xurídica, sanitaria, psicolóxica ou de calquera outra índole.

A vítima dun delito violento ten dereito a ser informada permanentemente da situación procesual do presunto agresor. En particular, no caso dunha medida, cautelar ou definitiva, de internamento, a vítima será informada en todo momento dos permisos e saídas do centro do presunto agresor, salvo naqueles casos en que manifeste o seu desexo de non recibir notificacións.»

Dous. Modifícase o artigo 59, que queda redactado como segue:

«Artigo 59. *Medidas de vixilancia e seguridade.*

1. As actuacións de vixilancia e seguridade interior nos centros poderán supor, na forma e coa periodicidade que se estableza regulamentariamente, inspeccións dos locais e dependencias, así como rexistros de persoas, roupas e pertenzas dos menores internados.

2. Poderanse utilizar exclusivamente os medios de contención que se establezan regulamentariamente para evitar actos de violencia ou lesións das persoas que cumpren as medidas previstas nesta lei, a si mesmas ou a outras persoas, para impedir actos de fuga e danos nas instalacións do centro ou ante a resistencia activa ás instrucións do persoal deste no exercicio lexítimo do seu cargo.

Só será admisible, con carácter excepcional, a suxeición dos pulsos da persoa que cumpre medida de internamento con equipamentos homologados, sempre e cando se realice baixo un estrito protocolo e non sexa posible aplicar medidas menos lesivas.

3. Prohíbese a contención mecánica consistente na suxeición dunha persoa a unha cama articulada ou a un obxecto fixo ou ancorado ás instalacións ou a obxectos mobles.

4. A aplicación de medidas de contención requirirá en todos os casos en que se faga uso da forza, a exploración física do interno por facultativo médico no prazo máximo de 48 horas, con expedición do correspondente parte médico.

5. As medidas de contención aplicadas nos centros deberán ser comunicadas con carácter inmediato ao xulgado de menores e ao Ministerio Fiscal. Así mesmo, anotarase no libro rexistro de incidencias, que será supervisado por parte da dirección do centro, e no expediente individualizado do menor, que debe manterse actualizado.»

Disposición derradeira décimo segunda. *Modificación do Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social.*

Engádese un número 19 ao artigo 8 do texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto, coa seguinte redacción:

«19. Incumplir as obrigacións establecidas no artigo 57.3 da Lei orgánica de protección integral da infancia e a adolescencia fronte á violencia.»

Disposición derradeira décimo terceira. *Modificación da Lei 41/2002, do 14 de novembro, básica reguladora da autonomía do paciente e de dereitos e obrigacións en materia de información e documentación clínica.*

Engádese un novo número 5 ao artigo 15 da Lei 41/2002, do 14 de novembro, básica reguladora da autonomía do paciente e de dereitos e obrigacións en materia de información e documentación clínica, nos seguintes termos:

«5. Cando a atención sanitaria prestada o sexa como consecuencia de violencia exercida contra persoas menores de idade, a historia clínica especificará esta circunstancia, ademais da información a que fai referencia este número.»

Disposición derradeira décimo cuarta. *Modificación da Lei 44/2003, do 21 de novembro, de ordenación das profesións sanitarias.*

A Lei 44/2003, do 21 de novembro, de ordenación das profesións sanitarias, queda modificada nos seguintes termos:

Un. Modifícase o número 1 do artigo 17, que queda redactado da seguinte maneira:

«1. Os títulos de especialista en Ciencias da Saúde serán expedidos polo Ministerio de Sanidade.»

Dous. Engádesse unha nova disposición transitoria sétima coa seguinte redacción:

«Disposición transitoria sétima. *Expedición de títulos de especialista en Ciencias da Saúde.*

Os procedementos de expedición de títulos iniciados con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2022 e aínda en curso seguirán sendo tramitados polo Ministerio de Universidades e, por tanto, os títulos serán expedidos por este último.»

Disposición derradeira décimo quinta. *Modificación da Lei 15/2015, do 2 de xullo, da xurisdición voluntaria.*

Modifícase a especialidade 4.^a do número 2 do artigo 18 da Lei 15/2015, do 2 de xullo, da xurisdición voluntaria, que queda redactada como segue:

«4.^a Cando o expediente afecte os intereses dunha persoa menor de idade ou persoa con discapacidade, practícaranse tamén no mesmo acto ou, se non for posible, nos dez días seguintes, as dilixencias relativas aos ditos intereses que se acorden de oficio ou por instancia do Ministerio Fiscal.

A autoridade xudicial ou o letrado da Administración de xustiza poderán acordar que a audiencia da persoa menor de idade ou persoa con discapacidade se practique en acto separado, sen interferencias doutras persoas, e deberá asistir o Ministerio Fiscal. En todo caso, garantírase que poidan ser oídas en condicións idóneas, en termos que lles sexan accesibles, comprensibles e adaptados á súa idade, madurez e circunstancias. Cando isto sexa necesario, solicitarase o auxilio de especialistas.

Do resultado da exploración redactará, en todo caso, acta o letrado da Administración de xustiza, en que expresará os datos obxectivos do desenvolvemento da audiencia e na cal reflectirá as manifestacións do neno, nena ou adolescente imprescindibles por significativas, e por isto estritamente relevantes, para a decisión do expediente, coidando de preservar a súa intimidade. Se isto ten lugar despois da comparecencia, darase traslado da acta correspondente ás persoas interesadas para que poidan efectuar alegacións no prazo de cinco días.

Tanto o Ministerio Fiscal no seu informe como a autoridade xudicial na resolución que poña fin ao procedemento deberán valorar motivadamente a exploración practicada.

No non previsto neste precepto, aplicarase o disposto na Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, de modificación parcial do Código civil e da Lei de axuízamento civil.»

Disposición derradeira décimo sexta. *Modificación da Lei orgánica 7/2015, do 21 de xullo, pola que se modifica a Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial.*

Modifícase a disposición transitoria sétima da Lei orgánica 7/2015, do 21 de xullo, pola que se modifica a Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, que queda redactada como segue:

«Disposición transitoria sétima. *Dilación do requisito de especialidade en Medicina Legal e Forense para o acceso ao corpo de médicos forenses.*

A especialidade en Medicina Legal e Forense, exixida no artigo 475 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, para acceder ao corpo de médicos forenses, non será requisito obrigatorio até que así o determine o Ministerio de Xustiza, unha vez que conclúa a súa formación polo sistema de residencia ao menos a primeira promoción destes especialistas e se desenvolvese a vía extraordinaria de acceso ao dito título segundo o procedemento regulado no real decreto que desenvolva o acceso a esta especialidade polo sistema de residencia.»

Disposición derradeira décimo sétima. *Creación do Consello Estatal de Participación da Infancia e da Adolescencia.*

O Goberno, no prazo de seis meses desde a aprobación desta lei, procederá á creación do Consello Estatal de Participación da Infancia e da Adolescencia, de modo que se garanta o exercicio efectivo do dereito de participación na formulación, aplicación e avaliación de plans, programas e políticas nacionais que afectan os nenos, nenas e adolescentes.

Disposición derradeira décimo oitava. *Título competencial.*

A presente lei orgánica dítase ao abeiro do previsto no artigo 149.1, 1.^a, 2.^a e 18.^a da Constitución española (en diante, CE), que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de regulación das condicións básicas que garantan a igualdade de todos os españois no exercicio dos dereitos e no cumprimento dos deberes constitucionais, nacionalidade, inmigración, emigración, estranxeiría e dereito de asilo, e bases do réxime xurídico das administracións públicas, respectivamente, e sen prexuízo das competencias que poidan desempeñar as comunidades autónomas, en virtude dos estatutos de autonomía que forman parte do corpo constitucional, que deberán respectarse en calquera caso. De maneira particular, os capítulos II, III, VII e IX do título III desta lei orgánica entenderanse sen prexuízo da lexislación que diten as comunidades autónomas en virtude das súas competencias en materia de política familiar, asistencia social e deporte e lecer.

Non obstante, os artigos 13 e 14 e a disposición derradeira sétima dítanse ao abeiro das competencias que corresponden ao Estado en materia de administración de xustiza e lexislación procesual, sen prexuízo das necesarias especialidades que nesta orde deriven das particularidades do dereito substantivo das comunidades autónomas, de conformidade co previsto nas epígrafes 5.^a e 6.^a do artigo 149.1 CE.

As disposicións derradeiras primeira e décimo quinta dítanse ao abeiro das competencias do Estado sobre lexislación procesual, sen prexuízo das necesarias especialidades que nesta orde deriven das particularidades do dereito substantivo das comunidades autónomas, de conformidade co previsto polo artigo 149.1.6.^a CE.

A disposición derradeira terceira dítase ao abeiro da competencia que o artigo 149.1.6.^a CE atribúe ao Estado sobre lexislación penitenciaria.

A disposición derradeira sexta dítase ao abeiro da competencia que o artigo 149.1.6.^a CE atribúe ao Estado sobre lexislación penal.

A disposición derradeira décimo primeira dítase ao abeiro das competencias que o artigo 149.1.6.^a CE atribúe ao Estado sobre lexislación penal, procesual e penitenciaria.

A disposición adicional sexta dítase ao abeiro das competencias estatais que o artigo 149.1.5.^a CE atribúe ao Estado sobre administración de xustiza.

A disposición adicional novena dítase ao abeiro do artigo 149.1.17.^a da CE.

Os capítulos IV e V do título III dítanse ao abeiro do artigo 149.1.30.^a CE, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre normas básicas para o desenvolvemento do artigo 27 CE.

O capítulo VI do título III e as disposicións derradeiras décimo terceira e décimo cuarta dítanse ao abeiro do artigo 149.1.16.^a CE, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre bases e coordinación xeral da sanidade, respectando, en todo caso, as competencias atribuídas ás comunidades autónomas neste ámbito polos seus respectivos estatutos de autonomía.

O capítulo X do título III dítase ao abeiro do artigo 149.1.29.^a CE, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre seguridade pública, sen prexuízo da posibilidade de creación de policía polas comunidades autónomas na forma que se estableza nos respectivos estatutos no marco do que dispoña unha lei orgánica.

O artigo 55, así como as disposicións derradeiras cuarta, décimo sexta e vixésima dítanse ao abeiro do artigo 149.1.5.^a CE, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre Administración de xustiza.

O capítulo II do título V e a disposición derradeira décimo segunda dítanse ao abeiro do artigo 149.1.7.^a CE, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre lexislación laboral, sen prexuízo da súa execución polos órganos das comunidades autónomas.

A disposición derradeira segunda dítase ao abeiro do artigo 149.1.8.^a CE, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre lexislación civil, sen prexuízo da conservación, modificación e desenvolvemento polas comunidades autónomas dos dereitos civís, forais ou especiais, alí onde existan.

A disposición derradeira quinta dítase ao abeiro do artigo 149.1.27.^a CE, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre as normas básicas do réxime de prensa, radio e televisión e, en xeral, de todos os medios de comunicación social, sen prexuízo das facultades que no seu desenvolvemento e execución correspondan ás comunidades autónomas.

Disposición derradeira décimo novena. *Carácter ordinario de determinadas disposicións.*

A presente lei ten o carácter de lei orgánica, a excepción dos artigos 5, 6, 7 e 8 do título preliminar; dos artigos 10, 11, 12, 13 e 14 do título I; dos títulos II, III e IV; dos artigos 57 a 60 do título V; así como das disposicións adicionais primeira, segunda, terceira, cuarta, quinta, sexta e novena e das disposicións derradeiras primeira, segunda, quinta, sétima, novena, décimo segunda, décimo terceira, décimo cuarta, décimo quinta e décimo novena.

Disposición derradeira vixésima. *Especialización dos órganos xudiciais, da fiscalía e dos equipos técnicos que presten asistencia especializada aos xulgados e tribunais.*

1. No prazo dun ano contado desde a entrada en vigor desta lei, o Goberno remitirá ás Cortes Xerais os seguintes proxectos de lei:

a) Un proxecto de modificación da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, dirixido a establecer, a través das canles previstas na citada norma, a especialización tanto dos órganos xudiciais como dos seus titulares, para a instrución e axuízamento das causas penais por delitos cometidos contra persoas menores de idade. Tal especialización realizarase en prol dos principios e medidas establecidos na presente lei. Con este propósito formularase a inclusión de xulgados de violencia contra a infancia e a adolescencia, así como a especialización dos xulgados do penal e as audiencias provinciais. Tamén serán obxecto de adaptación, no mesmo sentido, as probas selectivas que permitan acceder á titularidade dos órganos especializados, sen prexuízo do disposto no artigo 312.4 da citada Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo.

Do mesmo modo, o mencionado proxecto de lei orgánica disporá as modificacións necesarias para garantir a especialización dentro da orde xurisdiccional civil en infancia, familia e capacidade.

b) Un proxecto de lei de modificación da Lei 50/1981, do 30 de decembro, reguladora do Estatuto orgánico do Ministerio Fiscal, para os efectos de establecer a especialización de fiscais no ámbito da violencia sobre a infancia e a adolescencia, conforme o seu réxime estatutario.

2. As administracións competentes regularán en idéntico prazo a composición e funcionamento dos equipos técnicos que presten asistencia especializada aos órganos xudiciais especializados en infancia e adolescencia, e a forma de acceso a estes de acordo cos criterios de especialización e formación recollidos nesta lei.

Disposición derradeira vixésimo primeira. *Desenvolvemento normativo e execución da lei.*

Autorízanse o Consello de Ministros e os titulares dos ministerios de Dereitos Sociais e Axenda 2030, de Xustiza e de Interior, no ámbito das súas competencias, para ditar cantas disposicións regulamentarias sexan necesarias para o desenvolvemento desta lei, así como para acordar as medidas necesarias para garantir a súa efectiva execución e implantación.

Disposición derradeira vixésimo segunda. *Adaptación normativa.*

No prazo dun ano a partir da entrada en vigor da lei, deberanse adecuar a esta as normas reguladoras estatais, autonómicas e locais que sexan incompatibles co previsto nesta lei.

Disposición derradeira vixésimo terceira. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante esta lei complétase a incorporación ao dereito español dos artigos 3, números 2 a 4, 6 e 9, parágrafos a), b) e g) da Directiva 2011/93/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de decembro de 2011, relativa á loita contra os abusos sexuais e a explotación sexual dos menores e a pornografía infantil e pola que se substitúe a Decisión marco 2004/68/JAI do Consello.

Disposición derradeira vixésimo cuarta. *Procedemento para a determinación de idade.*

O Goberno, no prazo de doce meses desde a aprobación desta lei, procederá ao desenvolvemento normativo do procedemento para a determinación da idade dos menores, de modo que se garanta o cumprimento das obrigacións internacionais contraídas por España, así como a prevalencia do interese superior do menor, os seus dereitos e a súa dignidade.

Disposición derradeira vixésimo quinta. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado». Non obstante, o previsto nos artigos 5.3, 14.2, 14.3, 18, 35 e 48.1.b) e c) producirá efectos aos seis meses da entrada en vigor da lei.

O previsto na disposición derradeira décimo cuarta producirá efectos a partir do 1 de xaneiro de 2022.

Por tanto,
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 4 de xuño de 2021.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,
PEDRO SÁNCHEZ PÉREZ-CASTEJÓN